

AUNIOS

N.º 9

Agosto 2004

XACOBEO

ASOCIACIÓN CULTURAL-GASTRONOMICA

Pineiróns



ASOCIACIÓN CULTURAL - GASTRONÓMICA "Pineiróns"

Con obxecto de adapta-los Estatutos á Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, no mes de maio do ano en curso, celebramos Asemblea Xeral de Socios co fin de reestructurar a Xunta Directiva de acordo coas normas actuais. Con unánime aprobación quedou constituída do seguinte xeito:

Presidente	Laureano Mayán Taboada
Vicepresidente	Celestino Pardellas de Blas
Secretaria	M ^a de los Ángeles Braga Ferrer
Tesoureira	Ramona Braga Ferrer
Vocal 1 ^o	Eugenio Ogando Dopazo
Vocal 2 ^a	M ^a de los Ángeles Mayán Braga

Proxectos para o 2004

- Edición da revista AUNIOS Xacobeo nº 9
- Exposicións Fotográficas
- Biblioteca Itinerante
- Actividades e intercambios con outras Asociacións
- Organización de actividades culturais
- Peregrinación Ano Santo 2004
- Xuntanzas gastronómicas en colaboración con outras asociacións
- Organización de Conferencias, Charlas, Proxeccións, Diaporamas,...
- Excursións didáctico- culturais
- Outras.



Aunios

Nome co que Plinio "El Viejo" denominou a unha das Illas Cassitérides o Illas do Estaño e que se identifica coa Illa de Ons.

Pineiróns

Nome que provén da composición de Pineira (*molusco gasterópodo de fermoso anacarado que se da nas nosas augas e coñecido cientificamente como Haliotis tuberculata e popularmente como Orella de mar*) e Ons (*Illa Atlántica que defende a Ría de Pontevedra*).

SAÚDA DO PRESIDENTE

Cumprimos, no pasado mes de xuño, seis anos. Tempo no que, ó noso entender, conseguimos tódolos obxectivos que, dende o seu nacemento, nos marcamos.

A proliferación de Asociacións de tipo cultural, o que mostra unha grande preocupación polo desenrolo, promoción e potenciación da nosa cultura, lévanos a soste un amplísimo abano de relacións ás que, en moitas ocasións, non podemos corresponder como quixeramos, por mor, en particular, a dúas razóns fundamentais: Tempo e economía.

A pesar de que a nosa Asociación non ten fins lucrativos e as nosas actividades son gratuítas, tentamos, na medida das nosas posibilidades, a colaboración con todas aquelas Asociacións que nolo demandan.

O traballo é duro e laborioso e os logros económicos, moitas veces, non acompañan ás nosas intencións... elo non obstante, énchenos de fortaleza e ilusión para continuar proporcionando momentos de ilusión e ledicia, en particular a todas aquelas persoas que teñen saudade da súa querida Galicia e que atopan en AUNIOS un bálsamo á súa morriña.

FESTA DOS MAIOS NA ILLA DE ONS (2004)

Continuando fieis á tradición, este ano volvemos a celebrar esta festa que, gracias á bondade do tempo, puido celebrarse o propio día primeiro de maio.

Como xa se esperaba, o feito de que a Illa de Ons fora declarada parte integrante do primeiro Parque Nacional galego, impediu a obtención do material que integra o maio: flores e fiúncho. Material que houbo de conseguirse na península e que orixinou diversos problemas por mor ós compromisos laborais que os membros da Asociación, como é lóxico, teñen contraídos e que impedían o poder fixar unha data determinada para cometer o traballo correspondente.

O tempo foi un aliado e a Illa recibiu gran cantidade de público, destacando a presenza de numerosos portugueses que mostraron a súa estrañeza e admiración pola festa que non coñecían.

Nesta oportunidade, as coplas centráronse en temas relacionados coas "Eleccións xerais", "Fútbol" e "Restriccións na Illa".

Unha nova e bela xornada que non incentiva a continuar manténdoa.

RELACIÓNS CON OUTRAS ASOCIACIÓNS

O espectacular crecemento, en número, de asociacións culturais lévanos a soste unha, cada vez, máis ampla relación con ditos colectivos. Correspondencia, intercambios e conferencias sufriron un notable incremento e levounos a relacionarnos con numerosos pobos da nosa terra, en especial, ó carón do mar.

O intercambio de publicacións, algo que afrontamos sempre con orgullo e satisfacción, é actualmente e en moitos casos, imposible, o enorme custo que supón a edición da nosa revista, cunha tirada moi limitada, impídenos cumprir como o desexariamos, de aí que confiamos se fagan eco das nosas dificultades para poder cumprimentar a todos os que nola están a requirir, pero agradecemos, vivamente, o seu interese.

RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Constitúen parte fundamental na difusión das nosas actividades. A súa altruísta colaboración merece o

noso máis profundo agradecemento que expresamos dende estas columnas a : Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Diario de Arousa, A Ría, Galvisión, Radio Pontevedra, Televisión de Galicia,...

XUNTANZAS GASTRONÓMICAS

Requiridos por outras asociacións co obxectivo de realizar conxuntamente actividades e intercambiar impresións sobre o que imos realizando ó longo do ano, tan só tivemos oportunidade de celebrar unhas fermosas xornadas de convivencia con algunhas delas.

Así compartimos mesa e mantel con outros colectivos, degustando a succulenta Lamprea, en Salvaterra do Miño, realizando antes unha chea de actividades e recibindo ampla e detallada información



"Festa do Maio, 2004"

desta antiga e fermosa vila.

Coñecemos con detalle, asemade, o fermosísimo lugar de Monçao (Portugal) no que puidemos degustar os seus impresionantes caldos e o famoso "Chourizo da Serra" sabiamente cortado polo noso experto en embutidos Juan Iglesias.

Inesquecible xornada a vivida en San Cibrán das Viña (Ourense) onde en compañía de membros de asociacións gastronómicas locais, así como doutras pertencentes a colectivos cataláns que alí se atopaban realizando actividades conxuntas, puidemos saborear a exquisita anguía ourensá e uns callos, preparamos polas mans expertas sa nosa socia Elvira. Posteriormente coñecemos as belas paisaxes que envolven o pobo.

Estamos a recibir un gran número de invitacións,

por parte de outras asociacións, e, aínda cando xoga na nosa contra o principal motivo, como é o poder concretar unha data para poñerse de acordo os compoñentes da nosa asociación que viven en distantes puntos da nosa terra, non nos pechamos a ningunha e confiamos que, no seu momento, poidamos cada cal manifestar con satisfacción e orgullo os nosos fins e obxectivos que só teñen como pretensión, promover e potenciar a nosa cultura.

VANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN

Con extraordinaria brillantez e emotividade, festexamos o noso "V Aniversario" elixindo como marco a Sociedade Liceo Casino de Marín cuxa Xunta Directiva concedeunos todo tipo de facilidades para que o evento puidese levarse a cabo.

O salón de actos da mencionada Sociedade acolleu a presenza de numerosísimo público, destacando a presenza de autoridades civís, militares e relixiosas, colaboradores, articulistas, anunciantes, simpatizantes, e socios e familiares.

A festa e entrañable xornada ofrecía tres actos:

- Presentación do nº 7 da nosa Revista AUNIOS
- Entrega de premios do "III Certame Literario de Relato Curto", no que tomaron parte gran número de xoves, e alumnos de diversos centros educativos da comunidade autónoma
- Una Exposición Fotográfica sobre a Illa de Ons.

A xornada finalizou con a entrega d revista a tódolos asistentes que compartiron logo un viño español e en onde nos mostraron a súa admiración polo traballo que estamos desenrolando e o seu ánimo para continuar nesta difícil, complicada e case nunca ponderada laboría.

III CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO (AUNIOS)


A nosa Asociación, dende o seu nacemento fai 5 anos, ven desenrolando unha serie de actividades

culturais, entre as que temos que destacar a organización dun CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO, tamén denominado AUNIOS, co que queremos motivar, animar e incorporar ós rapaces e mozos entre os 10 - 30 anos, ó mundo da escritura, da investigación e da literatura.

Este pasado ano correspondeu ó III Certame que, nesta edición acadou un máis que interesante éxito, en especial, entre os rapaces de 10 ós 15 anos gracias, todo hai que dicilo, á colaboración que tivemos dos mestres de primaria e da ESO.

Neste III Certame o nivel acadado, para a idade dos participantes é óptimo e, temos tamén que dicir, que vai superándose cada ano. Presentáronse ó redor de 70 traballos.

Os premiados foron os seguintes:



"Presentación de AUNIOS nº 7 e III Certame Literario"

- 1º Premio: María Esperanza Acuña Torres, polo traballo "UXÍA", baseado no Camiño Portugués a Santiago.
- 2º Premio: Andrea Fernández Barros. Polo seu traballo "CRUCEIROS, ENCRUCILLADAS E PETOS DE ÁNIMAS".
- 3º Premio: Alba Besada Uhía, polo seu conto "A CADELADAS NOVE OLAS"


Queremos aquí agradecer a ilusión posta por tódolos participantes, os seus profesores, pais e a

inestimable colaboración da Consellería Xuventude.

EDICIÓN DA REVISTA CULTURAL "AUNIOS"

REVISTA AUNIOS nº 7

No mes de xuño vía a luz a revista número 7 que correspondía á celebración do noso 5º aniversario. Por mor desta circunstancia foi máis ampla do normal con 100 páxinas entre as que destacamos ás dedicadas ás Illas Atlánticas debido á súa declaración como Parque Nacional.



Varios artigos están dedicados á Illa de Ons, Illas Cíes, Illa de Sálvora e Illa de Cortegada, tocando diferentes aspectos delas e escritos por Celestino Pardellas e Santos Pena sobre Ons, Lino Pazos sobre Cortegada, Estanislao F. Cigoña sobre Cíes, García Carragal sobre Tambo, Fernández Soutullo sobre

Sálvora e Antonio de la Peña sobre A máis antiga ocupación humana das Illas Atlánticas.

Dentro da parte gastronómica contamos cun artigo do noso gastrónomo etnográfico Xavier Barreiro sobre os Fillos da Lubre na Tixola; outro de Guillermo Campos, experto gastrónomo galego que fala sobre a Lamprea y por último os rapaces do colexio das Bizocas que nos contan como era a Broa, o Saboroso Pan dos seus avós.

Diferentes aspectos de distintas vilas e cidades galegas as atopamos nos artigos de Laureano Mayán que nos fala da Escola Naval de Marín; de Torres Viqueira sobre o Xeito na Tradición Pesqueira Marinense; de García Vidal en relación á Vila de Noia; Pepy Clavijo sobre Pontevedra; de López-Doriga que relata unha curiosa historia sobre o Cárcere Vello de Vigo; Cobo Area tamén falándonos sobre Marín.

No apartado de mitoloxía e historias populares temos o traballo de Aparicio Casado sobre Mitoloxía Popular; Calo Lourido sobre Inventarios "Post Morten" e as Preocupacións Escatolóxicas; de Jose Mosquera que fala da Gallaecia; José Manso sobre a

Seitura e a Malla na Limia.


Outros traballos son os realizados por E.V. Calo co seu Recanto Literario; Carlos Portela sobre a aventura do barco Croos; de Teresa Moure sobre o Mosteiro de San Cibrán de Calogo; de Isidro Malet que fai unha Parada no Camiño cara a Santiago; e Jose Miguel Besada sobre a aventura do barco "Novo Emden".

A revista foi presentada no Liceo Casino de Marín no mes de xuño, coincidindo cunha Exposición Fotográfica sobre a Illa de Ons con fotos dos anos 60 e 70.

REVISTA AUNIOS XACOBEO nº 8

A Asociación cultural "Pineiróns" está inscrita no Rexistro de Asociacións Promotoras do Camiño de Santiago, e sigue realizando unha chea de actividades relacionadas con este eido, entre as que está a edición dunha revista con temática do Xacobeo e dos pobos que a circundan.

Neste nº 8, Laureano Mayán nos fala das Supersticións. Isidro Malet fai o Epílogo á Heráldica do Camiño. Pepy Clavijo nos leva ata Vilaboa, dentro do Camiño Portugués. José Manso sigue peregrinando cara a Compostela e recordando os oficios da súa Limia natal, neste número nos fala dos Cesteiros e os



Fiadeiros. Lino Pazos nos adentra ó Convento de San Antonio na Pobra do Caramiñal. Pablo Pérez fai unha descrición de Xacobe dos Camiños. Esperanza Acuña nos presenta o conto Uxía, baseado no camiño e co que foi a gañadora do III Certame Literario. Fernández da Cigoña cóntanos a sorprende peregrinación de Teresa Domínguez Barreiro. Xavier Barreiro entra na revista cos Trasnos de Compostela. Teresa Moure nos fala da imaxe gótica de Santiago Apóstolo do Museo Nacional de Arte de Cataluña e por último Manuel Posada nos fala da Orixe da Expansión dos Galegos no Mundo.




ANO SANTO E COMPOSTELA

Por: Pepy Clavijo

De novo é ano santo e as peregrinacións chegarán a Santiago por terra e por mar. Son numerosos os homes e mulleres que, partindo de diversos puntos, van a concorrer na Praza do Obradoiro, subián as escaleiras, daranse os tres “croques” e irán a facer cola para apertar

ó Apóstolo; algúns oirán a misa de doce con devoción, outros serán meros espectadores, sentados nos bancos ou aguantando de pé, seguindo as evolucións do botafumeiro. Antes darían berros de alborozo ó divisar a inesquecible silueta das torres da Catedral. Os que na antigüidade viñan ó traveso dos montes, ó



contemplant o Pico Sacro dicían: “*Pico Sacro, Pico Sacro, hoy te miro, mañana te paso*” e é que xa se sentían en Santiago.

Hai numerosas lendas situadas ó longo do Camiño, entre elas están:

- “A raíña santa”. Que ten unha rúa co seu nome en Santiago. Uns din que se refire a Dona Urraca pero outros inclínanse por Isabel de Portugal, a raíña que viaxou de incógnito e hospedouse nun hospital desta rúa. Era sobriña de Santa Isabel de Hungría. Con 14 anos casárona con Don Dinís, rei portugués. O seu matrimonio foi un puro calvario pero ela levou con exemplaridade intachable os desprezos que recibiu incluso do seu marido. Peregrinou a Santiago dúas veces, a primeira en 1325 e a segunda once anos

despois. Pola súa bondade se lle chamou “*Ángel de Paz*”.

Atribúeselle o milagre de converter os alimentos, que levaba agochados, en rosas, cando lle preguntaron que era o que ocultaba. Destinábaos ós pobres e famentos.

- Outra lenda é a tan coñecida do “Gallo de Barcelos”. Din que un peregrino é condenado á forca. Como última vontade pediu ver ó xuíz que o condenara inxustamente. Pediu outra vez clemencia e o xuíz díxolle que a súa desculpa era tan falsa coma que o gallo que estaba comendo cantaría. De súpeto o gallo comezou a cubrirse de plumas e vivos cores e ... cantou, aínda que hai diversas variantes dese milagre do señor Santiago.

- Outra é a recollida por Castelao na súa viaxe a Bretaña. Nela cóntase que o clérigo Juan Derrién estaba durmindo no seu leito de plumas cando se lle apareceu a súa nai que lle dixo que non cumprira a promesa que ela fixera a Santiago, de ir a visitalo, e agora a súa alma vivía en estado penoso. El prometeulle que iría a cumprila no seu lugar.

Polo camiño atopouse cun home que lle obrigaba



a renunciar da súa fe ou o tiraría ó mar. Non renunciou e viuse en medio do Océano. Clamou axuda a Santiago e este escoitoulle, transportándoo á Catedral onde di unha misa. Durante a misa ve á súa nai xa liberada da promesa.

Tamén pide ó Apóstolo que o traslade ó seu país a cambio dun estandarte branco con sete campañas, unha lámpada de ouro, ornamentos de altar e unha misa cada venres. Ó rematar a súa petición apareceu na porta da súa casa e alí expirou.


- Tamén está a lenda de Jean de Tournai, un comerciante flamenco que



peregrinou a Santiago en compañía do cura de Guillaume. Polo camiño vai descubriendo costumes moi sorprendentes, por exemplo a falla de latrinas. Sobre isto comenta: *“En este país hacen sus necesidades en todas partes, cosa ciertamente infame”*.

A súa sorpresa é cando, ó chegar á catedral, un cura lle di que. *“si alguien cree que el cuerpo que se halla en el altar mayor no es el de Santiago, ha hecho la peregrinación en vano”*. O comerciante recorda que o corpo tal vez estivese en Toulouse, pero soluciónao doadamente e di: *“El cuerpo en Toulouse pero la cabeza está en Santiago”*, e eu o creo así.

Ademais de múltiples lendas existen poemas dedicados a Santiago e ó Camiño, así como tamén ó botafumeiro:



Sombra. La aromada cueva del templo; su nube eleva el incienso. Los haceros ardiendo como floreros de llamas.

(Ramón de Bastera)

Rosalía escribe referíndose ó Pórtico da Gloria:

Santos e apóstoles ¡védeos! Parece
Qu'os labios moven, que falan quedo
os uns c'os outros, e aló n'altura
d'ó ceu a música vai dar començo
pois os gloriosos concertadores
tempran risoños os instrumentos.

Agustín de Forxá di:

Un preludio de novia en las tardes
y en la casa de enfrente, mirador de cristal.
Mientras, ríen las gárgolas y relucen las losas
y las viejas marchitas van a la catedral.

Tamén Federico García Lorca deixou nos versos dedicados a Santiago:

Chove en Santiago
meu doce amor
camelia branca do ar
brila entrebrecido o sol.

E ata Rubén Darío fala dos apóstoles da porta Santa:

Y fueron castos por dolor y fe
y fueron pobres por la santidad
y fueron obedientes, porque fue
su reina de pies blancos, la humildad.

Gerardo Diego:

Y se oía
junto a Gelmírez, por las Platerías
la ronda de los ángeles
lo, estaba oculto
entre las sombras de los soportales.

E para rematar os versos de Gutiérrez Albelo:

Mano que da fe, en el aire,
y rubrica con sus trazos
de alegría este pasaje
del portentoso legajo.
Mano seca, florecida
mi verso te da la mano.

VOU A SANTIAGO

Camiñaba a Santiago
un día de Primavera,
ía con paso cansado
pero contenta e risoña.

Camiñaba entre os montes,
duro facíase o camiño
poucos serían os goces
deste pobre peregrino.

Camiñaba contemplando
as árbores do sendeiro
pensando ía en Santiago
e no seu navío pétreo.

Camiñaba, camiñaba
pola ruta portuguesa
xa me atopaba en España,
atrás quedaba Valença.

Dende tui fun a O Porriño,
dende alí a Vilaboa
¡que duro faise o camiño!
pero... debo seguir agora.

Cun pouco de traballo
xa pasei Pontevedra,
nas costas cara abaixo
vou feliz e vou contenta.

As torres xa divisei,
por tanto xa queda pouco
para ver a Santiago,
para prostrarme de fionllos.

Por fin as escaleiras subo
e vexo o altar Maior
entre cortinas de fume
que envolven o meu Señor

Señor Santiago
cheguei a ti,
a gañar o Ano Santo
... algo te vou pedir.

Pepy Clavijo



JULIO CÉSAR E O SEU PERIPLO NÁUTICO EN AUGAS GALEGAS


Por: J. M^a Mosquera G.


Nace no ano 100 a. de C. e é asasinado nos idus de Marzo do 44. Dicía que a súa familia descendía da deusa Venus e do rei Anco Marcio. É o primeiro persoeiro biografiado por Suetonio na súa obra "La vida de los Césares" que o describe coma un home dotado de grandes dotes, gandes virtudes e grandes vicios. Sobre a súa vida existen incontables relatos, ficticios uns, reais outros, pero do conxunto deles despréndese que foi un dos vida existen incontables relatos, ficticios uns, reais outros, pero do conxunto deles despréndese que foi un dos maiores e máis polifacéticos persoeiros que fixeron historia universal. Apresado polos piratas, César dicíalles que el valía moitos máis do que pedían polo seu rescate e ademais que os crucificaría unha vez fose ceibe, ameaza que os piratas tomaron a broma. Rescatado co pago de cincuenta talentos, César merca naves e inicia a persecución dos seus captores e non se deu tregua ata colgalos e despois crucificalos, segundo o prometido.

O seus inimigos políticos, acaso aqueles de menor enxeño, mortificano pola calvicie que dende a pubertade ocultaba cos poucos pelos que lle quedaban. Calounos cando o Sena do lle deu o dereito, por decreto, de cingirse constantemente unha coroa de loureiro. Outros acúsano de levar unha vida licenciosa como "o marido de tódalas mulleres e a muller de tódolos maridos", pero parece ser que a César, as acusacións sobre este temario traíanlle sen coidado. Casou tres veces e tivo relacións amorosas con moitas raíñas e damas da nobreza. Dos seus amores con Cleopatra naceu un fillo, Cesarión, ó cal recoñeceu, saltándose tódalas regras, causando un gran escándalo político e social. Como soldado pasou a formar parte da elite de xenios da escala militar, pola súa gran visión estratéxica e polos acertos tácticos nas batallas, deixándonos constancia diso. "De bello civili" compúñase de tres libros que narran as loitas sostidas contra Pompeyo pero as últimas campañas foron escritas por autores anónimos. Este labor literario foi criticado no seu tempo como deformadora da verdade pois daba a aparencia de que César estivo sempre de parte da orde, da xustiza e da constitución republicana. Desgraciadamente non consta a existencia de ningún escrito persoal seu sobre as campañas contra os lusitanos nin do seu periplo náutico polas rías galegas que tanto beneficio aportaron á súa carreira política.

César vai a España por primeira vez no ano 69 como cuestor da Ulterior, cuxo cargo principal era o de

recadador de impostos. Aquí entra en contacto con ricas familias romanas asentadas na Bética, nacente nel anhelos de grandeza que exterioriza en Cádiz ó ver, nun templo dedicado a Hércules, a estatua do conquistador Alejandro. Nesta cidade monta un cabalo indómito que tiña a particularidade de ter as pezoñas, segundo Suetonio, dixitadas ó igual que a man dun home. Este feito é considerado polos augures como o prognóstico dunha próspera fortuna para o seu xinete. César profesou grande cariño a este cabalo fundíndoo nunha estatua de bronce colocándoa diante dun templo. Á vista das actuacións seguidas por César nos destinos de cuestor e propretor da Ulterior, todos estes relatos tivo que crealos e expandido o mesmo César co ánimo de atraerse ós comerciantes béticos, entre os que estaban os Balbo, tío e sobriño, ricos banqueiros, que o mesmo Cicerón, no 56, sairá en defensa dos seus dereitos cidadáns e económicos no seu "Pro Balbo". Os amigos de César pñeno ó corrente do latrocinio que facían os lusitanos nas súas correrías ó longo e ancho do territorio bético e consecuentemente






todas estas tribos lusitanas terían que estar en posesión de enormes cantidades de ouro e prata. A ambición esporea a César xa que a súa carreira política quedaría facilitada se se apoderase desas riquezas, non só coa obrigación de aumentar o erario público senón tamén o seu propio para mercar a

vontade dos senadores e do pobo romano. Como se verá na segunda vida de César á península no 61, parece quedar claro que durante esta cuestura, César e os Balbo, desenrolaron un plan de operacións contra os lusitanos con inicio en Cádiz e final en Brigantium. O plan deberá ser executado polo propio César, mentres que os Balbo se encargarán do financiamento, recruta de tropas de apoio e creación dunha escuadra composta de grandes naves comerciais, adaptadas coma naves de combate e transporte de tropas, para embarcar nelas un grande botín de guerra e establecer, dunha vez por todas, o dominio romano sobre as vías de comunicación do comercio marítimo que viña realizándose dende séculos atrás ó longo da costa atlántica. É dicir, o plan modélase coma unha operación anfibia de conquista, de asentamento e de enriquecementos persoais.

Finalizada a cuestura no 68 e de volta a Roma, César entrégase á loita política con personaxes tales como Pompeyo e Craso, cos que formará o primeiro triunvirato. Terá que sortear a extraordinaria, ás veces intrigante, elocuencia dun Cicerón ou a insubornable dun Catón. Da conxuración de Catilina non sairá ilesa a súa reputación e incluso a súa vida correrá grave perigo. O feito é que, no 62, consegue ser nomeado pretor e cumprido o ano de mandato, é enviado de novo á Ulterior como propretor con mando en tropa. Comezaba así a execución do plan trazado anos atrás cos Balbo. Antes de poder saír de Italia, César, espléndido como era, estaba endebedado ó máximo e os acredores impedíanlle abandonar Roma. O propio César lamentábase dicindo que necesitaba moitos millóns para non ter nada. Gracias a que o avala Craso - rico herdeiro da fortuna que o seu pai

fixo en Cádiz comerciando por mar con Galicia pode César saír cara ó seu destino. Estando en camiño, contan que ó pasar por unha pobre aldea das Galias, falando cos amigos de se existiría a ambición entre aquelas miserables xentes, comentou que “preferiría se-lo primeiro nesta terra infeliz que o segundo en Roma”.

Chega por terra a Cádiz a mediados do 61 en onde se lle unen ás súas tres lexións as tropas reunidas polos Balbo. Inicia a subida, cuns vintecinco mil homes cara ó interior de Portugal e no monte Herminio (Serra da Estrela) inicia as escaramuzas cos lusitanos que se negan a vivir no val e dedicarse ós labores de labrantío e pastoreo en lugar de dedicarse a roubar ós seus veciños. Unha e outra vez os herminios foxen e enfróntanse ós romanos. Nunha destas fuxidas os herminios refúxianse nunha illa e algúns soldados de César desembarcan nela, pero son rexeitados e ó intentar reembarcar atopan as barcas afastadas da orela por subir a marea. Os soldados son mortos polos herminios



a excepción dun tal Lucio Esceva, que aínda ferido, fuxe e logra regresar a nado ó litoral onde César premia a súa fazaña. Este feito provocou nos historiadores un grande interese por saber de que illa se trata. As que se barallan como posibles son: Peniche, Cíes e Baiona. Peniche, o gran no nariz do contorno portugués, non é realmente unha illa, senón unha península pequena e plana, de 34 metros de altura, por 1 milla de ancho e 2 millas de longo en sentido leste - oeste. Está unida ó litoral por un istmo de area, dunha milla de longo por media de ancho, tan baixo

que o cobren as grandes mareas con ventos duros do sur e do norte. O seu extremo occidental acaba no cabo Carvoeiro. A cinco millas e media de Peniche atópanse as Berlingas, que hai que descartar pola súa lonxanía e carencia de auga. O mesmo que as máis afastadas de Farilhoes e as Estelas. De toda esta exposición debe seleccionarse a Peniche

como o refuxio dos herminios. ¿De onde saíron as embarcacións para levalos, se supoñemos que o fixeron en grande número e cos aprestos necesarios á situación? A corrente e a ondada do fondo son intensos e a isto hai que engadir o acoso dos seus perseguidores. O envío duns poucos lexionarios, parece indicar, por outro lado, que os refuxiados non eran moitos, polo que a reacción de César solicitando o auxilio da escuadra de Cádiz é improcedente a non ser que

con iso se buscasse un pretexto para seguir adiante coa seguinte parte do plan concibido.

As rochosas Cíes non poderían manter a un elevado número de refuxiados polos seus escasos recursos. Por último, a illa situada en Baiona sería o pequeno promontorio do castelo de Monte Real sen a actual franxa de area e por elo sonlle de aplicación consideracións similar es ás expresadas para Peniche. Estraña que os herminios elixisen tales refuxios para soportar un asedio, a non ser que o fixeran coa vontade, habitual naqueles tempos, de realizar un suicidio colectivo antes de converterse en escravos dos romanos. En consecuencia, debe entenderse que este feito debeu de ser de pouca monta, quizais unha pequena escaramuza, pero que os xenerais romanos se compracían en esaxeralos nos seus partes oficiais co fin de seguir mantendo a atención e recoñecemento de roma e gañar os honores do trunfo.

Concluída esta fase de sometemento co envío da escuadra gaditana, César embarca nunha das naves e entra polas rías galegas, pacificando e asentando tropas. Tres cepos de chumbo, de 200 quilos de peso cada un, pertencentes áncoras romanas, atopáronse nas proximidades da costa de Bueu. ¿Pertencerán a algunha nave deste periplo náutico de César? Quizais, algún día non moi remoto, alguén se interese polo asunto.



As tribos galegas van confluindo cara o norte á espera de presenta a grande batalla en Brigantium, rica


cidade e emporio do estano. Non se sabe con exactitude se parte do exercito cesariano confluía por terra cara Brigancio. As fontes din que era o embarcado na escuadra o encargado de baterse, pois o seu xeneral ía nel.

Na espera, as tropas indíxenas escoitan un grande clamor procedente da costa producido polos berros dos

remeiros e dotacións embarcadas seguindo o compás que marca o cómitre. Ó aparecer pola boca de acceso grande número de naves e ademais de gran tamaño, as tribos galaicas entenden que o prudente é non combater a tan forte inimigo e sabiamente o reciben con grandes mostras de amizade. César, como fixeron e farán sempre os conquistadores, intercambia bagatelas - hoxe en día son chokolatinas - por ouro e dálles o trato de aliados de Roma.

César retorna á metrópole a mediados do 60, incluso sen esperar relevo. Nun ano, converteuse nun home rico. De volta a roma a imaxe de César é a dun home seguro de si mesmo. Con prodigalidade excesiva obtén o seu primeiro consulado, produce un golpe de estado co triunvirato, despois conquista as Galias, logo é corresponsable dunha guerra civil, chega a dictador perpetuo, incluso a ser un pouco emperador pero non chega a ser rei por culpa dos idus de Marzo do ano 44. César pecha coa súa morte a época republicana e abre a imperial con Augusto, o seu herdeiro. Todo isto o conseguiu no seu periplo náutico por augas galegas. Nin máis nin menos.





RECUNCHO LITERARIO

LATEXOS DE SOIDADE (Poema breve)

Por: Joaquín Cobo Area

Camiño de pedras sementado
que percorre a beira
dun río que secou;
seixos e petóns nun carreiro
antonte frondosa ribeira
onde o freixo medrou,
as xestas e o loureiro...

Río que brotou dunha fonte
Baixo do branco e frío neboeiro
e que un día correu
pola fértil vagoada, cantareiro,
rumoroso, ledoo...
agora sen auga, seco... ¡quedo!
esgotado manancial
onte fresco e abundante,
hoxe... baleiro e frío leito
con moita escuridade por diante;
apagado sol sen sombra,
recuncho sen socaire,
e no encollido e canso peito
nin folgo nin aire...

Sendeiro que comezou
nun fermoso amencer
e cheo de pranto e dor
vai morrer
neste xélido e triste solpor;
verea que empezou na miña porta
para achegarse a túa
senda que xuntos ollamos
co sol polo día, pola noite coa lúa..

Camiño de voltas e reviravoltas,
río que xa non vai nin vén,
auga que xa non lava a miña tristura,
corrente que xa non me devolve
as esquecidas lembranzas
nin me leva os ingratos recordos...

Camiño de mal axeitadas pedras,
pesado mais ca un carro de bois,
que me leva ben lixeiro
de tropezo en tropezo
caendo agora, erguéndome despois;
sendeiro que me aboca dereito
no perdido mar da soidade,
preto do camposanto
e da tristura do cadaleito;
camiño que, sen consorte,
privoume da vida
para engancharme...
¡na carreta da morte!...

Camiño que ben coñece
os morriñentos latexos
do meu doente corazón
que por ela morre... ¡adoece!
¡xa non está ó meu carón!;
nostalxia que me envolve
en escuras tebras
co negro pano da noite,
pois xa non alumean os teus ollos
as pedras deste camiño,
camiño con poucas rosas
e moitas espiñas velenosas;
apagouse a túa brillante luz
e brinca as miñas costas
a longa sombra dunha dura cruz...



Camiño vello que ten estragado
o seu primeiro encanto
esquecido o florecemento
dunha lonxana primavera
que o inverno queimou,
matando as cores e o canto
das aves e das flores;
xa non canta polo día a ra,
abandonaron, as aves, os niños,
fuxiron os paxariños
e os grilos do pracenteiro serán...

Camiño de longas laxes
cubertas de secas hedras
que o verán agostou;
río de serpes e pedras
que as miñas ansias arrastrou
e os meu desexos soterrou;
amarelas as verdes herbas,
espidas, sen follas, as flores,
baleiro corazón ser verbas,
fun quedando... ¡sen meus amores!;
secaron as frondosas árbores
e só quedan os toxos e as silveiras...

¡ Ai fogar de meu lecer,
xunto daquel río
que pasou pola miña casa!,
¡quén puidese volver a nacer!;
regato que xa non apaga
lume nin brasa
e orfa deixou a nosa herdanza;
sen millo nin trigo na eira,
muíño sen muiñeira...
e moi dentro da alma a ferida
dunha ben apuntada lanza;
eixido abafado polas estrugas,

e na engurrada faciana as engurras
dunha profunda anguria
que tan axiña chegou,
velenosa abeluria
¡que a miña alma matou!...

Camiño que tan longo rematou
co derradeiro paso dos teus pés
e que agora, ¡ai!, teño de andar...¡jó revés!;
camiño que canda ti morreu...
río que foi e xa non é... ¡pasou!;
queda na profundidade
dun val baleiro e sombrío
os apagados e doentes latexos
dun corazón tan morto como frío...
¡latexos de mortal soidade! .



POLOS CAMIÑOS MARÍTIMOS A COMPOSTELA

"LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS"

Por: José Posada

Inxeniero Técnico Industrial. Primer Eurodiputado Galego

OPINTOR

D. Manuel Feijút, nacido en Ourense, é descendente dos Feijúts, familia e tronco esgrévio, um dos quais foi D. Benito Jerónimo Feijoo, e ainda que, este nom é tam pelminha como o frade, herdou o seu genio e o gusto polo cocido e o vinho tinto.

O outro escribía e este pinta, e pinta tam bem, com tanto sentimento, que nom vende a sua produçom, porque lhe gosta de conservá-la, e di que o melhor cliente é ele mesmo. Desde os seus primeiros estudos nos Escolápios de Monforte, é um iconoclasta, antidogmático e antiautoritário, ou seja, um ser supranormal, que os pobres mortais nom chegaremos a entender até despois de morto. Mas a ele nom lhe dá a gana de morrer, nem para que seja conseguir a glória, assim que prefiere ser anónimo vivo que celebridade morta.

Vive como e onde lhe da a gana. No veram na Ilha de Ons, no inverno nas Canarias, e entre os dous tempos, onde lhe peta e lhe cai bem. Busca o sol para carregar o espírito, pois di que funciona com baterias solares, e vem sendo um pouco heliatra, panteista e pándigo.

Na Ilha de Ons, no Sul, há umha casinha branca, ao lado de umha fonte, venerada já como lugar sagrado polos celtas, onde mora, co seu cam, a quem chama "karaio", que quer dizer, em sánscrito clásico, "resgatado do mar". A história deste cam, herdeiro do seu direito e


pariente mais querido, e que numha excursom, gente sem alma nem respeito, botou-no o mar, para se desfazer dele. O pobre cam quedou numha pedra, cheio de frio, até que foi o Feijút, com umha gamela, a resgatá-lo. Desde entom, há umha simbiose entre o Feijút e o cam, com grandes vantagens para o cam, que leva umha vida de senhorito, ainda que tem que aguantar a conversa do amo. Cousas do ofício.

A raza do cam é un Fox Terrier Belga, mais bem tirando a Fox Trot, com incrustaçom de Palheiro legítimo. A raza do amo é galega legítima, com gramos de loucura, um quilo de génio e umha tonelada de coraçom e humanidade.

Mister Feijút, como lhe chamavam na Suécia, navegou por todos os mares e Eduardo Blanco Amor dixo de ele que era um galego universal. O seu amigo Celso Emilio Ferreiro, com quem viveu e bebeu, dizia que tinha navegado em muitos mares e capeado muitos temporais na terra. Tem muitos amigos, mas prefere a companhia do seu cam, pois quanto mais conhece aos homens, mais lhe quer ao cam. Vive em paz com a gente e em guerra coas suas entranhas, como dizia Machado, e como todo home de bem.

Nos dias de galernas, na invernia, Manolo Feijút, sobe a um castro celta, na cima da ilha, e sonha que está na cabina dum grande navio, e capitanea a Ilha de Ons, pola cima de

vendavais, ventarrons e furacáns. Qué barco tam marinheiro. ¡Qué grande barco!



José Posada mostrando o congro pescado na Illa de Ons

(Nota: Por desexo do autor respectase a redacción orixinal, tal e como el o enviou.)


LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS

CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN DE ÓLEOS E PLUMAS DE MANOLO FEIJUT (3 - 18 maio 1985)

Por: Manolo Feijóo

Introducción:

Esta é unha exposición homenaxe aos colonos da Illa de Ons e a todos os que por alí pasaron, malos e bos, así como ás aves migratorias nas súas recaladas temporeiras, tamén aos coellos que polo monte e polo acantilado pululan, e non esquezamos aos peixes e sobre todo aos polbos que son os reis da Ría; e tamén para o meu can "Carallo" que foi musa e compañeiro.



Lembranzas da Illa de ONS

óleos e plumas de



Lembranzas da Illa de Ons

Nas miñas longas singraduras, dende as costas de Terranova no inverno e Groenlandia no verán, topaba, pola proa do barco nas recaladas en Vigo, coa Illa de Ons. Polo día erguíase maxestosamente do mar, coroada polo faro, e de noite víanse por detrás do horizonte os destellamentos da súa luz intermitente. Este foi o meu primeiro contacto coa fermosa illa e aínda que afastada, algo me atraía a ela, algo me levaba alá.

Pasados algúns anos, atopei en Madrid, un día, co meu bo amigo Celso Emilio Ferreiro, xa levado agora para a outra

*Case tódolos cadros que figuran nesta exposición, integrada por sesenta e seis obras, dez realizadas a óleo e cincuenta e seis a tinta, e moitas máis, foron realizadas na illa de Ons, a campo aberto, na intemperie; unhas veces sobre a area dunha praia, outras sobre un penedo do monte ou nos acantilados e inclusive algúns a bordo dunha dorna. Para a súa realización baseime nas tres var **humidade, a soidade e o abandono.***

*De aí partiu o nacemento dun trazo curvilíneo para darlle movemento ao ceo, ás nubes, á vexetación e ao mar que eu cualifiquei como **ESTILO ONS.***

beira do mar da morte. Debeu de atoparme tan escangallado que me dixo o seguinte: "*Manolo, ti que capeaches máis temporais na terra que no mar, precisas dunha boa repación*". Tomamos unhas cantas cuncas de viño nun mesón galego e a cousa quedou niso.


Pasou algún tempo polas miñas cadernas e aquelas palabras petábanme no peito coma as andadas de artillería lanzadas por un vello galeón. Pensei que quizá non estivese desencamiñado pois atopábame moi próximo ao despece.



Foi entón cando me xurdiu a idea de someterme a unha reparación de casco e pensei que non habería sitio mellor que a illa de Ons. Alí marchei un día, fun varar a unha praia na parte sur de alí, chamada de Pereiró. Atopei alí cun vello mariñeiro alcumado O Cambados, que hoxe está tomando cuncas con Celso Emilio. Deixoume unha vella casa, das máis antigas e illada da illada illa. Recordo que un día polo mes de Novembro, cando o zoar e bruar era de inferno, naufragou un iate á altura da miña casa. Nunca cheguei a saber a súa bandeira pero entre os restos do naufraxio apareceu un canciño asido a un madeiro que traía escangallado o remo da amura de babor, que vén sendo, para os de terra dentro, a pata dianteira esquerda. Recollín o can, cureino do mellor xeito posible e bauticeino co nome de "Carallo". O can e eu vivimos longos tempos felices alimentándonos de peixes, coellos e polbos.



Pero un bo día chegou o Instituto Nacional de Colonización e xa comezaron a complicar as cousas, pois empezaron a descolonizar a illa e case o conseguiron. De seiscentas persoas que vivían alí todo o ano a penas quedan seis familias que van máis ben no verán.



Pero a cousa non quedou así. Apareceu o IRIDA e fixeron tamén o que tiñan que desfacer, quere dicir, o que estaba ben feito pola natureza. Chimparon a casa-pazo do dono e amo da illa, un tal Riobó, morto por aforcamento porque quixo, cando chegou á illa a gloriosa cruzada do ano 36.

Construíron coa pedra do pazo derrubado unha

escola, unha igrexa e uns apartamentos para a clase dirixente que máis parecen edificacións de Terra de Campos que unhas construcións da Galiza mariñeira. Tamén fixeron tres pistas que parten do desembarcadoiro. Unha vai cara ao norte chegando á

praia de Melide, hoxe praia de nudismo, a que eu bauticei como a "Rúa da Perracha". A segunda cara ao oeste ata o faro, por enriba do monte, nomeada por min como "Rúa do Candiño", e a terceira ao sur, chegando á beira da casa do Cambados, miña casa, meu fogar, bautizada por min como "Rúa do Carallo".

Pasaron os anos e cambian os nomes e os homes, pero non as cousas. Desapareceu o IRIDA e saíu o ICONA, esta máis progresista e burguesa e chegaron os campamentos nacionais e estranxeiros, que me chantaron detrás da miña residencia x un campamento, e diante unha construción que parece máis unha estación de servizo de gasolina terceiro - mundista que un comedor para os nenos acampados.

Con tanto movemento na illa nacen dúas compañías navieiras. A do Pancho, hoxe tamén tomando cuncas cos anteriores amigos, que tiña dous "paquebots" zarpando de Bueu rumbo á illa, cando lle cadraba, e outra navieira o "Angel da Ría", zarpando de Sanxenxo e Portonovo, segundo estea o tempo.

Pero o progreso non quedou aí. Con tan bos medios de comunicación chega o turismo burgués de Sanxenxo, a Toxa e todo o globo terráqueo e non tan burgués dos porreiros, procedentes das illas Cíes, que invaden a illa.

Con tanta variante de especies inmigradas chegouse a un momento en que non se sabe quen son os verdadeiros indios, indíxenas ou aborixes, se os que estaban ou os que chegaron. Tamén con esta clase de civilización chegou, como era de esperar na sociedade de consumo, os incendios, roubos, as drogas e as venéreas.

E a fermosísima illa de Ons, en pouco tempo, converteuse nun pequeno MOLOCAI, e para acabar o panorama, apareceron os que faltaban, a multinacional do "Winston", os contrabandistas facendo escala nas planadoras, entre viaxe e viaxe para tomar os patróns un "Wiski" en "Casa Checho" ou "Bar Acuña".

E como punto final tamén chegaron as forzas do orde, garda civil, policía e brigadilla, non sei se para gardarnos de ou custodiar ós salvadores da patria como Pío Cabanillas, Fraga, Suárez, que tamén fixeron algunha escala marisqueira, por non citar tamén ao Julio Iglesias e aos paraguaios.

Para remediar estes males, os colonos decidiron montar un goberno. No primeiro pleno nomean ós ministros seguintes: O Candiño, Almirante en Xefe do Mando Unificado das dornas de vela e motor; O Garulo, Ministro de Fachenda, Contrabando e Defraudación; O Arturo, Ministro da Guerra; O Ramiro, Ministro dos Impostos e Consumos de Alcohois e Xampús; O Terco, foi nomeado por aclamación Primeiro Ministro.

En tan selecto gabinete noméase portavoz oficial ao Delmiro, un mariñeiro que fala en estereofonía. Quedaron vacantes os ministerios de Sanidade e Cultura, pois non hai médico, boticario ou mestre. Tamén quedou vacante o nomeamento de cardeal, arcebispo x primado pois non hai cregos.

Coa coña do goberno, comezaron os cismas e as crises, pois tiñan o problema de nomear Presidente da República de Ons. Despois de moitas discusións,

libacións, deliberacións, cabreos e labazadas, acordouse nomear rei da illa de Ons, que foi votado democraticamente por tódolos membros do goberno en case pleno uso das súas facultades. E foi elixido por unanimidade o meu can, "Carallo", un can culto que ladra en sete idiomas, que veu de terras de alén dos



mares e chegou á illa como Moisés, pola auga, agarrado a un madeiro e non dentro dunha cesta. É tan listo que lles fala aos mariñeiros da illa por morse, movendo o rabo en vibracións curtas e longas, ladrando ou ouveando en tódolos idiomas aínda que non hai demo que o entenda.

Solucionado xa o problema do goberno, comezaron os consellos de ministros que se celebraban

tódolos sábados na taberna do Checho, a porta aberta e as deliberacións normalmente prolongábanse ata o amencer mentres houberse viño e xampú.

Como non había nada que arranxar pois todo estaba desarranxado, todo era euforia e alegría. Bebíase a esgalla viño tinto e comíase polbo, nécoras e ameixas e, ás veces, caía unha centola ou uns percebes. E todo acababa co grito feliz da illa de . "Viva o Carallo".

Ate máis ver illa de Ons, que Deus che ampare da Xunta, compañeira.



"José Posada, Sabucedo, Alfonso Posada, Francisco e o autor posando no Canexol cun congro de 22 Kg."




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas

AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



"DANIEL NO FOXO DOS LEÓNS" NO PROGRAMA ESCULTÓRICO DE SAN TOMÉ DE PIÑEIRO (MARÍN, PONTEVEDRA)

Por: Teresa C. Moure Pena

Nas proximidades do Camiño Portugués á Santiago de Compostela, na actual parroquia de San Tomé de Piñeiro, erguéase un antigo mosteiro de monxes bieitos do que se conservan testemuñas documentais dende o ano 1154, cando o papa Alexandro VI, nunha bula expedida en Letrán a petición do bispo compostelán Pelaio, confirma todas as prerrogativas que os seus antecesores concederan á igrexa Compostelá, entre os que se atopaba o de San Tomé de Piñeiro. Da fábrica románica do mosteiro só queda en pé a cabeceira do actual templo parroquial, datada no último tercio do século XII.

É precisamente esta cabeceira o que máis nos interesa e, en especial, o programa figurativo que ilustra os capiteis do seu interior, nos que atopamos unha das máis interesantes representacións do ciclo do Libro de Daniel da plástica románica galega.

Sen dúbida algunha, o episodio de Daniel no foxo dos leóns é un dos máis representados na arte occidental, tanto na época paleocristiá como medieval e, moi especialmente na escultura monumental do Camiño de Peregrinación. En Galicia o tema adquirirá un extraordinario desenrolo nos ciclos figurativos románicos, de maneira moi significativa nos promovidos polos centros monásticos, principalmente os bieitos.

Convén recordar que a iconografía da condena do profeta Daniel apóiase dende as súas orixes en dúas tradicións textuais: unha primeira na pasaxe na que se relata como o rei Darío, inducido polos sátrapas, condena a Daniel por non renunciar ao seu Deus; o profeta permanecerá no foxo xunto a un número indeterminado de leóns dende a posta do sol ata o mencer, sendo auxiliado por Deus, que envía uns anxos encargados de salvar a Daniel pechándolle a boca ás feras (Dan. 6, 13-ss) . Nunha segunda pasaxe relátase como Daniel é chimpado ao foxo dos leóns polo pobo, enfurecido logo de que aquel envelenara á súa serpe-ídolo; segundo este relato, o profeta permanecerá no foxo sete días, e a intervención divina chegará da man de Habacuc, levado por un anxo dende Xudea

á Babilonia para alimentar a Daniel (Dan 14, 27 y ss)².




Fig 1. Daniel no foxo dos leóns. Arco triunfal

"El monarca dio órdenes enseguida, y llevaron a Daniel y lo arrojaron en la fosa de los leones. El rey tomó la palabra y dijo a Daniel: El Dios a quien tú adoras con tal perseverancia, El te librá. Y llevóse una piedra y fue colocada sobre la boca de la fosa, y el rey la selló con su anillo de sus magnates para que no se mudase la suerte de Daniel" (Dan 6, 16-18).

"Ellos le echaron en el foso de los leones. Y estuvo allí seis días. Había en el foso siete leones, y les daban cada día dos cuerpos humanos y dos ovejas; pero entonces no se los dieron para que devorasen a Daniel. Estaba Habacuc el profeta en la Judea, y había preparado un cocido y desmenuzado los panes en un cazo, y marchaba al campo para llevarlo a los segadores. Y dijo el ángel del Señor a Habacuc: lleva la comida que tienes a Babilonia para Daniel, al foso de los leones. Y dijo Habacuc: Señor, a Babilonia no la he visto y el foso no lo conozco. Tomóle el ángel del Señor por la parte superior, y llevándole cogido por los cabellos de la cabeza, le puso en Babilonia en cima del foso, con la vehemencia de su espíritu. Y gritó Habacuc diciendo: Daniel, Daniel toma la comida que te envió Dios. Y dijo Daniel: Te acordaste de mi ¡oh Dios! Y no desamparaste a los que te aman" (Dan. 14, 33-38).

COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA



O ciclo figurativo que se desenrola no interior da cabeceira da igrexa pontevedresa de San Tomé de Piñeiro (Marín, Pontevedra) dá boa conta da singular fortuna que o ciclo de Daniel acadou nos repertorios dos programas monásticos galegos da época. O tema, pouco esperado no contexto no que se sitúa, pasou desapercibido ata a data a causa do anómalo da súa figuración: nun dos capiteis do arco triunfal tallouse a a imaxe da condena do profeta segundo a composición máis común para este tema: de corte heráldico, frontal, coas mans alzadas en actitude de orante e flanqueado polos leóns dispostos en estricte simetría [fig.1]. Unha primeira lectura puramente obxectiva permitiríanos evocar a primeira condena de Daniel como a interpretación máis probable; nembargantes, unha análise máis rigorosa do programa figurativo que ilustra o resto dos capiteis da cabeceira revela outras intencións. Certamente, a escena figurada no capitel dereito do arco toral convídanos a dubidar da primeira interpretación: a simple vista, a escena en cuestión semella evocar a asistencia divina prestada pola mediación de Habacuc e o anxo como a interpretación máis probable: no lateral do capitel que queda oculto ao espectador aparece un anxo voador que leva suxeita polos brazos unha figura que porta nunha das súas mans un obxecto redondo [figs.2-3].

De todas formas, a representación ven determinada por unha formulación un tanto anómala para o episodio que estamos a tratar: no plano compositivo, a representación ofrece un certo desequilibrio, xa que se observa un significativo desprazamento do asunto principal -Habacuc co anxo-, a unha das caras laterais do capitel, en contraste co desconcertante protagonismo concedido aos dous leóns que centran a cara principal e ao anxo que se dispón no lateral máis

³ Para San Tomé de Piñeiro: Sá Bravo, 1972, 232-235; 1978, 162-163; Bango Torviso, 1979, lám. LXXXVII, b e f; Yzquierdo Perrín, 1993, 340; Fontoira Suris, 2002, 300-301.




Fig. 3. anxo transportando a Habacuc ata Babilonia. Arco toral.

visible. Trátase en conxunto dunha presentación que é difícil de xustificar, pero no que con total seguridade, pode adiviñarse unha alusión figurativa á segunda condena.

Non cabe a menor dúbida de que esta formulación narrativa do episodio resulta atípica nos programas escultóricos occidentais, nos que se adoita respectar a clásica composición do tema fundamentado na rigorosa disposición de Daniel na cara principal do soporte, flanqueado polos leóns, e Habacuc e o anxo relegados a un segundo plano, normalmente nas caras laterais. ¿Por qué se deseñou aquí o tema de semellante xeito?, ¿se cadra por mor da impericia do propio escultor na adaptación do tema ao soporte?, ¿ou acaso resposta a unha intencionalidade?. Resulta difícil de determinar. En calquera caso, consta que nalgúns templos románicos burgaleses xa se ensaiara algunha experiencia semellante: podemos recoñecer unha solución moi parecida no episodio da primeira condena que figura no exterior da cabeceira de San Pedro de Tejada, onde nun dos capiteis aparece representado Daniel entre os leóns que pisan e devoran aos inimigos do profeta, mentres no capitel contiguo se plasma a imaxe do anxo enviado por Deus para pechar a



Fig 2. Anxo transportando a Habacuc ata Babilonia. Arco toral


Aluminios
glesias s/L

C./ Goya, 5

Teléf. / Fax: 981 383 748

C.I.F.: B-15.398.837

La Gándara - NARON




“Fig. 5 Daniel no foxo dos leóns. San Pedro de Tejada (Burgos)”

boca dos leóns [fig 5-6]. De xeito semellante, esta estraña formulación narrativa atopámola ilustrando unha das páxinas da Biblia do rei Sancho O Forte de Navarra (1194-1234); aquí, na escena superior aparece Daniel sentado entre seis leóns, mentres que na inferior representouse o

momento da asistencia física de Habacuc⁴[fig.7].

Sen posible interpretación satisfactoria quedaría un persoaxe que se pode ver na cara lateral -a visible- a visible




“Fig. 4 Anxo e león. Arco toral.”

dun león [fig.4]. É de notar que a súa presenza é relativamente estraña e pouco esperada no contexto no que figura, o que fai obrigado actuar con prudencia á hora de ofrecer unha lectura iconográfica. Sen dúbida, a súa presenza e significado poden estar xustificadas por múltiples equivalencias; a título de hipótese, unha primeira interpretación permitiría pensar nunha posible duplicación da imaxe do profeta Daniel, pero

⁴ Bucher, 1970, 35, plate 326

esta dedución choca cun signo básico: a presenza das ás, algo que non é consubstancial á imaxe canónica do profeta. Entendo neste senso que a complementariedade das ás comprometería a lectura proposta, se ben non estará de máis lembrar que no episodio de Daniel entre os leóns que ilustra un dos capiteis do interior da cabeceira do templo monástico de Ferreira de Pantón (Lugo), e nun dos da cabeceira do templo aragonés de San Salvador de Majones, Daniel aparece provisto de amplas ás⁵. Agora ben, é precisamente a presenza das ás o que me fai pensar se non habería que conceder outros valores significativos á imaxe. Neste senso, non me parecería en modo algún



“Anxo pechándolle as fauces ao león. San Pedro de Tejada (Burgos).”

ilexítima a súa identificación co anxo enviado por Deus para pechar a boca aos leóns ao que alude Daniel 6, 22 paragonando a representación de San Pedro de Tejada⁶. Aínda que non esquecemos que este episodio se asocia á primeira condena do profeta, non resultaría en absoluto desaxeitada a súa presenza neste ciclo se partimos de que moitas das solucións híbridas que caracterizan este episodio son consecuencia das reiteradas interferencias entre elementos de ambas condenas. Esta interpretación me parece a máis lexítima á hora de formular o significado derradeiro da imaxe do anxo, que coa súa presenza ao lado de Habacuc reafirmaría a metáfora do sostén espiritual.

O tema da segunda condena do profeta Daniel non é unha excepción no panorama escultórico galego da época, como tampouco o é o contexto no que se inscribe, xa que de novo podemos atopalo nun dos capiteis de acceso á capela maior da

⁵ Para o capitel da cabeceira de San Salvador de Ferreira: Enríquez Flórez, 1976, 125-159; 1999, 189-121; Yzquierdo Perrín, 1991, 854-875; Yáñez Neira e Tobío Cendón, 2000, 28; Moure Pena, 2001, 68-69, figs. 47-48. Para o capitel de San Salvador de Majones: Cobreros, 1989, lám 61.

⁶ “Mi Dios ha enviado a su ángel y ha cerrado la boca de los leones y no me han causado mal alguno, por cuanto he sido hallado inocente ante Él, y tampoco ante ti ¡oh rey! he cometido maldad alguna” (Dan. 6,22); Bover e Cantera Burgos, 1948, 1594.

C./ Lepanto, bloque 3 - bj. 3
Teléf.: 981 312 929
Fax: 981 327 530
15406 FERROL

Francisco J. Cruz Senra



Electro Montajes Cruz S.L.

Polig. Gánadara, parcela 127
Teléf.: 981 312 736
Fax: 981 312 701
NARON

Catedral de Mondoñedo⁷, se ben se trata dunha opción figurativa que acadará verdadeira entidade no contexto monumental das portadas románicas, como podemos apreciar na setentrional do templo monástico de San Xulián de Moraime (Muxía, A Coruña)⁸, ou na do templo de Santiago de A Coruña⁹.

Aínda que á diferenza de San Tomé de Piñeiro os episodios da condena de Daniel que se representan no interior da catedral mindoniense ou na portada do templo coruñés de Santiago o artista foi fiel á composición universalmente aceptada para a formulación plástica da segunda condena dende mediados do século XI e que inaugura o ciclo iluminado do Beato de Saint-Sever (Bibl. Nat. de Paris, Ms. lat. 8878, fol. 233^v) no que o episodio da segunda condena presenta a Daniel de perfil e sentado con sete leóns diante del, incluíndo a asistencia de Habacuc, milagrosamente transportado para levar pan a Daniel [fig.8]. A imaxe sedente, nova nas representacións desta escena, baseábase nunha das pasaxes da Biblia (Dan 14, 39-40)¹⁰ que ata a data fora ignorado polos artistas e no que se relata como *O rei chegou o día sétimo para chorar a Daniel. Chegou ao foxo e mirou, e velai*

que Daniel estaba sentado, así como a referencia aos sete leóns que acompañaban ao profeta (Dan 14, 32)¹¹.




Fig. 7. Biblia do rei Sancho O Forte de Navarra (fol. 104^v).

Entre as dúas escenas ilustradas na cabeceira de Piñeiro existe unha relación incuestionable: o capitel do arco triunfal enténdese coma un signo e preparación do que ten que vir, plasmado figurativamente no capitel do arco total. Esta secuencia de sucesos illados son signos intelixibles só para un lector crente, para unha audiencia específica coñecedora do plano histórico no que tanto a condena como a súa culminación, coa representación metafórica do sostén espiritual reafirmando a doutrina da presenza divina, xorden da vontade de Deus. Ao mesmo tempo, enténdese como unha victoria das ánimas fortalecidas polo sacramento -coa presenza de Habacuc entran en escena novos elementos que xa na exéxis cristiá primitiva redundaron nunha interpretación de senso eucarístico, plasticamente explícito, por medio da representación dos alimentos que Habacuc ofrece ao profeta na súa loita perpetua contra o pecado, ao que aluden as máscaras grotescas que vomitan lías e que aparecen representadas no capitel contiguo.

Certamente, subxacen neste ciclo certas formulacións de carácter moralizante en relación cos atributos do profeta, cal *exemplum*, fronte á debilidade da condición humana e os pecados que nos rodean aos que se alude figurativamente nos

⁷ Para o episodio da Catedral de Mondoñedo: Castro Fernández, 1993, 52-53, figs. 52-54, 57, 114-115, 118.

⁸ Sobre esta portada: Sousa, 1983, 143-155.

⁹ Castro Fernández, 1993, 116-117, figs. 55-56; Barral Rivadulla, 1998, 196, lám. XLV.

¹⁰ "Y levantándose Daniel comió. Y el ángel de Dios restituyó a Habacuc al instante a su lugar. El rey vino el día séptimo para llorar a Daniel. Llegó al foso y miró, y he aquí que Daniel estaba sentado" (Daniel, 14, 39-40).

¹¹ "Habían en el fondo siete leones, y les daban cada día dos cuerpos humanos y dos ovejas; pero entonces no se los dieron, para que devorasen a Daniel" (Daniel, 14, 32).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Delegación Provincial - PONTEVEDRA

capiteis contiguos¹². A presenza de Daniel adquire entón unha nova dimensión na consideración global do programa escultórico no que se insire, no que se denota un discurso moral de claras connotacións invocatorias. Convén recordar ao respecto que na primitiva liturxia cristiá abundaban os rituais polos que se invocaba o poder salvador de Deus. Tanto nas pregarías individuais coma nas oracións bautismais ou da propia vixilia pascual enumerábase un grupo de persoeiros bíblicos que, grazas á intervención divina, se salvaran do mal, do perigo e da morte. A invocación ¡Salva me Señor das fauces do león como liberaches a Daniel do foxo dos leóns, etc! incluída nestas pregarías converteu ao profeta nun dos primeiros referentes invocativos do cristián que esperaba coa rogativa que Deus exercese súa indulxencia.

Neste contexto monástico bieito a presenza de Daniel respondería tamén a unha clara intencionalidade de resaltar o comportamento edificante mediante a práctica da fe en Deus, da humildade, honestidade e xustiza, o que non debe sorprendernos xa que se consideraban entre as principais virtudes a practicar pola audiencia á que ía destinado o programa.

A pervivencia ó longo da Idade Media de todo este tipo de pregarías e a interpretación que adquiriu a imaxe do profeta Daniel como referente invocativo serven para explicar a presenza habitual do tema dende mediados do século XII nos programas figurativos das cabeceiras dun amplo número de templos románicos nos que se asocia simbólica e figurativamente o episodio do profeta Daniel con imaxes moralizadoras procedentes tanto de repertorios dos Bestiarios medievais como con imaxes de pecadores. Podemos lembrar aquí o repertorio da cabeceira de San Salvador de Ferreira de Pantón, onde se documenta unha formulación iconográfica semellante¹³; o mesmo vémosto en Santa María de Bermún (Chantada, Lugo)¹⁴, San Pedro de Rebón (Moaña, Pontevedra)¹⁵, Santa María de Bermés (Lalín, Pontevedra)¹⁶, e, dende datas

¹² Na esexese cristiá primitiva e medieval a figura de Daniel foi considerada signo da perfección cristiá, arquetipo do home xusto de vida irreprochable, contra o que nada poden as forzas do mal: polos condicionantes da condena e por esta mesma, todo o proceso foi considerado como unha proba que enfrenta a acción de Deus ao maligno e ao incontrolable, metaforicamente expresado na imaxe das bestas. O resultado será o triunfo do xusto, daquel que non renunciou á lei de Deus, fronte á lei dos homes, e a súa liberación do xuízo no foxo é imaxe da resurrección e salvación que agardará á anima do fiel.

máis temperás, na cabeceira da abacial bieita de San Bartolomeu de Rebordáns (Tui, Pontevedra).




Fig. 8. Beato de Saint-Sever (fol. 233^v).

¹³ Enríquez Flórez, 1976, 125-159; 1999, 189-121; Yzquierdo Perrín, 1991, 854-875; Yáñez Neira, e Tobío Cendón, 2000, 28; Moure Pena, 2001, 68-69, figs. 47-48.

¹⁴ Yzquierdo Perrín, 1983, 39, 255.

¹⁵ Bango Torviso, 1979, lám. LXXXIX, a) e XC, d); Sá Bravo, 1978, 432; 1984, 259-261, lám. XLVI a).

¹⁶ Bango Torviso, 1979, lám. IX; 2003, 230, n° 18; Carrillo Lista, e Ferrín González, 1997, 73; Yzquierdo Perrín, 1976, 9; 1978, 85-94. Xunto cos exemplos arriba citados, a plástica románica deixounos outros nos que aparece a condea de Daniel e que, sen estar en asociación figurativa con representación de pecados ou de imaxe demoníacas, son cita obrigada; así, a representación que figura nun dos capiteis da cabeceira de Santiago da Pradeira (Carballedo, Lugo), nun da Santa Cruz de Viana (Chantada, Lugo), ou a excepcional representación que figura nun de los capiteis do triforio norte da Catedral de Santiago de Compostela. Para os lucenses pode verse Yzquierdo Perrín, 1983, 258, 267; para o compostelán, Idem, 1993, 224.

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



IL MO AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

Bibliografía:

- Bango Torviso, I.G.:
 - (1978): "Aportaciones a una catalogación de la imaginería gótica de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, XXXII, 1978, pp. 95-104
 - (1979): *Arquitectura románica en Pontevedra*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
 - (2003): "Capitel de Santa María de Bermés". *75 obras para 75 años. Exposición Conmemorativa da Fundación do Museo de Pontevedra*, Pontevedra, 2003, p. 230, nº 18
- Barral Rivadulla, D.:
 - (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia Medieval*, Colección Galicia Histórica, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Bover, J.Mª y Cantera Burgos, F.:
 - (1948): *Sagrada Biblia. Versión crítica sobre los textos hebreo y griego*, T. II, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Bucher, F.:
 - (1970): *The Pamplona Bibles*, T. I, New Haven and London: Yale University Press.
- Carrillo Lista, Mª.P. e Ferrín González, J.R.:
 - (1997): "Iconografía del arte medieval en Galicia". *Galicia Terra Única. Galicia Románica y Gótica*, Ourense: Xunta de Galicia, 1997.
- Castro Fernández, C.:
 - (1993): *Estudio iconográfico y estilístico de los capiteles de la Catedral de Mondoñedo*, Lugo: Servicio de Publicaciones da Excm. Diputación Provincial de Lugo.
- Cobrerros, J.:
 - (1989): *Itinerarios románicos por el Alto Aragón*, Madrid: Ediciones Encuentros.
- Enríquez Flórez, Mª. F.:
 - (1976): "El Real Monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón", *Cistercium*, XXXVI, pp. 125-159.
 - (1999): Idem, "A escultura medieval na igrexa do mosteiro cisterciense do divino Salvador de Ferreira de Pantón, Lugo", *Monasticum*, pp. 189-121;
- Fontoira Suris, R.:
 - (2002): *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Pontevedra: Excm. Diputación Provincial de Pontevedra.
- Moralejo Álvarez, S.:
 - (1977): "Aportaciones a la interpretación del programa iconográfico e la Catedral de Jaca", *Homenaje a don José María Lacarra de Miguel*, vol. I, pp. 173-198.
- Moure Pena, T.C.:
 - (2001): *San Salvador de Ferreira de Pantón y San Salvador de Sobrado de Trives: Dos fábricas románicas emparentadas*, Tesis de Licenciatura inédita, Geografía e Historia, Universidad de Santiago de Compostela, 2001.
- Sá Bravo, H.de:
 - (1972): *El Monacato en Galicia*, vol. II, A Coruña: Editorial Librigal.
 - (1978): *Las rutas del Románico en la provincia de Pontevedra*, Vigo: Ed. Caja Rural provincial de Pontevedra.
 - (1984): "Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno", *El Museo de Pontevedra*, XXXVIII, 1984.
- Sousa, J.:
 - (1983): "La portada meridional de la iglesia de San Julián de Moraime: estudio iconográfico", *Brigantium*, 4, pp. 143-155.
- Yáñez Neira, D. e Tobío Cendón, R.:
 - (2000): *Ferreira de Pantón. Monasterio cisterciense en la Ribeira Sacra*, León: Ed. Edilesa.
- Yzquierdo Perrín, R.:
 - (1978): "La iglesia románica de Santa María de Bermés", *El Museo de Pontevedra*, XXXII, 1978, pp. 85-94
 - (1991): "La iglesia del monasterio cisterciense de Ferreira de Pantón", *Actas del Congreso Internacional sobre San Bernardo y el Císter en Galicia y Portugal*, II, Ourense, pp. 854-875
 - (1993): *Arte Medieval I. Galicia Arte*, T. X, A Coruña: Edicións Hércules.

CAFETERÍA

A Revolta

NOALLA - SANXENXO

CASALOTE



AS RUTAS MARÍTIMAS A RUTA DO ESTAÑO

Por: Javier Fernández Soutullo

A maioría das invasións celtas na costa galega, tiveron lugar no transcorrer do século III a. C. Estes pobos eran precursores da metalurxia do ferro, pero a celtificación da Galicia costeira foi intensa e máis evidente, pola cantidade de edificacións castrexas no litoral.

Foron os celtas decididos navegantes atlánticos que, cos seus estables barcos de madeira, vimbio e coiro, conseguiron rutas comerciais máis alá das terras de Fisterra e da Torre de Hércules, o máis importante dos fachos galegos. Achegáronse ás terras de Irlanda, Bretaña, Aquitania e ó mar do Gran Sol.

Todo este tipo de comercio foi establecendo entre os distintos pobos da antigüidade unha serie de camiños marítimos coa intención de abrir paso a novas culturas, case sempre ligadas a determinadas mercadorías.

Xa os Tartesos eran coñecedores do estaño galego, pero foron os Fenicios quen mantiveron unhas relacións comerciais máis estables e coñecidas co occidente mineiro de Galicia. Estes intrépidos navegantes ó traveso da chamada ruta do estaño, comerciaron na área que se deu en chamar a das illas Cassitérides.

O estaño foi un mineral que por aquel entón ocupaba un papel importante na economía e metalurxia destes pobos, aínda que pronto, esgotado as das illas, a maior cantidade proviña do interior, posiblemente da comarca de Silleda (Pontevedra) onde os ricos xacementos de estaño aínda teñen vixencia.

Sen dúbida este mineral era transportado ás praias e illas da comarca arousán onde os desconfiados comerciantes fenicios sentíanse máis seguros nos mercados marítimos. As súas naves estaban sempre á man, co mar por diante, pois, para eles, era o seu elemento e por tanto a súa maior defensa.

A frecuentada ruta atlántica do estaño galego ten

orixes con claro signo comercial. Todos estes pobos víñanse a unir, por un vínculo común, á grande aventura oceánica e comercial que significaba a localización dos mercados e á absoluta reserva do itinerario e datos náuticos que conducían a Arousa.

O desfile de embarcacións de utilización comercial e militar ante o litoral, foi reiterado e ás veces espectacular. Todo iso deu confianza ós romanos para establecerse aquí en contacto coas poboacións dos castros marítimos e incluso para as penetracións fluviais, que tanto éxito lles acadou, chegando incluso



“Adro Vello. San Vicente de O Grove”

a erixir grandes vilas e fortalezas.

Así comeza un proceso, nun principio lento, pero coa firme idea portadora dunha nova cultura, aínda que esta nunca chegou a borrar a castrexa, pois mesturándose tivo un indubidable fondo na explotación dos recursos de Arousa e as Illas.

Todo este proceso cultural, comercial e militar durou centos de anos e, para fortalece-lo e defendelo entre as illas Cassitérides e as costas do litoral arousán, foron construíndo toda unha serie de edificacións, a xeito de torres defensivas, denominadas “Fachos”:

Estes, aínda hoxe impresionan, sempre sós, nunha atalaia, rodeados dun halo de mestura entre o romanticismo, a lenda e o medo. A súa principal misión pasaba por asegurar estas rutas marítimo - fluviais, pero, sobre todo, eran os primeiros ollos de vixía ante as invasións, a conquista e a custodia destas rutas. Deles dependía o futuro destes pobos, xa que a nosa costa é sumamente recortada, con entrantes e saíntes, e con climatoloxía escasamente boa onde abundan o nubrado e as brumas.

OS FACHOS

A situación dos fachos nas Illas, tanto nas Cíes como en Ons, non deixa de ser nos montes altos, pero xa en terra arousán, a súa fasquía cambia, constrúense case que o pé do mar.

Tamén chama a atención que a maioría destas construcións do litoral galego, estean en sitios apartados ou de difícil acceso.

Non se dan estas circunstancias nos de Arousa. Case todos eles están preto ou dentro das fortificacións e poboados e teñen a misión de orientar e defender. Para iso preparábanse grandes feixes de leña, ás que, en momentos de perigo, prendían lume, avistándose estas fogueiras dende longa distancia, aínda que, na ría de Arousa, as distancias eran relativamente curtas.

Os habitantes de Ons tiñan moi boa capacidade para vixiar o sur do litoral, ruta máis frecuentada polas naves, fosen invasoras ou non. Dende Ons, avisaban con facilidade ós do castro da Lanzada, posuidor aínda hoxe dunha destas torres antes mencionadas. Este facho fortificado no medievo, xogou varios episodios na historia de Galicia.

Dende a Lanzada dábaselles aviso ós da casa Torre de Balea na antiga illa de O Grove, sita no lugar do mesmo nome e hoxe totalmente desaparecida, tan só quedan referencias escritas e catastrais do lugar. A súa situación non era caprichosa, estaba á beira da calzada romana de Ruidantes que unía a praia da Lanzada coa vila romana de Adro Vello. Doutro modo a súa comunicación visual establecíase coa torre do Carreirón xa na Illa de Arousa, esta, tamén moi preto dunha vila romana e dun salgazón de orixe romano.

Da de Adro Vello, aínda impresiona a súa base pétreo, con asento de sillería e cunha forma e dimensións moi similares ás demais. Está situada tamén dentro dun recinto amurallado e fortificado.

Dende o faro do Carreirón avísta-se con facilidade a torre de San Sadurniño, na vila de Cambados, para a defensa da zona e a desembocadura do Umia. Esta tiña relación directa coa fortaleza de monte Lobeira, en Vilagarcía, e así entre uns e outros, establecíase un sistema de comunicación visual, que serviu para a defensa da ruta que deu orixe o comercio na ría de Arousa, á ruta do estaño e posteriormente a ruta marítima cara a Santiago.



“Torre de San Sadurniño. Cambados”



SEREAS EN BEADE

Por: Lino Pazos Pérez

Os peregrinos que chegan a Santiago de Compostela teñen como meta indiscutible a catedral, onde se lle rende culto ás Santas Reliquias do Apóstolo, facendo longas colas para poder estreitar entre os seus brazos a venerada imaxe... pero unha vez acabada esta milenaria cerimonia que libera o espírito e enche a alma de ledicia, chega o momento de darlle folga ó corpo, e de qué mellor maneira que introducirse nos angostos canellóns da cidade vella e degustar unha boa cunca de Ribeiro, viño por excelencia que acompañou, aínda acompaña, ós devotos do Señor Sant Iago dende tempos inmemoriais...

Este viño, ademais de regar as resacas gorxas dos cansados camiñantes, corría en abundancia polas ben abastecidas mesas dos bispos e cregos en xeral. Tampouco se lle facían ascos entre as capas máis humildes da poboación, descontando, por suposto, que das mellores colleitas saírían barrigudos bocois camiño das adegas dos caciques. En suma, o viño do




Parroquia de Beade (Ourense)

Ribeiro era aceptado por todos...

Para fornecer ás baiucas e tendas onde se expedía o prezado caldo, necesitábase dunha considerable infraestrutura comercial, composta, a grandes trazos por: os propietarios das viñas na comarca do Avia, os homes e mulleres que facían a vendima, os toneleiros, e os encargados do transporte ata as cidades, a base de carros tirados por bois que percorrían as corredeiras durante boa parte do ano, en ambas direccións.


O tirón económico que supoñía esta florecente industria levou a máis dunha familia aveciñada na costa atlántica a afincarse e investir naqueles predios, ou polo menos eso é o que a min persoalmente me parece, e así, hoxe en día, podemos contemplar naquelas terras magníficos exemplares de escudos nobiliarios, nos cales a serea dos Mariño fai as veces de *tenante*, vinculados todos eles á liñaxe dos Goyanes.

Chamoume a atención, sobre todo, o amoreamento destas labras na igrexa parroquial de Santa María, no termo municipal de Beade, limítrofe co de Ribadavia (Ourense), onde tamén se atopan algunhas curiosas representacións deste mítico ser que, normalmente, habita nas rochas máis batidas polo mar, dende onde poder engaiolar cos seus cantos, precisamente de serea, ós incautos mariñeiros que caían na tentación de escoitalos.



“Don Miguel, sancristán”

A parroquia de Santa María de Beade, saqueada polas tropas francesas durante a Guerra da Independencia, conta cun conxunto verdadeiramente rechamante, composto por unha serie de elementos que paso a describir: a soberbia igrexa, que contén prezadas imaxes dun valor, tanto económico como espiritual, incalculable; a casa rectoral, en completa ruína, dunha amplitude similar a calquera pazo, e,



Portal acceso á rectoral

afastada uns cen metros dela, unha


fermosa capela dedicada a San Roque, santo moi socorrido na bisbarra, ademais dun calvario de elaboradísima factura que forma parte do *vía crucis* que dende a igrexa ascende serpeando ata un outeiro próximo. Todo elo, inmerso nun marco incomparable, rodeado de grandes extensións de viñedos que producen os mellores caldos da bisbarra, segundo me asegura D. Miguel, sancristán desta freguesía, é a oferta, in Mellorable, da que se pode gozar achegándose a Beade.

As representacións das sereas podémolas

contemplan en diferentes puntos do entorno da igrexa: no arco que dá acceso á antiga casa do crego, e que perdeu xa unha das follas da cancela de ferro, atópanse tres escudos nobiliarios, sendo o do centro no que figura, completamente desgastado pola erosión, a serea dos Mariño que soporta as armas dos Arias, Ares e Goyanes, descoñecéndose, polo seu estado, as que figuran no primeiro cuartel.


Na ábsida exterior, que dá ó cemiterio, sobre un amplo paramento, cun fermoso cruceiro custodiado por dous sarcófagos arrimados á parede, atópase outro dos escudos soportados pola serea. Neste caso os cuarteis falan das mesmas alianzas familiares coa diferenza de presentar dúas cruces de Malta na parte superior.

Outras dúas sereas portan cadanseu escudo da familia, destacando o que se atopa nun pequeno canellón, difícil de fotografar, no que as ondas dos Mariño, que ocupan o terceiro cuartel, están realizadas cunha técnica máis depurada que as que figuran nas anteriormente descritas.




“Paramento preto do cemiterio”

Sera no interior




Conxunto funerario




No interior da igrexa aínda se poden ollar outras catro labras máis, nas que figura como soporte a sera mítica - moito mellor conservadas que as súas irmáns, sometidas ós rigores do clima ourenseán-, unha das cales é aérea; esta enclavada no vórtice das nervaduras da bóveda, situada no centro dunha circunferencia, presentando, o mesmo que a do cemiterio, dúas cruces de Malta, neste caso tamén a ambos lados da cabeza. Esta peza, moi semellante á que se atopa na igrexa de San Benito de Fefiñáns, en Cambados, Pontevedra, estivo noutro tempo policromada, resistindo tons ocre en meixelas, beizos e en parte do escudo.

Sera no interior



Sera aérea



Mira á fronte, con pelo que lle cae sobre os ombreiros en forma de trenzas. Suxeita o escudo pola súa medianía, e a cola xira á esquerda.

A segunda, localízase no altar, compartindo a sagrada mesa con outro escudo nobiliario. A face mira á fronte e a melena cáelle por detrás dos ombreiros. Ten o peito oculto polo escudo. A cola e de maiores proporcións xirando á esquerda.

A terceira pódese contemplar sobre un dos paramentos, á esquerda do altar maior. Mira á fronte e o pelo alcanza os seus ombreiros, formando bucles. O peito, de pequenas proporcións, adivínase, máis que se ve, tras o escudo. A cola, de maior tamaño, en relación ás outras labras, xira á esquerda coma as das súas compañeiras.

A cuarta, de exquisito acabado, forma parte dun conxunto funerario verdadeiramente rechamante, no que destaca a escultura orante, practicamente de tamaño natural, do nobre cabaleiro Frei Ares López Fandino de Goyanes, Comendador de Ribadavia. A sera ten a cabeza ladeada á dereita e o pelo en forma de elaboradas trenzas cáelle sobre os ombros. O peito está ó descuberto e os brazos, perfectamente torneados, suxeitan o escudo pola súa medianía. A cola, robusta, xira á esquerda.




Refenda da lamprea e o Señor Ninguién degallaeciacoquinaria

Por: Xavier Barreiro / Debuxo: Luís Cid

Etnógrafos, psicólogos, escritores, filósofos, chapantes, gastrónomos, cociñeiros... e canto erudito das tixolas e lareiras enchen o bandullo, poucas veces se decatan da maxia que supón, para un cativo, o primeiro contacto coa gastronomía. O mellor xeito de aprender é xogando, usando a imaxinación, estimulando a fantasía do rapaz cun conto, porque a cociña tamén é fantasía e require imaxinación, tenrura e sabedoría.

Luís Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro, dous petrucios das Letras Galegas e chapantes etnógrafos, así o entenderon e recompilan o saber culinario daquel entón nos seus relatos gastronómicos con trasgos como protagonistas. Cunqueiro fálanos do *Sorisco falador*, aquel trasgo osmón que remexía nos alzadeiros das cociñas de Mondoñedo na procura de castañas e outras viandas. Bouza-Brey transpórtanos ao entorno da raíña da Galiza dos mil ríos no seu relato *Refenda do trasgo e da lamprea* (*Obra completa*. Edicións do Castro, 2002), dende a ollada abraiante dun rapaz a primeira vez na súa vida que se atopa cunha lamprea viva na cociña. Outro referente desta literatura gastronómica é Vitelio Cenlumes, que fai referencia nos seus relatos aos costumes culinarios do trasgo da illa de Ons, o *Aunios*, e deléitanos coas falcatruadas de *Cachafeiro*, o demo do mosteiro de Acibeiro que devece pola richada e o augardente, así coma




outros contos de demouchiños que fan estragos en magostos e adegas.

En *Refenda do trasgo e da lamprea* nárranse a peripecia e o asombro dun rapaz que descubre á cociñeira preparando unha lamprea. A muller, faladora e con retranca, mételle medo ao cativo contándolle a historia do trasno que mora nesa cociña e que fuxe de alí cando unha lamprea anda cerca. Este relato tan maxistralmente contado ten o arrecendo dunha novela épica cun a naco de picaresca, sentando as bases para considerar á lamprea coma un ser mítico.

Neste prebe literario e lampreiro, en parte autobiográfico segundo conta o seu fillo Gonzalo, o escritor arousán Bouza-Brey amosa un petisco da etnografía da lamprea dende a ollada dun cativo que asimila a sabedoría dunha cociñeira
c o n t a c o t o s
maxistral. O autor comeza o relato coa

lamprea nas rúas da súa Vilagarcía natal de principios do século pasado: "*Fai desto moitos anos, cando eu era un cativo que escoitaba nas rúas a pregoar berros: ¿Quén me compra lamprea? sen que eu adivinara que é o que unha mulleruca levaba na patela*".

Como calquera rapaz, pícaro e lambereteiro, sucedeulle que "*Un día a cociñeira, cando cheguei da escola entrando na cociña abuscando lampeiradas, garuleira, chamoume cabo de ela á lareira onde tarefegaba a face-lo compango; e achegándose a min*



Mesón
MIRO

ESPECIALIDAD EN CALDEIRADAS
Y MARISCOS DE LA RÍA

Calle LA MARINA, s/n
Teléf.: 986 723 511 - PORTONOVO (Pontevedra)

min espetoume nos ollos unha cóbrega longa e preta coma un cóngaro de corpo afuracado, atal coma un punteiro". E xa esqueceu a fame, porque, pasmado polo aspecto da cóbrega, só pensa en coñecer o descoñecido, en levar a cabo o rito de iniciación lampreeiro da man da agarimosa cociñeira.

E comeza entón a sacerdotisa de lareira, coa deusa lambepedras na man, a recitar esta proclama: "*¿Ti sábe-lo que é isto, rapaz?, apreguntóume acaneando a bicha cal*

se estivera viva. ¡Pricipesa das cobras! ¡Dona das samesugas! ¡Raiña das enguías! ¡Ama das tartarugas! ¡Enemiga dereita do trasgo da lareira! Si el me escoita, xa sabe donde ten que agacharse e non me entrampullar as cousas da cociña, pois ela pode chuchalo coma si fora un figo e deixalo a morrer para endexamáis, amén". O neno xa entrou no trance ritual e os seus sentidos están a recibir milleiros e milleiros de estímulos, abarrotando de información o seu maxín.



Ninguén ama o que non coñece, pero calquera pode mostrarse desaforado ante o descoñecido. O protagonista, recién iniciado no rito da lamprea, síntese un heroe e quere saber a que perigos se enfrenta nesta aventura. Á terrible sete buratos xa a coñece e non lle teme, mais do trasgo non sabe nin o seu nome, nin coñece o seu noxento facheiro, e moito menos os estragos que pode causar. Moi ao xeito, a sacerdotisa fai esvaer as súas coitas describindolle minuciosamente as falcatruadas que o trasgo é quen de facer: *“Has de saber, meu fillo, que hai en toda cocina un trasgo moi sabido, bulrador i argallante, que che sopla de aveso para che apagalo lume, ou te deita o aceite na garrafa do gas, ou cambea os tarecos dun lado para outro, ou che papa o asucre, ou as patacas fritas, ou che derruba o sal. Non ten parada, arreo sempre anda matinando naquelo que che faga desatende-lo tempo, para que a pota derrame, ou o asado se queime, ou a grasa se inflame, ou se chasque o guisote, ou lle botes de menos ou lle botes de máis á mantenza que adubas con herbas ou especias”*.

O rapaz é teimudo, moi valente, e quere loitar. Entón, a súa compañeira de cerimonias fai un retrato do trasgo: *“Este trasgo cismeiro, morador das lareiras, enfardado de negro dende a cachola aos pes, é un homiño pequeno coma un coto de vela, co nariz repoludo, ollos chiscos e vesgos, unha barba raleira de pelica de cocho, e un bonete veludo que lle cubre as orellas. ¡Eche o dono de todo! El anda no obradoiro a enrabexar á xente facendo estremonias”*.

Pero, de súpeto, a lamprea xa non é unha descoñecida temible, converténdose nunha aliada e amiga fiel cando se descubre que o trasgo non é invencible. A vella cocinera


confíalle o segredo para acada-la victoria: *“Soilo é que lle ten medo aos bechos zuga dores; e si os vé, se acurrucha dentro de algún burato ou se arreda para algures e deixa en paz á xente; e non a volve tola enguedellando as cousas cando unha anda apresada. E coma quer que o adrezo deste díaño de peixe ten de ser moi medido en facerse á toa, ha-se espanta-lo trasgo na primeira sentada. Dempóis todo é campante como verás axiña”*.

Chegado o fin do rito iniciático toca a louvanza da amiga lamprea que cedeu a súa vida polo ben dos demais, así poderá ter descanso eterno nun banquete onde os convidados devórana con ledicia, como se quixeran chuchar as súas virtudes: *“Máis dende logo é certo que a*

lamprea marceira eche o lacón do río, a peituga das augas, o cogolo das ondas i-o ambol das aceas. Endereita a espiñela aos que a teñen retorta e desentangaraña aos cansos do cerebro, pois ten un arrecendo que fai erguer aos mortos. Disque por ser condoito de señores e abades, viñeron os romanos

dende Roma a estas terras. Máis estas son consellas de xentes moi leídas”.

A entrañable cocinera comeza o pan exírico e, como lle ocorre a calquera ser mítico, esfola a árbore xenealóxica da nosa lamprea retrocedendo ata a orixe divina deste peixe: *“Teu pai di, meu meniño, añadúu respeitosa, que as lampreas son netas seica dun deus greciano a quen chamaban Ares. I-o tal tivo unha filla que nomeou lampeda, que quer dicir “Dourada”, raiña das amazonas; a quen un feiticeiro, non sei por que feitío, volvéuna avidueira: que é esa arbre ribeiriña que ten folliñas fulvas coma as onzas de ouro, nas seráns outonizas. E de ela*




Nasa do río Miño, prás lampreas. Por baixo, seición, estrutura do bozo e molde pra faguelo.



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

disque veñen as lampreas do río. Por certo, que si as miras un pouquichiño ao esguello no debalo do sol, veráslle na pel fusca uns retrincos dourados que lle deron o nome á súa nai, fadada nas edades anterigas. Estas, sonche consellas das xentes estudiadas”.

O rapaz deste relato, xa convertido nun menciñeiro de lareiras, dispónse a presenciar o adobío do corpo da defunta antes de poñelo na pira funeraria: “*Eu escoitaba, parvo, o latricar da vella sin entender un chisco de aquel palabreado, pasmándome do peixe (si é que aquel era un peixe) mentras ela fitaba dun lado para outro. ¡Enténdeo ben, galdrido!, dixo aínda a vellota acenando coa bicha en toda a súa volta (perdóeme o Señor) coma si fora un crego, si te vé a principesa rebulindo ao teu xeito vaite zugar a treu coma nun chuchamel. Nesto deixou a bicha dentro dunha tarteira, lavándoa, ben lavada, con auga agurgullante, i-estendéndoa na táboa rañóuna cun coitelo, enxurrándoa co pano e deixándoa polida coma trela de coiro. Dempóis, con moito tino, desencoutóulle a fel, que é un fol pequeneiro, de antre dos sangumiños, guindándoa no polveiro. Dempóis, nunha cazola, verteu un pouco viño; unha cunca de aceite; outro tanto de vinagre; a racha da canela das Indias, e os cabezos de dous allos picados, i-un chis quiño de sal. Logo, cortóulle á bicha unha tripa cagueira que ten de banda a banda; e naquela mestura foi engadindo aos poucos o sangue que escoaba, remexendo o conxunto. Dempoixa, con cachopos, arrequeceu o lume que inzou en labaradas”.*

As desventuras da nosa lamprea, heroe neste relato, rematan cando a pousan sobre o altar da lareira, transfórmanse deste xeito en refenda: “*Agardou un chisquiño, coma lembrando un rito; e logo, de contado, puxo a tixola na veira do lume nunha trepia, e fritú unhas códeas de pantrigo recesio. Retirou da cazola o fígado do peixe, que xa estaba fervido, e, co pan, machucóuno nun morteiro de pedra, engadíndolle un pouco, pouquichiño de prebe. Logo aparelou*

todo nunha bandexa fonda e dempóis, santiguándose, alentou e me dixo: ¡Acabouse! Xa podes irte sentar na mesa. ¡Isto eis todo!”.

Sacerdotisa e iniciado reflexionan sobre todo o acaecido. Neste intre é cando agroma o cerne do humor e da sabedoría da Galiza máis fonda, a nosa raigame reflectida no final dun relato gastronómico marabilloso que escribiu un chapante que chegou a comer seis lampreas nun xantar: “*Eu quedéi aflixido polo final do conto, dempóis de estarme quedo sin abafar xiquera, e perguntéille: ¿E cómo raio se chama o trasgo? I ela me dixo, a rirse, ¡Ñ Señor Ninguién, bobiño!”.*

Un agradecemento especial a Gonzalo Bouza-Brey Villar, que facilitou o manuscrito orixinal do autor de este relato para redactar este artigo. Gonzalo, outro namorado chapante da lamprea, quizais ata a vesania, pertence a ese exclusivo club de sibaritas que vai camiño de acadar a marca do seu pai: ¡é capaz de comer tres lampreas nunha sentada! Así non hai trasgo nin lamprea que acouguen en ningunha cociña dende o Ulla ata o Miño. E unha lembranza agarimosa para o debuxante Luis Cid, un bo chapante nó gastronómico e no arte, que coa súa imaxinación e talento soubo plasmar cunha plumilla a emoción deste relato; calquera das súas imaxes no papel valen máis que mil libros.




Fig. 307. - Boliván para pesca da lamprea.



PANADERÍA - PASTELERÍA

AMADOR

LA GRAÑA
(Ctra. Bueu - Cangas)
Teléf.: 986 321 118
Despacho en Montero
Rios, 101.
Teléf.: 986 323 120
Bueu



AS TRADICIÓN NOS POBOS DA RUTA MARÍTIMA XACOBEA ONS, MEU PARAÍSO DE ONTE (VII) "A FESTA DOS MAIOS"

Por: Julio Santos Pena

Aquel ano presentou una primavera luminosa e agradable. Pasarámo-lo Entroido con pouca actividade propia de tan singular festa porque na veciñanza estaba presente un certo medo polas prohibicións que, dende moitos anos atrás, pesaban sobre a tradición de face-la máis grande transgresión da realidade antes de entrar no eido coesmal imposto polo clero. O Entroido limitábase a ver correr a algúns rillotes vestidos de nenas ou, á viceversa, algunhas nenas facendo de homes dicindo calquera cousa, de lonxe, a aqueles cos que se atopaban no camiño. Iso si, ningunha prohibición foi quen de evitar que

que asistían para ir aprendendo algo e, se cadra, para deixar que os seus pais e nais quedasen libres para face-los seus labores no mar e no campo. Aquel preocupante abstencionismo escolar tiña razón na presenza de bandadas de corvos que voaban sobre a illa na procura de alimento e, como xa era época da semente do millo, caían nas leiras como verdadeiras pragas sobre os grans que aínda sen xermolar, podían estar sobor da terra fresca recentemente traballada polas familias na procura de conquistar a mellor das colleitas pouco antes do que chegase a calor de verán, para ter boa reserva de alimentación para os animais da casa.



"Rapaces illáns de mudados. Entroido anos 60. Barrio de Curro"

nas casas se comera nos días do Entroido os produtos propios procedentes do cocho ben criado perante todo o ano que fora sacrificado semanas atrás. Orelas, e sobre todo filloas, coroaban os xantares en tódolos fogares illáns por aqueles días facendo de todo boa a tradición.

A escola recuperara en poucos días a normalidade aínda que, de alí a pouco, empecei a comprobar que os rapaces faltaban moito máis do que podía ser normal. Había algúns días que quedaba no aula só cos máis cativos que aínda non tiñan nin sequera obriga de estar nela pero

Nenos e nenas tiñan que colocarse a carón das leiras coas fondas das que facían saír pedras mentres emitían un peculiar berro que espantaba a negurosa nube de corvos que ían de leira en leira buscando o apouso que a penas conquerían pois en todas elas estaban apousoados os nenos e ñai daquela leira que non tivese permanente vixilancia dende a saída do sol ata a súa afastada caída no mar!. Se vos lembrades hai dous capítulos desta serie nos que vos relatei este mesmo espectáculo pero daquela era cando xa o millo saía como novo froito nas espigas que os corvos desgraciaban de semellante

xeito se eran quen de camuflarse no eirado ou non houbera ameaza de pedrada dende os lindes da finca. Unha vez enraizada a semente do millo, os corvos xa non buscaban o recurso alimentario nas leiras polo que, dúas ou tres semanas máis adiante, a escola retomaba o seu aspecto habitual cos nenos e nenas nas súas bancadas.

Poucas veces naquel ano saíramos da Illa para vir a terra nos fins de semana. A beleza da primavera facíanos desexar a chegada do sábado e o domingo para percorre-lo

entorno de punta a punta na procura da paisaxe propia da época do ano. Saír pola mañá tomando o camiño do Canesol, co sol polas costas que enchía de luminosidade o exterior da ría, era unha regalía para a vista e o espírito. Pian, pianíño, tomabámo-lo sendeiro de Pereiró facendo mil paradas fronte a esta ou a outra casa desde onde nos saudaban con moito cariño se cadra, as primeiras veces, estrañados da nosa teima de tomar aquel rumbo con tanta frecuencia. Alá polas últimas casas de Pereiró tiñamos unha parada obrigada porque sempre nos atopabamos co vello Olegario, a quen todos chamaban “Cambados”, un home curtido pola vida e polo mundo que despois de pasar a súa infancia na Illa de onde era nativo, foi probar sorte a Sudamérica para retornar a Ons de onde era parte cósmica integrante en perfecta simbiose. “Cambados” era un home sempre sorrinte e moi retranqueiro, baúl de mil historias e anécdotas da súa vida e experiencia que gustaba de contar coa gracia especial da que estaba dotado. O seu maior padecemento era que sufría de asma, algo que moitas veces facía pensar se sería bo ou non desprazarse ás tabernas de Curro xa que tiña que facelo andando para ir e para vir e, con frecuencia, os efectos da asma facíanlle pouco doado o camiño. Cada semana viña Cambados á miña casa para poñer unha inxección contra o seu padecemento que agradecía sempre pola mellora que lle supoñía.

Despois de falar e rir uns intres con Olegario seguíamos o rumbo cara ó “Buraco do Inferno”, ese misterioso enclave illán ó que se lle ten moito respecto porque por el, darriba abaixo, poden andar as almas dos que foron quedando por accidente ou negligente irreflexión. Son moitas as lendas, cecais infundadas, que ten o “Buraco do Inferno” e cada vez que nos acercabamos a el tiñamos a impresión de estar lonxe, moi lonxe, onde o ruído da civilización non podería chegar xamais, escoitando só o rebumbio das ondas do mar contra a costa exterior da Illa, levantando branca escuma que moitas veces viña parar onda nós a modo de saúdo daquel espectáculo increíble da Creación. O retorno, tomando o camiño do Faro, era igualmente enriquecedor do espírito, ó pisa-lo sendeiro entre o verde das súas marxes coroado de froliñas de cen cores. Daquela xa o sol dominaba, pendurado dun fío invisible, todo o espazo e o espectáculo

da Ría, fendido o mar polas coiteladas das quillas dos barcos que atravesaban dun lado a outro, presentábanos sinxelamente ledicioso.

Aquela mañá, á saída da casa, Pancho, o dono do barco de carga e pasaxe e tamén o carteiro da illa, entregoume unha carta do meu pai que, vendo que tardabamos en ir a terra quería saber se había algún motivo para elo. Hei dicir que el nunca comprendera moi ben a decisión que nos levara a ocupar o noso posto de traballo na Illa e moito menos a paixón que, dende que alí estábamos, sentiamos polo enclave e as súas xentes. Naquela carta queixábase, como directivo que era da “Asociación de Cultura e Arte Santa Cecilia” de Marín, entidade recuperadora da



“Piorno de madeira da casa do Cambados en Pereiró

tradicional Festa dos Maios, de que aquel ano non se apuntara para o concurso ningún grupo de maios nin de barcos. Lamentábase da perda dunha tradición que o pobo de Marín tiña a gala como unha das vilas mariñeiras na que esta singular festa se celebraba dende tempo inmemorial e fora recuperada polo famoso pintor e mestre de escola Don Manuel Torres Martínez. Sen sabelo, o meu pai prendeu en min unha mecha de inqueda pola miña afección a soste esa festa na que participara de neno e despois, xa de mestre, cos meus alumnos do colexio onde traballara.

Paseabamos en silencio polos camiños da illa e rebulíame na cabeza que non debería ser que se perdera tan tradicional festa na miña vila natal pola desidia da xente,

PANADERIA  CAFETERIA

PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio

dos maiores que, cando foran nenos coma min, tiveramos a sorte de participar nela con grande ledicia. De súpeto pareceume ver que, os pampullos e as marabillas que crecían nas fincas por onde pasabamos, ollaban para nós e o recendente fiúncho que se atopaba por toneladas ó longo e ó ancho da illa comezou a mina-lo meu sentido.

- Vou levar un maio de rapaces da illa a Marín- dixen en alta voz mirando para a miña dona que á súa vez ollou para min como se me vira tolear de vez.

-¡Estás tolo...! - escapoulle logo de pesar a idea na balanza da razón.


Aquela lóxica resposta fíxome sorrir e calei. Pero a idea seguiu bulindo na miña cabeza perante todo o día. Faltaban dúas semanas para o día primeiro de maio e aquel sábado decidimos trasladarnos a terra despois de, alomenos, dous meses de estancia prolongada en Ons. Alí decateime de que, efectivamente, non se presentaba ningún maio nin embarcación á festa daquel ano, cousa que se me facía incomprendible e doloroso.

De volta á illa a decisión xa estaba tomada pola miña parte. Só faltaba que os rapaces a aceptaran alí e tiveran o permiso dos seus pais para face-la viaxe ata Marín. Claro que antes, e a toda présa porque o tempo víñasenos enriba, había que compoñe-la canción, ensaia-lo canto logo de explicarlle ós nenos que era un "maio" e o seu significado, pensar en facelo e tamén en cómo iamos a transportalo ata Marín. O que fixen para que a idea non dera volta, foi remitir ó Ateneo una carta manifestando o noso desexo de acudir ó concurso.

E puxémonos mans á obra. Os nenos ilusionáronse coa viaxe sobre todo porque para eles era unha novidade o facelo como parte integrante dun conxunto máis ou menos músico-coral que ía participar nun concurso. Os primeiros días de ensaio estiveron marcados pola sorpresa e os nervios dos rillotes que, pouco a pouco, foron collendo o ritmo que levaban con verdadeiros fungueiros dos carros do país que aínda había daquela nas casas de illa. A canción falaba da Illa e a súa beleza e tamén denunciaba os problemas que nela se vivían, que eran moitos e se cadra máis incomprendibles para a xente "de terra", seguramente incapaz de entender cómo se podía vivir case que sen luz eléctrica; sen asistencia médica; sen ruído de coches nin motos e de xeito tan diferente a eles que estaban a tan só

unha ducia de millas mariñas de distancia. Coa canción ben aprendida ó son dos singulares fungueiros dos carros, os nenos sentíanse verdadeiras estrelas e xa soñaban coa viaxe a Marín.

Para face-lo maio solicitámo-la axuda de Juan Reiriz, un mariñeiro amigo da nosa escola que viña por alí con frecuencia e do que eu sabía que tiña ben gañadas mañas de carpinteiro. Juan brindouse de seguida a, seguindo ás miñas explicacións, montarnos o armazón do maio para o que el mesmo, mentres os nenos saíran na percura de



"Barco moderno do estilo do 'Cuatro Vientos' da época."

pampullos, marabillas e fiúncho, ir ensamblando as patas, os aros e as canas derredor facendo una estrutura cónica ideal para sobor dela colocar os adornos florais correspondentes. Terminada a obra faltaba o remate



Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

superior para o que, o mesmo Juan, puxo como idea colocar entre dous aros adornados de flores un pequeno barco que el tiña na casa e que podería identificar a orixe do noso maio perfectamente e todo quedou preparado para a montaxe final.

Claro que chegar a Marín, dende a Illa, cun maio non era cousa doada. Precisabamos cando menos un barco que nos levara e foi o momento de falar con Benito, un dos donos do "Cuatro Vientos" que era daquela o barco máis grande e potente da flotiña da illa. A Benito, que tiña ó seu fillo Carlos na escola pareceulle boa a idea e comprometeuse a transportarnos no mesmo día primeiro ata o peirao de Marín co que o desprazamento deixou de ser un problema.

Aquela foi unha noite longa. Pola tarde, os nenos amontoaran na mesma escola os materiais precisos para face-lo maio e puxémonos a traballar con grande ilusión. A confección de colares de pampullos facíalles moita ilusión e un a un ían cubrindo o chan dunha sa da escola na que o arrecendo a flores fixérase intenso. Á tardiña empezamos a cubri-lo maio e, as caras dos rapaces e dalgunhas persoas que nos viñeran axudar ían mostrando sorpresa a cada tramo cuberto do maio dende a saia de espadaina sobre a que colocamos os tres faldróns superpostos do verde fiúncho, ata a sucesión colorista de pampullos e marabilla brancas que foron culminando unha obra para min bastante humilde pero para eles que nunca tal miraran, de auténtica arte. Claro que a felicidade non podía ser completa e, á caída da noite, empezou a levantarse unha marusía que facía brua-lo mar, inequívoco

senal de que o día poderíase presentar malo. O traballo na aula da escola foi intenso e rematou ben pasada a medianoite quedando catro detalles finais para a mañá. Os nenos e a xente que nos axudara fora marchando pouco a pouco ata deixarnos sós con maio practicamente rematado. Polas fiestras da escola asubiaba xa un vento que nos fixo pensar que teriamos que renunciar á viaxe. Pola mañá, ben

cedo, os nenos rodeaban a escola inquedos e bulideiros cos fungueiros dos carros na man. Abrín a porta e, ó mira quedaron sen fala, cos ollos moi abertos contemplando o colorido do seu maio impregnada como estaba toda a estancia dos arrecendos mesturados do fiúncho e os pampullos.

Chovía, o vento do sur fixérase dono do ambiente e no peirao, as ondas do mar estrelábanse con violencia pero ningún de nós se decatara en aquel intre da negativa situación, tan ilusionados como estabamos co noso maio e coa viaxe a Marín.

Varios cornos, unhas cantas rosas e un collar de laranxas do po foron os remates da obra nos que estabamos enfrascados cando escoitamos petar na porta. Era Benito, o dono do barco que viña con cara de circunstancias consciente de que nos ía dar un bo desgusto.

- Non imos poder ir- dixo verdadeiramente compunxido - hai moito mar e venta moito

- Bueno - tranquiliceino - pois non imos. Farémo-la festa pola illa. Se non se pode, pois non se pode - dixeron decidido mentres Benito cambiou a faciana máis tranquilo e libre do que entendía como unha responsabilidade propia.... Pero pasa, pasa. continúei. ven mira-lo maio.

Benito entrou na escola e, ó traspasa-lo marco da porta,



"Cantando o Maio polas rúas de Marín"

COLABORA:

CONCELLO DE BUEU



quedou abraiado, seguramente porque non esperaba toparse con semellante espectáculo, e só acertou a dicir

-¡Qué bonito! e despois de dar un par de voltas ó maio e consciente do desencanto que naqueles momentos se apoderara dos rapaces, buscoume coa vista e dixo decidido: ¡Pois temos que ir!. Se podemos embarcar, imos. Os rapaces recuperaron o sorriso e, ó pouco chegou ó peirao o “Cuatro Vientos” no que, con considerable dificultade, embarcamos maio e nenos e puxemos rumbo a Marín, se cadra na primeira vez da historia na que un maio fixo unha travesía marítima.

Logo de case dúas horas de viaxe, o “Cuatro Vientos” chegou ó peirao de Marín e desembarcámo-lo maio que houbo que refacer en algúns detalles tras sufrir-los efectos do vento na viaxe marítima. Dende alí, os rapaces foron percorrendo as rúas parando aquí ou alá para, apousando o maio no medio delas, face-lo canto ó seu arredor co soar compasado dos fungueiros no chan. Sentíanse verdadeiros protagonistas da xornada é ademais porque, ó remate da actuación, a xente que sabía da súa procedencia, amosáballes un especial cariño.


O maio “O Illeños de Ons” participou pola tarde nun singular concurso no que era o único participante. Daquela sentímonos todos un pouco salvadores da tradicional festa que aquel ano quedaría valeira de contido se non fora polo noso esforzo e ilusión que ademais quedou recollida para a

historia nunha carta que o pintor Manuel Torres Martínez lle remitiu ó seu amigo “Benchosei” na que, logo de laiarse de que, dende o seu punto de vista, os maios perdían a esencia poética e asegurar que estaba case que arrepentido de ter recuperada a festa anos atrás, fai mención a nós dicíndolle “E este ano non habrá ningún maio de aquí e só teremos un de Ons que traerá un escolante de Marín que traballa alí”, referencia que nos enche de satisfacción.

Rematada a actuación dos rapaces do noso maio, que foi presenciada por moita xente de Marín e tamén da Illa que se desprazou para estar presente, a Asociación Santa Cecilia convidounos a unha boa merenda servida no desaparecido “Bar Ons” co que puxemos fin a unha xornada inesquecible para todos nós.

O maio quedou en Marín e nós tivemos que quedar tamén tres días en “terra”, invernados, debido a unha gran marusía e a un considerable temporal que impedía a chegada dos barcos á Illa. Os nenos aloxáronse nas casas dos seus familiares en Portonovo e aproveitaron para canta-lo maio por aquela vila veciña nas tardes de invernada. Cando nos atopamos con algún daqueles rapaces, e nos lembramos das cousas da nosa escola, o día do maio é unha das datas que nos resulta inesquecible.

Días despois a recuperámo-la normalidade da vida na escola e na illa e no próximo Aunios contareivos outras historias.




“Cantando o Maio no intre do concurso. Marín”



A PESCA NA RUTA ATLÁNTICA O XEITO NA TRADICIÓN PESQUEIRA MARINENSE (III)

Por: Manuel Torres Viqueira

Os “*xeiteiros*” adoitaban vender no mar a sardiña capturada, e facían a unhas embarcacións chamadas “*galeóns*” que se estacionaban dentro dos campos de pesca para mercala. Pero tamén había as chamadas “*enviadas*”, que eran embarcacións destinadas a levar o peixe ós portos, fábricas ou praias, cada certo tempo, cando as capturas eran suficientes para este envío.



A “*enviada*” era xeralmente unha lancha “*xeiteira*”, coa súa clásica vela rectangular, que transportaba o peixe a terra, mentres a embarcación “*xeiteira*” quedaba no mar traballando coa rede en novas capturas. Tamén acostumaba levar todo o aparello ó porto de orixe, xeralmente cada quincena, para a súa reparación ou substitución.

A venda do peixe facíase en Marín primeiramente nas praias: Rivera, Almuíña, Canto da Area, Pedra das Mulleres, e despois no peirao, facéndose a poxa tomando por unidade o “milleiro”, que se adxudicaba ó mellor poxador. Se había varios poxadores que ofrecían o mesmo prezo, repartíase entre todos o peixe subastado se eran poucos. Pero se os poxadores eran moitos, sorteábase da seguinte maneira:

Tomábase un monte de sardiñas nunha cesta.

Numerábanse os poxadores.

Facíase que cada un fora sacando ordenadamente unha sardiña cada vez, ata rematar co peixe da cesta.

O que extraía a última sardiña levábase o lote.

A nosa ría constituía unha zona que foi durante moito tempo lugar de abrigo e refuxio onde se recollían abundantes bancos de sardiña. Por iso os “*xeiteiros*” a tiñan como o seu mellor campo de pesca: “Piélagos

abundantísimo de sardiña”.

Segundo os entendidos de entón, a sardiña entraba na ría en cantidade moi grande, bordeando o norte de Ons, dende San Xoán ata o Nadal - cando da volta o sol -, e emigraba cara ó mes de xaneiro ou febreiro, afastándose lentamente bordeando o litoral sur. Pero ás veces facían tan rapidamente que en cuestión dunhas horas desaparecía totalmente da ría.

Unha heteroxénea concorrencia de “*xeiteiros*” ocupaba constantemente a nosa ría e animaba os portos do seu litoral no descanso das súas faenas. Habíaos de tódalas partes. En primeiro lugar os de Marín, Loira, Bueu, Beluso e Aldán que chegaron a sumar ata douscentos corenta e cinco embarcacións. Despois os de Pontevedra, Combarro, Sanxenxo e Portonovo que se contaron ata cento catro embarcacións.

Tamén viñan os da ría de Arousa, tales como os de



Riveira, Caramiñal, Rianxo, Vilaxoan e Cambados, xeralmente non moi ben conceptuados en boca dos rapaces e tilleiros, que difundían as súas fazañas entoando con aire de pasodobre aquel cantar ruidosamente coreado pola rapazada:

“Fillos d’Arousa, rouba boureles,
Fillos d’Arousa, rouba boureles,

.....”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística


Hai que engadir tamén “xeiteiros” procedentes de Corcubión, de Muros e de Noia. E incluso de Vigo, Baiona e A Garda.

Tal era a concorrencia que ós cerca de catrocentos da nosa ría, engadíanse verdadeiras expedicións de “xeiteiros” de tódolos portos do litoral das rías Baixas, dende Fisterra ata a mesma desembocadura do Miño, atraídos pola abundancia dos nosos bancos de peixe. Tal era así que nos libros da época dicíase que “era moi frecuente atoparse pescando dentro da boca da ría de Marín - é dicir augas dentro de Ons máis de dous mil “xeiteiros”.

Pero o “xeito”, secular sustento dos pescadores humildes, tivo que loitar coa intrusión na nosa ría doutras artes, levando a cabo unha abusiva explotación da súa riqueza, apoiados polo Gremio de Mareantes de Pontevedra, Confraría do Corpo Santo e Vicarios que exercían a súa autoridade absoluta sobre a pesca favorecendo descaradamente ós “cercos”, instrumento de pesca dos ricos e poderosos que se facían os explotadores do mar. Como proba da persecución que tivo lugar contra a pesca do “xeito” imos a recordar algunhas das ordenanzas do Gremio de Mareantes naquelas remotas épocas.

NOVENA DO AÑO 1.531 “*que todos los barcos de jeito ansi de la villa como de fora non sean osados de poner a o mar o jeito de día en toda la ría*”...

QUINTA DO AÑO 1.552 “*que ningún geiteiro sea osado de poner desde los bueyes de rajóo y de Aguete hacia la ría al tiempo que los cercos anduvieren a la mar,*



aparejos ninhunos, sopena de perder los aparejos e que le quemem el barco”...


DECIMADO AÑO 1.554 “*que ningun geiteiro vezino o no, vezino... puede poner sus redes desde los boys de rrajóo para el lugar que se dize del jilrreu ny para la ysla de tambo*”...

TERCERA DO AÑO 1.561 “*que los jeyteyros que ahora e en todo tiempo de siempre jamas... que no hayan de pescar en dicha rría desde la piedra do batel de la parte de marín, ni desde el rio micieyro en la de samieira e combarro para cima hacia la barra y rio de la villa*”...

DECIMOSEPTIMA DO AÑO 1.750 “*limitando la pesca del jeito desde el rio Misiero en Samieira hasta la piedra de Batel o Gamela en Marín, para la barra, cuando no haya en la mar mas de dos o tres cercos en la ría. Pero si se llegaron a cinco o seis solo pueda pesca el jeito desde la punta de Festiñans en derechura al Monte de San Cremenzo o Clemente, sobre el islote y capilla del mismo, hacia fuera*”.

O que equivalía a dicir que os meridianos da demarcación pesqueira da ría quedaban así sinalados:

Río Misiero - pedra Batel ou Gamela e Punta Festiñáns - monte de San Clemente do Mar.






A PESCA NA RUTA ATLÁNTICA O XEITO NA TRADICIÓN PESQUEIRA MARINENSE (III)

Por: Manuel Torres Viqueira

Os “*xeiteiros*” adoitaban vender no mar a sardiña capturada, e facían a unhas embarcacións chamadas “*galeóns*” que se estacionaban dentro dos campos de pesca para mercala. Pero tamén había as chamadas “*enviadas*”, que eran embarcacións destinadas a levar o peixe ós portos, fábricas ou praias, cada certo tempo, cando as capturas eran suficientes para este envío.



A “*enviada*” era xeralmente unha lancha “*xeiteira*”, coa súa clásica vela rectangular, que transportaba o peixe a terra, mentres a embarcación “*xeiteira*” quedaba no mar traballando coa rede en novas capturas. Tamén acostumaba levar todo o aparello ó porto de orixe, xeralmente cada quincena, para a súa reparación ou substitución.

A venda do peixe facíase en Marín primeiramente nas praias: Rivera, Almuíña, Canto da Area, Pedra das Mulleres, e despois no peirao, facéndose a poxa tomando por unidade o “milleiro”, que se adxudicaba ó mellor poxador. Se había varios poxadores que ofrecían o mesmo prezo, repartíase entre todos o peixe subastado se eran poucos. Pero se os poxadores eran moitos, sorteábase da seguinte maneira:

Tomábase un monte de sardiñas nunha cesta.

Numerábanse os poxadores.

Facíase que cada un fora sacando ordenadamente unha sardiña cada vez, ata rematar co peixe da cesta.

O que extraía a última sardiña levábase o lote.

A nosa ría constituía unha zona que foi durante moito tempo lugar de abrigo e refuxio onde se recollían abundantes bancos de sardiña. Por iso os “*xeiteiros*” a tiñan como o seu mellor campo de pesca: “Piélagos

abundantísimo de sardiña”.

Segundo os entendidos de entón, a sardiña entraba na ría en cantidade moi grande, bordeando o norte de Ons, dende San Xoán ata o Nadal - cando da volta o sol -, e emigraba cara ó mes de xaneiro ou febreiro, afastándose lentamente bordeando o litoral sur. Pero ás veces facían tan rapidamente que en cuestión dunhas horas desaparecía totalmente da ría.

Unha heteroxénea concorrencia de “*xeiteiros*” ocupaba constantemente a nosa ría e animaba os portos do seu litoral no descanso das súas faenas. Habíaos de tódalas partes. En primeiro lugar os de Marín, Loira, Bueu, Beluso e Aldán que chegaron a sumar ata douscentos corenta e cinco embarcacións. Despois os de Pontevedra, Combarro, Sanxenxo e Portonovo que se contaron ata cento catro embarcacións.

Tamén viñan os da ría de Arousa, tales como os de



Riveira, Caramiñal, Rianxo, Vilaxoan e Cambados, xeralmente non moi ben conceptuados en boca dos rapaces e tilleiros, que difundían as súas fazañas entoando con aire de pasodobre aquel cantar ruidosamente coreado pola rapazada:

“Fillos d’Arousa, rouba boureles,
Fillos d’Arousa, rouba boureles,
.....”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística


Hai que engadir tamén “xeiteiros” procedentes de Corcubión, de Muros e de Noia. E incluso de Vigo, Baiona e A Garda.

Tal era a concorrencia que ós cerca de catrocentos da nosa ría, engadíanse verdadeiras expedicións de “xeiteiros” de tódolos portos do litoral das rías Baixas, dende Fisterra ata a mesma desembocadura do Miño, atraídos pola abundancia dos nosos bancos de peixe. Tal era así que nos libros da época dicíase que “era moi frecuente atoparse pescando dentro da boca da ría de Marín - é dicir augas dentro de Ons máis de dous mil “xeiteiros”.

Pero o “xeito”, secular sustento dos pescadores humildes, tivo que loitar coa intrusión na nosa ría doutras artes, levando a cabo unha abusiva explotación da súa riqueza, apoiados polo Gremio de Mareantes de Pontevedra, Confraría do Corpo Santo e Vicarios que exercían a súa autoridade absoluta sobre a pesca favorecendo descaradamente ós “cercos”, instrumento de pesca dos ricos e poderosos que se facían os explotadores do mar. Como proba da persecución que tivo lugar contra a pesca do “xeito” imos a recordar algunhas das ordenanzas do Gremio de Mareantes naquelas remotas épocas.

NOVENA DO AÑO 1.531 “que todos los barcos de jeito ansi de la villa como de fora non sean osados de poner a o mar o jeito de día en toda la ría”...

QUINTA DO AÑO 1.552 “que ningún geiteiro sea osado de poner desde los bueyes de rajóo y de Aguete hacia la ría al tiempo que los cercos anduvieren a la mar,



aparejos ninhunos, sopena de perder los aparejos e que le quemem el barco”...

DECIMADO AÑO 1.554 “que ningun geiteiro vezino o no, vezino... puede poner sus redes desde los boys de rrajóo para el lugar que se dize del jilrreu ny para la ysla de tambo”...


TERCERA DO AÑO 1.561 “que los jeyteyros que ahora e en todo tiempo de siempre jamas... que no hayan de pescar en dicha rría desde la piedra do batel de la parte de marín, ni desde el rio micieyro en la de samieira e combarro para cima hacia la barra y rio de la villa”...

DECIMOSEPTIMA DO AÑO 1.750 “limitando la pesca del jeito desde el rio Misiero en Samieira hasta la piedra de Batel o Gamela en Marín, para la barra, cuando no haya en la mar mas de dos o tres cercos en la ría. Pero si se llegaron a cinco o seis solo pueda pesca el jeito desde la punta de Festiñans en derechura al Monte de San Cremenzo o Clemente, sobre el islote y capilla del mismo, hacia fuera”.

O que equivalía a dicir que os meridianos da demarcación pesqueira da ría quedaban así sinalados:

Río Misiero - pedra Batel ou Gamela e Punta Festiñáns - monte de San Clemente do Mar.






ARREDORES DE SANTANA PEREGRINANDO CARA A COMPOSTELA (III) "A ESCOLA EN SANTANA"

Por: Jose Manso Gómez

Os dous amigos da Limia, despois do seu merecido descanso en Portomarín, seguiron o seu Camiño rumbo a Palas de Rei. Quedaran, xa que tiñan tempo, en ir máis paseniñamente e así pararse máis a contemplar a beleza da paisaxe que ían percorrendo, o seu patrimonio histórico - artístico e a gastronomía das diferentes zonas; ó carón, ían charlando sobre as súas particulares experiencias e costumes da súa Limia natal.



A primeira parada importante tivo lugar en Palas de Rei. Posúe un patrimonio artístico moi variado e interesante destacando, no eido do campo Sacro, un bo número de igrexas sobre todo varias de estilo románico o século XII; dentro da arquitectura civil salientar o importante número de Pazos e Casas Solariegas e como punto principal o Castelo de Pambre que data dos séculos XIV e XV construído sobre un macizo rochoso e que os expertos citan como un dos mellores exemplos de arquitectura militar galega destacando por ser un dos poucos que non sufriron moitos danos coa revolta Irmandiña.

Despois de gozar da arte de Palas, poñemos rumbo a Melide onde se une o Camiño Francés coa Ruta Costeira que viña dende o País Vasco e Cantabria. Aquí visitamos as igrexas de Santa María do século XII, a ponte medieval sobre o río Furelos, a igrexa de San Pedro onde ó seu lado se atopa o que din é o cruceiro máis antigo de Galicia e o Museo de Terra de Melide.

Logo colleremos camiño cara a Arzúa onde saborearemos os ricos queixos nas súas variantes de fresco, semicurado e curado.

Foi aquí, saboreando este riquísimo queixo, cando viñeron á nosa memoria o que nos daban na primeira escola que tivemos en Santana, e foi así como nos puxemos a recordar...


OS MESTRES AMBULANTES

Antes de 1958, o que quería aprender a ler e escribir debía buscarse a vida como podía. Había escola oficial en Sandiás, pero o caso é que non estaba regulada a dependencia do noso pobo a esa escola ou a calquera outra.

O estraño da situación é que, aínda así, houbera quen soubera ler e escribir. Os nosos pais contaban que ían a Sandiás pero que, como o mestre lles pegaba, a maior parte dos días "*lataban á escola*" e quedaban no Souto de Brais, nos buracos dos centenarios castiñeiros. É por iso que non era estraño que cando calquera persoa se desenvolvía ben coas letras, puxera escola, sen necesidade de título algún, a cambio dunha tega de centeo.

Foi así como chegou a mestre o Asturiano, un errante cun día aterrou por Santana e que se fixo de seguida famoso, pero máis polos crueis castigos que imponía que polo éxito do seu ensino. Foron tamén famosas As Mecas, dúas irmáns nadas no pobo que foran a estudar algo á capital e eran fillas do Meco, o

médico, da familia dos do pazo, pero que viñeran a menos. Contan as malas linguas que a pesar dos aires de señoritangas, eran as que máis fame pasaban na aldea.



A aula de verán era o patio da casa, ó aire libre. A de inverno, a corte, ó calorciño da fermentación do esterco das vacas. E, dende logo, sempre había que levar unha banquetiña da casa para se sentar.

No Castro funcionou moito despois (foi a primeira escola), outra de semellantes características na casa do tío Ribeirao, pero non durou nin dous anos. Despois fora a Corga, onde xa había escola de primaria oficial.

A ESCOLA EN SANTANA

A primeira escola oficial que se abriu en Santana fundouse o día 28 de febreiro de 1958, sendo inspector de ensinanza primaria da Provincia D. Constantino Abella e mestra a Sra. Mariluz. Abriuse por iniciativa de seis ou sete veciños e gracias ó tesón e sacrificio da comisión integrada polos mesmos. Recordaba aínda os nomes: Celso Manso, José Rodríguez, David Santana, Eligio Gómez, Manolo Raño e Eloy Doval.

A parte dos innumerables trámites burocráticos polos que tiveron que se desprazar á capital e vencer dificultades engadidas derivadas da súa inexperiencia e lóxica ignorancia, houberon tamén de vencer a reticencia e falla de colaboración de moitos veciños, quizais os máis podentes, que se negaron a contribuír coa cota mínima asignada de 2.000 ptas.

Pola contra deuse o caso de veciños, nos que a súa inhibición estaba máis que xustificada por pobreza, que contribuíron dentro dos seus medios, deixando o seu honor moi alto.

Houberon de mercar todo o mobiliario: armario de libros, mesa para a mestra, pupitres (en madeira de castaño), outras mesas, cadeiras, libros, mapas, murais, bandeira, encerado, lapis, tinteiros, etc., seguindo unha lista facilitada por inspección.

O meirande problema xurdía pola falla de local, xa que a construción dunha casa facíase prohibitiva para un pobiño tan pequeno como Santana e o Plan Nacional para a construción das Casas Escola non se levaría a cabo ata tres anos máis tarde. Solucionouse co xeneroso ofrecemento do veciño José Rodríguez Durán, que puxo a disposición da comisión o sobrado da súa casa.

Por fin chegou aquela feliz mañá. Cando chegaron o Sr. Inspector e Señora, acompañados pola Sra. Mestra e marido, sen presenza de autoridade municipal algunha, foron recibidos cunha salva de foguetes e o ofrecemento dun cóctel por parte da comisión.

Unha anécdota daquela data xurdiu da muller do

Inspector que non tomaba alcohol e comentou, que lle iría mellor un vasiño de leite. Como non o había alí, a miña nai marchou veloz á casa a mungui-la vaca para poderllo ofrecer.

Cando rematou a inauguración, sacouse a bandeira ó balcón e subimos tódolos rapaces. No encerado esperábanos un debuxo con xices de cores: Un bosque e unha nena cunha cestiña do brazo e coa lenda "Caperucita encarnada". Non permitimos que a mestra o borrara durante unha semana enteira: unha imaxe indeleble na memoria.



A escola agrupaba ós nenos e nenas de Santana, O Castro, A Ladeira e Novaiño (próximos, coma quen di, de Santana e que participaban xuntos en case tódolos traballos comunitarios). Asistimos un total de 23 raparigos de entre os 6 e os 13 anos (¡Nunca volveu a haber tantos!), ós de 14 anos xa os pais os tiñan retirado da escola para dedicalos ó traballo. Para patio de recreo tiñamos a Carriera, a Eira de Riba, a Poula do Bouzo,...

Foi por aquel entón cando recibimos por primeira vez o queixo e o leite en po da axuda americana que, por certo, duraría pouco tempo: o queixo porque o terminaron por comer os distribuidores polo camiño e o leite porque todos tiñamos vacas na casa e o que nos daban non nos gustaba.

Chegáramos a Arzúa en día de mercado e diso xurdiron tamén os vellos oficios ambulantes que a nosa terra chegaban por aquel entón...

OS AMBULANTES O AFIADOR E PARAUGUEIRO

Viñan empuxando a súa roda e anunciábase cun chifaro. É un oficio que xa está moi descrito en multitude de publicacións.



Dicir que non tiña moito traballo porque a xente da Limia soía ser bastante destra na arte de afiar os coitelos e ferramentas. ¿quen non tiña unha afiado ira

na casa ?

O CAPADOR

Tamén se anunciaba cun chifaro do oficio. Sempre pensaba un que o que realmente viña era a dar un concerto, porque entoaba unha longa sonata. Pero de seguida sacábanos de dúbidas porque engadía: “¡Capadooooor!”.

Por alí era famoso o capador de Guillamil. Empregaba unha navalla cabriteira e como desinfectante, manteiga e cinza.

OS FOLLALATEIROS

Chegaban nun carromato tirado por un burro e cargado de tallas, farois, candís e poticos. Viñan dous ou tres homes e as súas mulleres cunha morea de pequerrechos.

Instalaban os seus requitraques debaixo do “Alpendio da Antonia” e durmían no forno, senón cocía. De seguida anunciábanse casa por casa e a xente leváballes tallas de cinc furadas para cravatear, potas para estañar-las

angas, encargos dun candil ou un farol novo, facer unha canada para o leite, etc.

Podían botar máis dunha semana enteira no pobo e cando marchaban non ían de baleiro, porque a xente, por riba de pagarlles, dábanlles víveres e roupa para os rapaces. Recordo a unha familia que viña dende hai anos, ós que lles dicían “Os da Matilde”. Nunca soubemos de onde procedían.

OS CACHARREIROS

Aparecían por alí a partires do mes de novembro e pasaban todo o inverno ata a chegada do bo tempo. Era un home cunha reata de dúas ou tres mulas, con aparellos atestados de cacharros de barro, aínda que, na derradeira adoitaban traer mantas.

Procedían de Astorga ou Benavente e todo o mundo dicíalles “Os Castellanos”. Acostumaban parar en Sandiás, onde tiñan unha casa alugada para almacenaren a súa mercancía. Tamén traían trigo e millo para a sementeira.




Fig. 395. - Ferramentas dos latoeiros ou picheiros: 1, fornillo. 2, tasca ou soldador. 3, tixeira. 4, machelo. 5, zafra. 6, mazo. 7, martelo. 8, alicate. 9, compás. 10, madeiro. 11, ferros. 12, chapa.

Anunciábanse á entrada do pobo co berro “¡Oooooh!”. Xa polos finais dos anos sesenta xa viñan a bordo dun Land Rover e aínda respectaban o percorrido doutros anos.

OS ARRIEIROS

Os vellos de alí recordan arrieiros que o mesmo mercaban que vendían pero, sobre todo, ós que viñan merca-las patacas, que despois as levaban en reatas de cabalerías, cada un con dúas ou tres mulas, e que as almacenaban na Fontela para, dende alí, reexpedir para Ourense e outras capitais.

Eran de distinta procedencia pero os máis famosos eran os *maragatos*.

OS PELIQUEIROS

Mercaban pelicas de coellos e ovellas. O curtido destas peles facíase na casa, estirándoas en fresco por medio de dous paos afiados que tensaban nos extremos e cubríndoas con cinza.

A roupa vella aproveitábase ata que xa case non servía para nada, entón os farrapos vendíanselle ó *farrapeiro* que viña con frecuencia e, tamén, recollía o pouco cartón que había. Todo con destino á reconversión en papel.

OS CHATARREIROS

Mercaban ferralla e chatarra vella. A xente aproveitaba a oportunidade para desprenderse de cachifallos que estorbaban na casa e sacar para unha botella de aceite que era para o que alcanzaba a venda.

Non era raro que se deixaran enganar e venderan por unha miseria cousas de gran valor, como foi o caso dunha caldeira de cobre duns 100 l. na casa dos meus pais.

OS DO CORNECELO


O cornecelo (*Claviceps purpurea*) é un fungo de cor gris escuro, case negro, semellante a un tizón, que se desenrola na espiga do centeo no momento da floración. Empregábase na industria farmacéutica para a fabricación de menciñas polas súas propiedades terapéuticas - hemostático.

Viñano a mercar polas portas provistos dunha pequena romana que pesaba en libras. Era no mes de xuño cando se recollía. Requiría moitas horas para poder xuntar unha soa libra (pouco máis de medio quilo), pero pagábase ben

e era un bo recurso para os raparigos que querían facer uns reais para poderense pagar algún capricho ou necesidade, pero tamén o buscaba a xente maior, mulleres e vellos sobre todo.

OS SERRADORES

Eran precisos para a fabricación das táboas do sobrado ou para o tronzado de trabes para as tesoiras das casas, para os pontóns, etc. Dicían que os verdadeiros expertos eran os portugueses. Traían uns tronzadores que manexaban entre dous homes, turrando cada un por cadansúa beira. Consegúan que o fío pasara, limpo e vertical, pola liña recta que se imprimía cun cordel mollado en tinta vermella e que despois de tensado deixábase caer sobre a madeira.





CASTRO LUPARIO, UN FITO NO CAMIÑO

Por: Francisco Calo Lourido

Nos anteriores números de “Aunios Xacobeo” vén marcando unha ruta marítima a Compostela Celestino Pardellas, *alma mater* desta revista. No último, deixounos quedar en Carril, aparellando para penetrar a foz do Ulla e facer a derradeira derrota. Presumindo que a singradura fondee a carón da barca do Apóstolo¹ e amarre, dando un cabo ó “padrón” de Iria, saltarei en terra, botareime ó camiño e farei unha postiña no lugar onde os discípulos solicitaron un anaco de terra para sepultar ó mestre.


As tradicións e mesmo as lendas susténtanse nunha base de realidade, non sempre doada de percibir a causa de sucesivas desfiguracións. O relato da translación dos restos de Santiago, pola súa importancia para a xustificación da invención do sepulcro e para que puidera servir de sólido alicerce (“firme y segura como aquella columna”) da historia e dos dereitos seculares da catedral compostelá, tivo a sorte de contar coa atención do laborioso e lúcido historiador e cóengo López Ferreiro². A *Historia Compostelana* narra que os discípulos, rematado o periplo de sete días desde Jafa ata Iria, se dirixen a unha señora importante, chamada Lupa, á que lle piden que lles dea un cativo templo, no que ela entronizara un ídolo, para alí soterrar ó mestre. Como segue o relato é ben coñecido e mesmo os lectores desta revista o poden consultar no número anterior³; pero facendo un resumo, direi que a cruel Lupa enviounos ó rei que vivía en *Dugium*, quen lles prepara unha emboscada. Conseguen fuxir e Deus fai que, logo de pasar unha ponte, se derrube esta, levando con ela ós perseguidores. Chegan novamente os discípulos xunto a traidora Lupa, quen os manda ir ó monte *Ilicino*, onde ten unha manada de bois, permitiéndolles coller os que precisaran e empregalos no transporte do material necesario para facer o sepulcro. Chegados alí, sae un dragón que tenta devoralos, pero diante da cruz retrocede e “rebenta pola metade do ventre”. Múdanlle o nome ó monte polo de Monte Sacro e os bois, ferozmente bravos, tórnanse mansiños coma ovellas e déixanse poñer ó carro. Cando Lupa os ve chegar, convértese e

concédelles, agora si, un lugar chamado Libredón (*liberum donum*) para que dean descanso ós itinerantes restos de Santiago.

López Ferreiro tentou ubicar no mapa de Galicia os sucesivos lugares polos que pasaron os discípulos neste peregrinar na procura dun sepulcro. *Dugium* sería a actual Duiro, a carón do cabo de Fisterra; a ponte que se derrubou tiña que estar sobre o río Tambre, concretamente en *Nicraria* (Negreira). O monte *Ilicino* recrismado como Monte Santo, é necesariamente o actual Pico Sagro. Por suposto, Libredón será a actual Compostela, onde está o sepulcro que deu orixe á catedral e á cidade.

¿Onde vivía esta muller tan poderosa chamada Lupa?

O Códice Calixtino di que os discípulos se desprazaron desde Iria cara ó oriente unhas cinco millas, onde se lles informou de que aquela terra pertencía á nobilísima señora Lupa. López Ferreiro,



“Castro de Francos vixiando o Camiño de Santiago.”

no seu afán por ubicar tipograficamente o deambular dos discípulos de Santiago, non dubidou de que a morada de Lupa estaría precisamente nun castro levantado pola zona que indica o Calixtino e que é coñecido como Castro de Francos ou Castro Lupario. Non foi el o primeiro que mostrou interese por este xacemento arqueolóxico, pois, alá polo 1532, temos unha sinxela referencia ó mesmo de Juan de Azcona⁴, e uns oitenta anos despois, concretamente en 1610, un

militar, Castellá Ferrer, vai facer unha detallada descripción do castro. A súa condición de "Cabo de las compañías del Estado de Celanova, y distrito de Orense", como consta na autorización real para publicar o seu libro, queda patente na elección de detalles, vocabulario e comparacións explicativas que utiliza. Vexamos: "Residía Lupa en un Castillo y Fortaleza suya, rodeado de gruesa muralla, que aun tiene doze pies de ancho en algunas partes, dentro de la qual ay tanta capacidad, que cabe un escuadron de quatro mil hombres, y mas: aun ay oy dia grandes pedaços della, en partes tiene altor de una pica (que quiere Dios conservar estas memorias por honor de su Apostol). Tenia el Castillo en medio desta plaça, cuyos cimientos se ven aora, y desde la entrada de la primera muralla se yva a el por una calle estrecha de ocho pies de ancho, hecha de uno, y otro lado con gruesa muralla. Estava esta fuerça, y estan estos vestigios en un sitio fuerte que ocupa la corona de un alto cerro, a dos leguas de Iria, junto a Francos, a mano y zquierda del camino que viene de Compostela, de la cual dista otras dos, llamanle aora Castro Lupario..."²⁵

En 1898, López Ferreiro fai notar que pouco variou a topografía do lugar despois de tantos anos, engadindo que ten unha planta de ferradura, que non é un, senón dous os circuítos de murallas de peche, construídas de cachotería en seco e que, nalgún treito, aínda conservan unha altura de 4 metros por máis de 2 de ancho. Da torre central, á que Castellá chamou *castillo*, só quedan ruínas; dá noticia doutro torreón que defendía a entrada, polo norte, e remata dicindo que o muro interior tiña 600 m. de perímetro.

Hai que agardar a 1971 para que dous arqueólogos da Universidade de Santiago fagan un estudio descritivo do xacemento e analítico dos materiais que, con maior ou menor grao de certeza, proceden del. En


canto á topografía, fan fincapé en que o estado de conservación é algo peor, pero moi semellante ó descrito López Ferreiro; engaden que a confusión de muros é total e que se precisaría dunhas escavacións arqueolóxicas que botaran algo de luz sobre o castro. Cando eu me ocupei del⁶, pouco máis puiden facer que reunir tódalas publicacións que, desde Castellá, se fixeran sobre o xacemento. Daquela, o meu interese no castro radicaba nunha cabeza pétreica que os devanditos arqueólogos describiran e que, desaparecida en data indeterminada, eu nunca cheguei a ver⁷.

Aplicanse a este castro unha variedade de nomes: Castro de Francos (pola aldea de Rúa de Francos, ó leste), Castro de Beca (por un lugar que hai na baixada cara ó noroeste) e, en tempos de Castella, tamén se

coñecía como Castro de San Antonino (por unha capela que hai na súa aba, hoxe dedicada ó Espírito Santo). O seu cumio divide as freguesías de Santa María de Ribasar e San Xián de Bastabales, concellos de Rois e Brión respectivamente (A Coruña). Tipograficamente está emprazado nunha altura de 100 m. As coordenadas


son: 42° 48' 50" Lat. N. e 8° 37' 38" Lonx. O. (Mapa Topográfico Nacional, folla 120-II Extramundi de Abaixo) Obsérvase perfectamente no lado esquerdo da estrada nacional 550, aproximadamente a medio camiño entre Padrón e Santiago, no lugar do Faramello.

Por non se ter efectuado nel escavacións arqueolóxicas sistemáticas, pouco se pode dicir sobre os fragmentos cerámicos recollidos en superficie, unha pedra con insculturas de círculos concéntricos - que apareceu nun muro como material reaproveitado - ou unha cabeza en pedra, tan informe que nin os autores que a examinaron puideron determinar se tería unha única cara ou se se trataría dun xano, dun bifronte. Un tesouriño monetario, do que se dixo que



"Vella ponte sobre o río Tinto que lambe os pés do castro"

se dixo que aparecera dentro do recinto (aunque hai dúbidas sobre eso) estaba formado por moedas que foron doadamente clasificadas. Todas elas eran romanas de época serodia, desde un dupondio de Crispina (180, aproximadamente) ata un follis da época de Constantino I (330-331), o que fixo pensar ós



“Derradeiro albergue do Camiño Portugués no pé do castro”

que o estudaron que o acubillo fora feito nos mediados do S. IV. Con tan poucos datos, tan só podemos deducir que o castro debeu de estar en funcionamento durante a época romana e, pola localización dos *populi prerromanos*, estaría habitado polo pobo dos Amaeos ou Amaecos, que deron nome á actual terra da Amaía. Pero moi posiblemente, aínda que non apareza na documentación citado como tal, é moi probable, a xulgar pola forma, paramento dos muros e mesmo a descrición de Castellá, que tivera sido reocupado na alta idade media e reedificado cun castelo⁸.

Pero a nós, hoxe, non nos interese tanto pola súa historia real, que os traballos arqueolóxicos terán que desenterrar, canto por se ter convertido nun fito importante na tradición da translación do corpo de Santiago. ¿Que foi antes, o ovo ou a galiña? ¿Existía un castro, chamado Lupario, que prestou o seu nome a unha rica señora imaxinada, ou o nome pertenceu primeiro a Lupa, sendo despois aplicado ó castro? Semella máis lóxico pensar, pois o contrario resulta excesivamente forzado, que naquel lugar había un vello castro ou castelo abandonado, con potentes

ruínas á vista e moitos lenzos de murallas en pé, que serviu para que o enxeñoso constructor da lenda emprazara alí o centro de toda a acción. O sepulcro do Apóstolo está en Compostela e os seus restos houbo que traelos por mar desde o mediterráneo oriental ata o porto que, para os homes dos inicios do S. XII, século

do Códice Calixtino, quedaba máis próximo. E este era, naturalmente, o porto de Padrón, coñecido nesa altura como Porto de Santiago ou Porto do Apóstolo, protexido por Xelmírez e honrado por Fernando II coa concesión do foro, en 1164. E a medio camiño entre Padrón e Compostela destacarían moito na paisaxe, como aínda agora o fan, as ruínas que, entre outros chamadoiros, levaban o de Castro Lupario, nome usual nunha época en que abundaban os lobos e que atopamos por toda a xeografía baixo a evolución de Lobeira, de aí que o propio Castellá Ferrer chegara a confundir este castro co Monte Lobeira de Vilagarcía, ó que en realidade se refire en varias

ocasións o Calixtino, sen relación coa señora Lupa.

O espacio que se me concedeu para o artigo vaime obrigando a pechalo, pero non me resisto a insinuar que o nome de Lupa (Luparia, segundo o orixinal) é demasiado suxestivo e cheo de connotacións negativas, indicando unha mala muller (neste caso lonxe da acepción de comercio carnal, pois ela, viúva, rexeitaba tódolos pretendentes, por non cometer un a xeito de adulterio contra o seu home falecido). Dona Lupa tamén se chamaba aquela desalmada que prestou ó tan popular (e moi vencellado ó culto de Santiago) San Gonçalo de Amarante uns bois, igualmente salvaxes; pero que este conseguiu poñer ó carro para facelos acarrexar pedra coa que construír a ponte que lle valeu a santidade. Preto de Amarante (Portugal), na freguesía da Madalena, hai unhas ruínas que, na tradición popular, corresponderon a unha albergaría, quizás de peregrinos, e que se coñecen co nome de “Pazo de Dona Loba”⁹. As lendas viaxan, sofren mutacións e préstamos e nós temos un patrimonio común na vella *Gallaecia* que algún día haberá que estudar máis demoradamente.



"Fragmento do mapa de Ojea de 1598. A medio camiño entre Padrón e Santiago. Francos"

Repoñamos forzas no albergue que hai xusto no sopé do castro, fagamos os 12 km que nos quedan e, polo castelo da Rocha, entremos en Compostela.

¹CALO LOURIDO, Francisco (2001): "Matices sobre barcos de pedra nas costas galegas". *Aunios Xacobeo*, nº 4. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns. O Grove, pp. 37-40.

²LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1898-1911): *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago. Sobre a arqueoloxía en López Ferreiro cfr. ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1981): "A arqueoloxía na obra de López Ferreiro". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXII, Santiago, 57-80.

³PÉREZ FERNÁNDEZ, Pablo (2003): "Xacobe dos camiños". *Aunios Xacobeo*, nº 8. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns, O Grove, 21-23.

⁴Fr. Johannis de Azcona viaxou por estas terras en 1532 e deixou unha descripción detallada, mesmo das capelas da catedral. Sobre este castro dixo que "entre el camino de Padrón y de Santiago está una torre que llaman del Sixto cabe Santo Antonio, junto con un lugar que llaman Franco, onde se dize que moraba la Reyna Luparia". Tomei esta nota de GUERRA CAMPOS, José (1982): *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del*

Apóstol Santiago. Santiago, 54.

⁵CASTELLA FERRER, Mauro (1610): *Historia del Apóstol de Iesus Christo Sanctigo Zebedeo Patrón y Capitán General de las Españas*. Madrid, 129-130v.

⁶CALO LOURIDO, Francisco (1994): *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. T.I. Fundación: "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa". Catalogación Arqueológica y Artística del Museo de Pontevedra. Pontevedra., 259-261.

⁷ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando e CAVADA NIETO, Milagros (1971): "Noticias arqueológico-numismática del Castro Lupario (Rois-Brión, La Coruña)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI, Santiago, 265-277. Atopamos outras referencias sobre Castro Lupario en MURGUÍA, Manuel (1901): *Historia de Galicia*. T. I, 2ª ed. Coruña 632-633. CASTILLO LÓPEZ, Angel del (1972): *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. Editorial de Bibliófilos Gallegos, Santiago. CAVADA NIETO, Milagros (1971): "Hallazgos monetarios en castro de Galicia". *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*. Valladolid, 211-248. S/A (s/d): "Francos, Castro de" *In Gran Enciclopedia Galega*, XIV, Vitoria, 86-90.

⁸A mesma intuición tivo FREIRE BARREIRO, Francisco (1885): *Guía de Santiago y sus alrededores*. Santiago, 418-419. Di este autor que se coñecía sobre todo como Castro de Francos ou, como el repite, Castro do Faramello. El chega a afirmar e, se cadra, ten moita razón, que: "La simple inspección de las ruínas del Castro del Faramello basta para demostrar que pertenecen a una fortaleza del siglo X ú XI, levantada probablemente para defender el país de las incursiones de los normandos, cuyas hordas, penetrando por la ría del Padrón, amenazaban destruir el sepulcro del Apóstol". O día que se fagan excavacións non me extrañareise, sobre un substrato castrexo e romano, aparecen importantes restos medievais.

⁹CUNHA, Arlindo de magalhães Ribeiro da (1994): "Caminhos portugueses de peregrinación a Compostela". *Boletim Cultural de Esposende*, nº 18, Esposende, 81-109, nota 26.



ODA A SANTIAGO

Por: Pablo Pérez Fernández

Varou a noite en Santiago
e xermolaron as pedras.
Nubes de lúas douradas
teceron brandas cadeas.
O silencio foi linguaxe
de amores e de doenzas.
Polos currunchos o vento
pintou historias e lendas.

Varou a noite en Santiago.
A arte fíxose pedra.
Choivas e fadas ceibaron
badaladas nas meixelas.
Aturuxos bretemosos
agromaron nas pedreiras,
agromaron nas pedreiras,
as esmorgas silandeiras.

Varou a noite en Santiago.
O tempo foi Compostela.
Medos e soños calaron
para escoita-las estrelas.
Paseniño se espaxen
cantigas de bolboretas,
sementando polas rúas
un regueiro de vivencias...

Varou a noite en Santiago.
O mundo foi Compostela.





POLOS CAMIÑOS DA RÍA DE AROUSA CARA A COMPOSTELA ANDURIÑA

Por: Jose Miguel Besada Fernández

Dentro do escaso patrimonio literario no que O Grove ten un relevante protagonismo, hai unha novela esquecida, máis ben non coñecida pola gran maioría do pobo desta vila, da que non só sería interesante saber dela, senón tamén lela para, entre outros motivos, gozar da súa lectura e mergullarse nunha época que marcou o destino do que sería despois a vida e parte da indeosincracia de O Grove: O turismo e o Balneario de A Toxa.

O AUTORE A SÚA OBRA LITERARIA

Jaime Solá Mestre viviu entre os anos 1874 e 1940 e, aínda que naceu en Vigo onde por motivos da empresa e relacións, desenrolou a maior parte da súa actividade literaria, pódese considerar como un fillo máis de O Grove, xa que a súa familia residía nesta vila e con ela tiña un contacto permanente, pasando longas tempadas entre a coñecida residencia que tiña no pobo e a illa de A Toxa, coa que estaba moi relacionado pola súa personalidade e polos altos cargos cos que mantiveron relación os seus familiares na Illa.

Estudou en Santiago a carreira de Dereito pero a súa actividade foi principalmente a literatura á que consagrou toda a súa vida, especialmente, o periodismo no que lle cabe a honra de marcar unha época, fundando a revista "Vida Gallega" ano 1909 (ano no que se fixo a ponte de A Toxa), dirixíndoa ata 1936.

A revista tivo unha grande importancia na súa época pola súa calidade e na que plasmaba, coa súa riqueza fotográfica, a vida na Galicia dese tempo, sobre todo os acontecementos destacables da burguesía que frecuentemente incluía a sociedade estival de A Toxa.

O autor escribe en castelán como tantos outros destacados da súa época que colaboraron asiduamente en "Vida Gallega" como Valle Inclán, Fernández Flores, Pardo Bazán, Linares Rivas, etc., renunciando ó movemento galeguista que se creou co grupo "Irmandades da Fala", base do futuro nacionalismo galego no que non participou a pesar de que na revista participaron tamén Murguía, Ramón Cabanillas e Castelao entre outros. Non obstante, Solá creou unha fusión con literatos nacionalistas

que repercutiu na revista.

Tamén abordou outros xéneros literarios como a poesía en "Todo Malo", o teatro en "El Diputado", etc., e por último, o escritor, practicamente esquecido a pesar do seu papel importante na Galicia do seu tempo, foi estudado e comentado por prestixiosos investigadores e estudiosos da literatura e historia contemporánea de Galicia como Carballo Calero, Couceiro Freijomil e José Antonio Durán Iglesias.

ANDURIÑA

A inmersión de Jaime Solá no mundo da narrativa, ten en Anduriña a novela máis destacada. Foi publicada no ano 1916 situando o tema en O Grove e na súa illa de A Toxa, na etapa na que comezou o gran desenrolo da illa a raíz do Balneario e o Gran Hotel.



"Vella ponte de A Toxa"


A novela é moi a mena, nun estilo e unha temática sinxela do seu tempo encadrada, como dicía Carballo Calero, nun "modernismo galeguizante" propio da maioría dos autores galegos dese tempo.

Baséase no regreso de Cuba, onde exercía un importante cargo, dun xove señorito moi estimado no pobo que se namora dunha rapaza da vila á que lle chamaban Anduriña, sendo isto a trama principal para ir describindo por ese motivo o pobo de O Grove

coas súas actividades e, sobre todo, A Toxa, co seu medio principal de transporte dende Cambados; a barca de Devesa que, debido a que non había aínda ponte, facía o transporte de O Grove á Illa; tamén os personaxes populares da Vila; o cego de Padrende, e outros máis.

Por mor da publicación da novela, houbo unha repercusión positiva en O Grove, xa que era un libro baseado no pobo e lle deu fama e publicidade. Tanto foi así que o nome Anduriña fíxose case coma un lema no pobo, tomando dito nome o primeiro equipo de fútbol da localidade que se fixo lendario en toda a comarca, tanto foi así que se identifica "Anduriña" con O Grove.

Así foi como esa novela foi moi importante para o Grove do seu tempo e agora é esquecida ou non coñecida. ¿Por que non se reedita?



POLAS RUTAS DE FISTERRA

Por: Manuel Chazo Cores

Don Manuel Chazo Cores, mecánico naval, é un namorado do mar, onde tivo que traballar dende a idade de 17 anos. Foron anos de loita nas costas de Cabo Fisterra e a súa alma chora por dentro ó recordalo.


Dende as duras augas da Costa da Morte gozou ollando o Monte Pindo, ó que cualifica como unha grande barreira e nos poucos intres de descanso entre faena e faena, contaba os piñeiros raros dos seus ventos e faldras.

Quere dedicarlle estas letras ó seu avó paterno e ó seu tío que foron patróns de Costa traballando entre Cabo Prior e Cabo Silleiro, en épocas nas que faltaban o pan de trigo, o aceite, o azucre e outros alimentos e só o peixe de costa e o pan de millo eran os seus alimentos, por iso hoxe, á idade de 76 anos, a súa alma chora por dentro ó recordalo.

Don Manuel ofrécenos os seus traballos cargados de sensibilidade, emotividade e sentimento cara ó mar no que tanto viviu e sufriu..

OCÉANO ATLÁNTICO HISTORIA DUNHA ÉPOCA

Nunca descubrirei a última estela de
Espuma branca.
Porto de mar - Vilanova de Arousa.
Ave Maris Stella.
Grande mar océano, sempre mariñeiro.
As estelas deixámolas nas túas costas,
nas túas rías, nas nosas arribadas
en obrigadas praias como San Francisco,
en areosas calas, onde hai alturas,
ó regreso de viaxes de derrotas mariñeiras.
Praia de San Pedro e Cala Quilmas
de altas e húmidas ladeiras
do Monte Pindo,
principio dos montes Perineos que nacen
en Galicia e rematan en Cabo Creus.
Con brisas do nordeste polas mañás
ti eras o primeiro, o Cabo Corrubedo
e volta longa e mar afora,
con ventos frescos do nordeste,
virar e volta en terra
logo a virar e volta afora,
así horas, así voltas e ollando
praias, baixos e volta en volta,
longa ruta en volta foránea
así volta en terra e, de novo,
chegar a destino, a unha praia con vento azoutado de
refregas
como Area Maior, San Francisco,
praia Langosteira ou
praia de San Pedro.



Polas túas ondas, polo vento foráneo fresco
nunca descubrirei a última estela
de espuma branca.
En ruta, cargados de pesca nun motoveleiro
de moitas estelas, de moitos sonos
deixamos delfíns, arroaces e ás súas crías
e ó lonxe, aves no Ceo
inmensos voos de gaiotas,
pardelas rodeando as espumas,
cormoráns e, xuntos con néboa,
x estelas no teu mar pesqueiro.
Atrás quedaron sempre mar e praias,
baixos, illas, escollos, cantís,
espumas de estelas e ondas grandes
no teu mar Océano.
Nunca descubrirei a última estela
de espuma branca.
Moitas estelas as borraron as mareas,
a máis branca, a máis bela
chegou á praia do Cristo das Barbas Douradas
da praia da Igrexa das Areas
de Cabo Fisterra.
Aquí se atopou a estela máis bela
que seguiu moi de preto aquel motoveleiro
chamado "Joaquín" co folio 4.451 Lta.3ª
do porto de Vilanova de Arousa
de singraduras e de estelas mariñeiras.
Ave Maris Stella.

(1945 - 1960)

Vinilo

Bar de copas e concertos
Rúa da Praza OGROBE

DEDICATORIA A SANTA MARÍA DE CALEIRO (VILANOVA DE AROUSA)



Entre a risoña planicie limitada polo verde marco, contemplo abraiado a campiña e poboados de Caleiro, con hortas e viñedos, enriquecida coas súas praderías e piñeirais. Nos campos da ribeira os piñeiros van a beber ás ondas; as chairas determinan un clima delicioso que converte as hortas en xardíns e os camiños en verxeis de moreiras.

Os solares da parroquia de Caleiro de exuberante vexetación, contrastan felizmente a salubre condición dos seus lugares. O solaz dos seus espacios son un edén con tódolos encantos desta zona privilexiada da Terra.

Abundante e variada é a produción agrícola. Nas terras da parroquia de Caleiro, de nome inmemorial, as colleitas renden gran riqueza, a viña cultívase en todas partes; os campos, ben regados, producen froitos de ouro e crecen orgullosas nas súas hortas todas a flores da creación que abren as súas corolas para vestir de paraíso a esta veiga de Caleiro.

Na chaira, rodeada de brancos casaríos, pasa submisivo o río Currás, é a ofrenda do mar que é outro ceo para as nubes e cántalle ó mar en inverno a súa eterna canción de namorado.

Son tibias, perfumadas e apracibles as brisas que chegan



a traveso dos xardíns e do mar.

Ó entrar nestas terras xa se percibe o encanto e invádenos unha somnolencia arrebatadora. Todo o campo é un xardín e Caleiro érguese rodeada de incenso.

O bo gusto imprime un selo de distinción nas fachadas dos novos edificios e os ensanches e vías están a ton cos progresos urbanos.

Caleiro renóvase, acicálase, púlese, diríase que é inmortal e que a súa vida é de eterna xuventude.

O espírito colectivo da parroquia, co azul do ceo, o ouro do sol e a esencia das súas hortas, é un espírito alegre, un espírito que vive en constante festa, un espírito voluble, vehemente que colleu a herdanza de case todas as civilizacións.

A natureza ofrécenos a infinita gama dos seus primores.

Veiga de campos floridos, nos di ó mirarte quen te adora. Crecen fecundas as túas sementeiras e os raios de ouro ós campos doura; alfombra de sendeiros de violetas e de toda clase de flores silvestres.

Caleiro, terra adorada, eu non te esquezo e inclino a miña fronte pensando onde nacín para escribirche.

Manuel Chazo



MARISCOS
COCINA CASEIRA
VIÑOS DE GALICIA

Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)


ESTELAS NO MAR DE FISTERRA (1945 - 1960)

De velas brancas se cubría
a Ría e o teu mar foráneo
e a túa praia de mar de fóra
de lanchas con velas brancas
de galeóns coas súas velas encascadas
e moi ben izadas no seu pico
lanchas, chalanas, barcos,
veleiros galeóns á bolina
e s un largar
meténdose na costa
do teu mar Atlántico
en viaxes de cegada e de volta.

Costas de Fisterra e Muros
quedádesvos soas
sen estelas e sen bolinas
de velas brancas
e de velas encascadas.

Como o meu primeiro amor
fuches ti Lobeira Chica
e te atopamos no teu mar
illa longa como un soño
non es a única na noite
baixo unha chuvía de estrelas
ben firme nas profundidades
e deixamos estelas no teu mar
e gaivotas no ceo
nun mar de algas
preto de ti alimenteime
do teu xeneroso mar
e na miña primeira viaxe.

Entre murmurios na néboa
naciches coma unha irmá
de Lobeira Grande
e vícheste envolta en saloucos
a mar tendida a mar arborada
na túa loita diaria
de soños na noite
con lúa chea
víanse pasar lanchas
e as buquetas brancas
deixando estelas no mar



Con vento fresco do nordeste
abrigadas calas
e á popa co vento sur
chegabamos a Quenje
Ría de corcubión
dun famoso pontón carboeiro
Lobeira Chica, Lobeira Grande
e Carrameiros
sodes testemuñas mudos de lamentos
xemidos na noite
na costa da morte
mar de caseas e boureis
e de velas brancas na noite
buscando en Ézaro e no seu río
o porto do Pindo
coa lúa clara
e a mar escura
de traballo e de vida
de soños sobresaltados
polo luceiro do alba.

Se animaba a madrugada
de lanchas cargadas
e de redes colgando la prata
e o brillo das súas escamas
buscando os galeóns
entre gritos e vos de gaivotas
e de remos a vogar
mar de velas brancas
e de bolinas na túa costa
marcada de velas encascadas
no teu inqueda mar.

Soa de quedaches para sempre
illa de inmensas algas
de xemidos, lamentos e murmurios
de ondas que te batan
de vida, de pranto
e de brisas mariñeiras
envolta en sonares
de xibardos
e de estelas do teu mar.

Manuel Chazo.

OS RESTOS DO ALMIRANTE DA MAR OCÉANA

Por: I. Malet Andreu / A. García Sayar

A figura de Colón sempre levantou gran cantidade de controversias, non só con respecto ó seu lugar de nacemento, senón tamén os móbiles que lle obrigaron a deambular dunha corte a outra, at o momento en que Isabel de Castela e Fernando de Aragón aceptaron as cláusulas que o mariño impuxo nas Capitulacións de Santa Fe; e non digamos das xeradas sobre o lugar de onde están os seus restos: Catedral de Sevilla? Mausoleo en Santo Domingo?



Das orixes de Colón galego, o primeiro que senta as bases sobre o particular foi Celso García de la Riega, especialmente nas súas obras *“La Gallega, nave capitana de Colón en el primer viaje de descubrimiento”* e en *“Colón español”*.

Prudencio Otero Sánchez en *“España, patria de Colón”* e a tese do médico J. Rodríguez Martínez, cunha extraordinaria portada de Castelao na que fai referencia á emigración galega, insisten na tese da orixe galega do almirante.


As inscricións na Real Basílica de Santa María la Mayor, a base do Cruceiro de Portosanto, os protocolos notariais da finca de Portosanto, vendida polos duques de Veragua, título que ostentan os descendentes do descubridor, dende 1536 e ultimamente, os estudos de Philippot dan probas do asentamento dos colón nesta zona concreta da provincia de Pontevedra.

Este empeño en deixar na sombra as súas orixes por parte de Colón, quizais estivera relacionado pola persecución dos Colón por parte do Tribunal da

Inquisición de Tarragona.

Cristobal Colón falece en Valladolid, o 20 de maio de 1506, canso de loitar coa Coroa e decepcionado pola actuación da mesma cara á súa persoa, preiteando para que foran recoñecidos tódolos seus dereitos, pero polos avatares políticos e a situación interna dos reinos só lle foron recoñecidas algunhas mercés. En 1513 os seus restos quedaron depositados na Cartuja, en Sevilla, e en 1537, seguindo as súas disposicións testamentarias, por privilexio de Carlos I e a instancias do neto do Almirante ó que se lle concederan os títulos de Duque de Veragua, Duque de la Vega e Marqués de Jamaica, foron trasladados a Santo Domingo, quedando depositados nunha cripta da Catedral.

Ata 1655 existe un profundo silencio e é nesta data cando, ante o temor da invasión da illa, o Arcebispo de Santo Domingo, Francisco Pío, mandou se borrasen tódolos sinais das tumbas dos Colón alí soterrados. En 1783 e a raíz dun descubrimento casual de tres bóvedas, o Capitán General D. Isidoro de Peralta, solicitou a tres dignidades Cardinalicias que interviran no feito, información sobre o particular. Nestes nichos atopábanse unhas urnas de chumbo, algo danadas, que contiñan varios ósos humanos. Os do lado da epístola non se tiña a certeza que pertenceran a Bartolome Colón ou o seu fillo Diego; mentres que a tradición sostiña que no lado do Evanxeo estaban depositados os restos do Almirante.



«Os do cerco de Xoaq Neto é de Xoaq «de Colón»
feceron esta capilla»




Casa y crucero llamados «de Colón»

Polo tratado de Basilea que poñía fin á guerra entre España e Francia, no seu capítulo IX plásmase a cesión a Francia da parte que España posuía na Illa, se ben conservaba no seu poder Puerto Delfín, dende onde o Teniente

General da Armada Gabriel de Arastizabal continuaba operando coa escuadra española en cantos viaxes se facía á Habana.

Enterado Arastizabal da existencia dos restos de Colón, eleva escrito ó Gobernador e Mariscal de Campo, Joaquín García manifestándolle: “... enterado de que yacían en la catedral (los restos de Colón) le parecía propio de su obligación como español y como General en Jefe que a sazón era, de la Escuadra de Operaciones de su Majestad Católica, solicitar la traslación de aquellas cenizas a la Isla de Cuba que también descubrió y en que arboló el primer estandarte de la Cruz, para evitar que quedaran en poder ajeno...”



A acta de inhumación en 1795 subscrita por José F. Hidalgo, escribán de Cámara da Real Audiencia de Santo Domingo di así: “ El 20 de diciembre de 1795, se abrió una bóveda que estaba al lado del evangelio, en el presbiterio, pared principal y peana del altar mayor que tiene una vara cúbica y en ella se encontraron unas planchas como de terciada de largo, de plomo, indicantes de haber habido una caja de dicho metal y pedazos de hueso de canillas y otras varias partes de algún difunto que se recogieron en una salvilla ... se conocía ser

despojos de aquel cadáver”.

Estes restos identificáronse como os de Cristobal Acolón e ordenouse foran trasladados á Habana.

Ó día seguinte embarcáronse os restos a bordo do bergantín “Descubierta” e ríndenselle os honores de Almirante, con posterioridade e na enseada de Ocoa, pasan a bordo do navío “San Lorenzo”, coa orde de que se lle dispensasen os mesmos honores á “voz y cañón”.




Xa na Habana, sobre as sete de mañá do 19 de xaneiro de 1492 e ante a presenza de autoridades civís, militares, eclesiásticas e gran cantidade de público, fíxose entrega por parte do Capitán de Navío D. Tomás Ugarte, comandante do “San Lorenzo”, da chave do ataúde ó Comandante General de Mariña da praza que á súa vez a entregou ó Capatán General da Illa. Durante estes actos rendíronse ós restos os protocolarios honores de Capitán General da Armada e posteriormente foron trasladados á Catedral onde se oficiaron solemnes funerais e colocáronse nun panteón.

Case cen anos despois, en abril de 1577, efectuáronse obras de reparación na Catedral de Santo Domingo, consistentes na separación do coro xa que o seu arranxo eraimposible. O 14 de maio abriuse unha porta que se atopaba tapiada e apareceu unha cripta cunha caixa metálica con restos humanos que se podían apreciar dende o exterior por estar moi deteriorada a caixa.

D. Luís Nourel, intelectual de moita sona de aquel país puido ler nunha das planchas unha inscrición que decía: “ ELALMIRANTE DONLUÍS COLÓN, DUQUE DE VERAGUA, MARQUES DE...”


Prosiguen as excavacións dirixidas polo canónigo Bellini e a primeiros de setembro do mesmo ano aparecen uns restos que se identificaron como os do Brigadier D. Juan Sánchez Ramírez, Capitán General de Santo Domingo falecido en 1811.

Os días 9 e 10 de setembro aparecen as sinais



Caja de plomo en que fueron encontrados los restos de Colón

dunha nova cripta, en cuio interior, colocado enriba duns ladrillos, apareceu unha caixa cadrada de metal. En presencia do Cardenal e do Embaixador de Italia procedeuse a un novo recoñecemento, ampliando a cavidade. Na tapa do cofre podíanse ler, abreviadas, as palabras: “*Primer Almirante*”, xunto a outras abreviaturas.



Inscripción externa de la tapa de la caja de los restos de Colón, en Santo Domingo

Levantouse acta de todo elo, que omitimos polo fanagosa, e soamente incidiremos nalgúns puntos.

A acta relata: “... *En la ciudad de Santo Domingo a diez de septiembre de 1877, siendo las cuatro de la tarde y previa convocatoria dirigida por el Ilmo. Y Rdmo. Sr. Fray Roque Cocchia, Obispo de Orge, Vicario y Delegado Apostólico de la Santa Seda*” a continuación cítanse os nomes de varios dignatarios da igrexa, ministros, embaixadores, licenciados en medicina, relatando o achado e posterior traslación procesional de: “... *una caja que resultó ser de plomo con goznes, que mide unos cuarenta centímetros de largo, veintiuno de profundidad y veinte y medio de ancho, conteniendo las siguientes inscripciones en la parte externa de la tapa: < D. de la A. Per. Ate >; en la cabeza izquierda: < C >; en el costado delantero: < C > y en la cabeza derecha < A >*.”


Levantada a tapa, atopouse na parte interior da

mesma, con caracteres góticos, unha inscrición cicelada que dicía: “*Iltre. Y Esdo. Varón D Cristóbal Colón*”, e dentro da referida caixa os restos humanos que examinados polos licenciados en medicina Marcos Antonio Gómes e José de Jesu Brenes resultaron ser: “... *un fémur deteriorado en la parte superior del cuello; un peroné en su estado natural; un radio, también completo; una clavícula completa; un cúbito; cinco costillas completas y tres incompletas. El hueso sacro en mal estado, el coxis, dos vértebras lumbares y tres dorsales, dos calcáneos, un hueso del metacarpo, otro del metatarso, un fragmento del frontal conteniendo la mitad de una cavidad orbitaria, un tercio medio de la tibia, dos astrágalos, un fragmento de mandíbula inferior, media cabeza de munero, contituyendo un total de trece fragmentos pequeños y veintiocho grandes, existiendo otros reducidos a polvo*”. Ademais atopouse unha bala de chumbo dunha onza pouco máis ou menos e dous pequenos parafusos da mesma caixa.


Rematado o exame procedeuse ó selado da caixa e foi depositada no Santuario de Regina Angelorum, acompañada de tropas veteranas da capital, baterías de artillería e música.

Con respecto á bala atopada entre os restos, nunha carta de Cristóbal Colón ó seu fillo Hernando, queixábase das molestias que sentía nunha perna dunha ferida sufrida e que non lle puideran extraer o proxectil.

Un posterior estudio efectuado o 2 de xaneiro de 1878 e a petición da Academia de Historia de Madrid, un dos médicos atopou no fondo da caixa entre o po, unhas pranchiñas de prata, de xeito cuadrangular, traballadas a martelo, de oitenta e sete milímetros de longa e trinta e dous de ancho, con dous buratos circulares os cales coinciden con outros dous que ten a caixa de chumbo ó lado dos goznes.



Iniciadas grabadas en los dos extremos y en el centro de la caja de los restos de Colón



Dita placa ten ciceladas a ámbol os lados as seguintes inscricións: “U a p.te. de los rto/s del prim. Alte D/ Cristóval Colón...” e no reverso: “te. Cristóbal/Colón”.

A esta prancha corresponden os parafusos da primeira acta.

A polémica das cinzas de Colón parecían rematar cando a raíz da guerra entre EE.UU. e España



procedeuse a un novo traslado dos restos, esta vez dende a Habana a Sevilla. O acta sería a que sigue: “En la ciudad de la Habana al doce de diciembre de mil ochocientos noventa y ocho, recibida por el Excmo. Sr. Vce. Alte. De la Armada, Cte. Gral. De este Apostadero y Escuadra D. Vicente de Monterola y Farponera del Excmo. Sr. Gobernador y Cap. Gral. De la Isla D. Adolfo Jiménez Castellano, la caja que contiene los restos de D. Cristóbal Colón y la llave de la misma como en cargado de su remisión a la Península, se trasladó a bordo del crucero <Conde del Venadito>, designado para efectuar la conducción, le hizo entrega de la referida caja en el mismo estado en que la recibiera con su llave el Sr. Comandante de dicho


buque Cap. De Fgta. D. Esteban de Arriaga y Amézaga”.

Este buque chegou a Cádiz o 15 de xaneiro de 1899, e a caixa embarcou no <Giralda> que a levou a Sevilla, sendo depositada no túmulo esplendidamente cicelado por Arturo Mérida.

Posiblemente as probas que se están efectuando na Universidade de Granada, e que aínda tardarán un certo tempo en dar resultados, desvelarannos a quen pertencen os restos soterrados en Sevilla.

Se estes restos corresponden a Cristóbal Colón, sería necesario

respectar a vontade do Almirante da Mar Océana de repousar en Santo Domingo, como era o seu desexo e o expresou nas súas manda testamentarias efectuadas o 19 de maio de 1506 ante o escribán de Valladolid D. Pedro de Hinojedo.



Todos estes estudos tamén dan pé a que se inicien investigacións paralelas, para determinar si Cristóbal Colón era fillo natural e cuxa hipótese se baralla con bastante insistencia, do príncipe herdeiro de Aragón, Cataluña, Navarra e Sicilia, D. Carlos, príncipe de Viana e duque de Gandía, cuxos retos repousan no Real Mosteiro de Poblet, panteón dos Reis de Aragón.

Pontevedra, 04 de decembro de 2003

Bibliografía:

- Consultadas diferentes fontes documentais.



Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

NAVEGANDO MUSICALMENTE POLO CAMIÑO MARÍTIMO - FLUVIAL "ARENA ROJA"

Ó lonxe escoitábase unha música e unhas doces voces que se mesturaban co zoar mainiño do vento e o murmurio da ondas petando melodiosamente contra os petóns das bateas.

Coma cantigas de serea, ían atrapándonos e nos nosos oídos irrompían melodías onde o amor e o mar amoldábanse cos fados portugueses e coas illas de Sálvora e Toxa Pequena para, de seguido, "Cara ó Mar", desandar a Ruta Marítimo Fluvial ata Santiago.

Nesa singradura, o Grove, e alí o berce dun músico: **Carlos Otero**.

ASÚATRAXECTORIA MUSICAL

Á idade de 12 anos comeza os estudos de música guiado polo profesor Pepe Silva. Posteriormente intégrase nunha agrupación local, Os Dandys, e dous anos máis tarde entra a formar parte da Orquestra X de Pontevedra. Continua os seus estudos e cando cre que é o intre de independizarse, crea o seu propio grupo co que actúa en vodas, festivais, guateques,... Máis tarde forma os Beyer Boys e independízase da Orquestra.

Con este grupo deixou pegada e creou escola no seu pobo natal, O Grove. Á idade de 17 anos formou un conxunto de 5 rapaces que se fixeron populares na comarca e nas provincias de Pontevedra e Coruña, así como tamén en diversos pobos de Portugal.

No 1969 gaña o primeiro premio do III Certame da Canción "Perla de Arousa" cunha canción composta por el mesmo.

O servicio militar rompe o grupo e a finais do 1969 forma parte de Los Brindys. Con esta formación ganara varios premios da canción con composicións propias.

No ano 1973 pasa a formar parte da orquestra Sintonía de Vigo. Máis tarde, con parte do grupo Los Microns, forma ODISEA. Un ano despois crea un cuarteto coñecido como SHADO traballando exclusivamente para o Gran Hotel da Toxa

no ano 1974.

A finais do 74 crea o grupo SOLANO co que percorreu boa parte de España e algún país estranxeiro el fai de arreglista e compón infinidade de cancións. Con eles grava o seu primeiro disco no 77 e entre as cancións destacamos "Curandeiro de Meirás" e "Galicia Pobos Ceibes". Despois de oito anos divídese o grupo e cambian o nome polo de SOLARA en onde rematará a súa andaina musical en grupos e orquestras ó finalizar o ano 1985.

MÚSICO SOLISTA

En 1987 preséntase ó programa de TVG "3 por 4" cantando en directo coa orquestra do programa temas compostos por el mesmo, quedando en cuarto lugar.

En 1988 xurde a súa primeira incursión como músico solista, acompañado de teclado de ritmos, no Hotel Maruxía de O Grove. En 1990 requírenos para amenizar as ceas e veladas no Hotel Louxo da Toxa.

MÚSICO DIRECTOR



Organizou e formou a primeira banda musical municipal de O Grove, aínda que ós tres anos da súa formación e con xa 50 alumnos, desintegrouse pola falla de apoios institucionais.

En 1990 chámanos para dirixir o Coro de o Grove. Baixo a súa dirección, a acabada de nomear Coral Polifónica San Martín, e con composicións propias

ó carón das habituais, logrou colleitar numerosos éxitos. Participaron no programa da TVE Galicia para o Mundo e estreouse unha emotiva cantiga co título de: "Pasei un día no Grove".

No 2002 decide gravar un disco, quer unha pequena mostra do seu quefacer no mundo da composición.

Nel predominan as cancións de amor, aínda que tamén destacaremos as que cantan á Illa de Sálvora, á Toxa Pequena e a dedicada a Santiago, patrón de tódolos peregrinos.



Auto-Escuela Marín

Jaime Janer, 10 - Teléfs.: 986 88 10 32 - 986 88 14 80 - Marín



O VIACRUCIS MARÍTIMO-FLUVIAL DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA

Por: Estanislao Fernández de la Cigona Núñez

INTRODUCCIÓN

Iníciase o percorrido desta vía na illa Malveira Grande (Vilagarcía), pertencente ó arquipélago de Cortegada, e remata en Pontecesures ó pé da ponte que atravesa o río Ulla, onde se acha a imaxe de Santiago peregrino enriba dun varal, a xeito de cruceiro, cun longo de máis de 20 Km, o que o converte no maior viacrucis de Galicia e seguramente de España (1). As diversas estacións, cada unha en forma de cruceiro, foron postas por organismos, entidades e persoas influíntes, económica e socialmente, de Galicia e do contorno da ría de Arousa.

¿QUE É UN VÍA CRUCIS?

Definirémolo como un conxunto de cruces colocadas en ringleira seguindo un percorrido calquera. En Galicia, moitas veces, ten a súa orixe na igrexa parroquial. Dicimos que un viacrucis é completo, cando está constituído por un total de 14 cruces que coinciden, coas 14 estacións do exercicio piadoso que leva tal nome, no que se vai rememorando, pasiño a pasiño, o vieiro percorrido por Cristo, dende a súa condena a morte por Poncio Pilato, pasando pola crucifixión, no lugar do Calvario, e rematando coa sepultura do seu corpo nun túmulo de rocha propiedade de Xosé de Arimatea que puxo a disposición da familia do Nazareno e que se achaba, practicamente, ó carón mesmo do outeiro chamado Gólgota.

UN VIACRUCIS MARÍTIMO-FLUVIAL E, AGORA, TAMÉN TERRESTRE

Tratase, sen dúbida, dun viacrucis orixinal e único na nosa xeografía. Orixinal, pola súa condición de marítimo-fluvial e, ademais, por estar montado dun xeito anárquico. Así, a estación número XII, a única que podemos diferenciar claramente das demais por ter tres cruces: "*Cristo morre na cruz, entre ladróns*", aparece na desembocadura mesma do río Ulla, na punta das Trece Cruces (Rianxo), no lugar correspondente á VI estación do viacrucis marítimo fluvial. A estación número XIV, que nos viacrucis normais se corresponden con: "*Xesús é sepultado*", represéntase aquí por un Santiago peregrino enriba dunha columna.

Este viacrucis, tamén é único entre os máis de douscentos que coñecemos en Galicia, porque aparece disposto ó longo dun percorrido no que os devotos precisan dun barco para o seu seguimento. En verdade, estamos convencidos, de que aínda que se vendeu a idea de facer un viacrucis ó uso, movidos, doantes e organizadores, polas súas conviccións relixiosas e segundo o hipotético percorrido que Atanasio e Teodoro, discípulos de Santiago, seguiron cos restos do Apóstolo, o final, creouse unha vía absolutamente turística co pretexto da devoción.




Foto 1. Cartel que sinala a ruta xacobeá do mar de Arousa e río Ulla en diversos puntos dos concellos do contorno do viacrucis.

AINAUGURACIÓN

A solemne bendición e inauguración deste viacrucis único en España e probablemente no mundo, realizouse o domingo 29 de agosto de 1965, asistindo autoridades civís da nación, entre elas o Ministro de Turismo, daquela, Fraga Iribarne, os alcaldes da maioría dos concellos da ruta e das proximidades, entre eles Filgueira Valverde, que o era, por aquel entón, de Pontevedra, e relixiosas, como os cardeais Quiroga Palacios, de Santiago de Compostela, e Antonio Caggiano, de Bos Aires. Aseguran as crónicas que ata 175 embarcacións de tódolos tipos subiron polo río aproveitando a crecida da marea, desembarcando as xentes

nos peiraos de Padrón e Pontecesures.

As embarcacións dirixíronse coas autoridades, primeiramente, cara a illa Malveira Grande, onde dá comezo o viacrucis, e remataron dúas horas despois nos cales de Pontecesures, vinte quilómetros augas arriba do Ulla, ó carón da ponte, final do traxecto.

A idea deste percorrido relixioso-turístico débese a José Luis Sánchez-Agustino López, que contou coa colaboración entusiasta doutro amigo noso: Máximo Sar (Maximino Rodríguez Buján). Os cruceiros que encarnan cada unha das estacións son todos da autoría do escultor de Teo, Alfonso Sanmartín.

DISPOSICIÓN DAS ESTACIONS Ó LONGO DA VÍA

Os cruceiros aparecen situados tanto en illas e illotes como en terra firme. Algunhas das illas teñen unha certa entidade: extensión, altura, historia, etc, falamos da Malveira Grande e Cortegada, por exemplo que son as dúas illas estritamente mariñas. Outras, as situadas ó longo do baixo Ulla, son, sen embargo, cativas de máis: illas Telleiras, Ila Longa, illa do Rapto, etc. Tódolos cruceiros aparecen ancorados sobre un penedo máis ou menos cupuliforme, que eleva a altura do varal, facéndoos máis conspicuos dende a canle do río.

Nesta vía dolorosa, convertida agora en vía de encontro e lecer, as estacións non gardan as distancias máis ou menos uniformes nas que se dispoñen noutros viacrucis, independentemente do tamaño dos mesmos, pois están supeditadas a aparición dos rochedos ó longo do traxecto no que poder ancora-los cruceiros, polo que hainas que están separadas varios centos de metros tan só, mentres que outras fican a varios quilómetros. Así que, debemos concluír que se trata dun viacrucis certamente anárquico no seu propio concepto.

Por outra banda, cremos que foi un viacrucis pensado para non ser rezado nunca, cousa absolutamente ilóxica nestas devocións tan ligadas á Semana Santa, na que se manifesta a Paixón do Señor en toda a súa crueza, pois, seguramente, agás o día da súa inauguración nunca contou cos rezos dos fieis e é que en barco, difícil garda-la compostura e o recollemento que se precisa, pois as procesións por mar pecan sempre de moita color e alegría, pero de pouca ou nula devoción implícita.

A idea vendeuse orixinariamente como o percorrido hipotético que o cadáver de Santiago Apóstolo debeu seguir polo mar de Arousa e o río Ulla antes de chegar definitivamente ó Campo das Estrelas, onde, conducido polos seus discípulos, atopou acougo e sosego.

ONOSO PERIPLO TRALAS CRUCES

Fixémo-la visita completa do viacrucis durante tres

xornadas consecutivas. Na primeira, o día 16 de maio de 2004, percorrémolo río en piragua dende Catoira ata Pontecesures. Na segunda, o 17, dende a praia de Bamio á illa do Rapto e na terceira e última, o 18, dende a illa da Malveira Grande ata punta Canteira, en Carril. O total de cruceiros visitados ascendeu a 14.

DESCRIPCIÓN DAS DIFERENTES ESTACIONS

A maior parte dos viacrucis galegos que coñecemos, teñen as diferentes estacións perfectamente determinadas mediante unha numeración que pode ir en árabe ou romano, pero neste viacrucis un non sabe nunca en que estación se acha, pois carecen de número que as identifique. A única que podemos concretar é a duodécima, por te-las tres cruces, pero como xa adiantamos atópase no sexto lugar do percorrido.

Tódolos cruceiros que atopamos espallados tanto ó longo da ría, como do Ulla teñen motivos ornamentais no capitel ou no varal relacionados con Santiago e o seu Camiño: cunchas de vieira, cruces de Santiago, figuras do Apóstolo, etc. Agás o situado en punta Quintáns (Isorna-Rianxo).

1ª. ESTACIÓN: ILLA MALVEIRA GRANDE (VILAGARCÍA DE AROUSA)

Vese no punto máis alto da illa, agora cuberta unha grande parte dela por un bosque de carballos ananos dos que soamente sobresaen por riba das copas arbóreas as figuras de Xesús e de María. Presenta unha base cúbica grande, sobre penedo que lle serve de alicerce, varal rectangular no primeiro cuarto e despois octogonal descendente. Tiña por diante a figura de Santiago peregrino pero a deberon roubar, pois soamente fican os para fusos que a suxeitaban ó fuste. Capitel de catro lados curvos con cuncha de veira no cento de cada un, afastadas por espirais nas esquinas. Aмосa por diante un Cristo de tres cravos, baixo INRI, coas mans pechadas, nó á dereita do corpo e pé esquerdo por riba do dereito, mira ó fronte, cara a Vilagarcía. Polo reverso, Virxe de pé, coas mans cruzadas sobre o peito, empoleirada a unha nube. Aparece coroada por dous anxiños espidos subidos ó madeiro. O cruceiro foi doado polo concello de Vilagarcía, por iso o Cristo está a mira-la cidade que o pagou.

2ª. ESTACIÓN: ILLA DE CORTEGADA, CARRIL (VILAGARCÍA DE AROUSA)

Áchase nun extremo da illa de Cortegada, sobre un arrecife de pedras que ó subi-la marea achega a auga ós mesmos pés do cruceiro. Base cúbica, coas arestas superiores rebaixadas. Aмосa por diante e por detrás unha grande cuncha de vieira e, ós lados, dereito e esquerdo, unha cruz de Santiago. Varal rectangular no primeiro cuarto




Foto - 2 Reverso do cruceiro da illa Malveira Grande coa figura de María.

mira ó fronte, cara á ría de Arousa. Por (Virxe sentada co fillo morto no colo) sobre pousadoiro cúbico. No bisel da base aparece gravada a seguinte mensaxe dos que a doaron:

Cara dianteira: Dereita:

Traseira: Esquerda:

“COMANDANCIA DE MARINA,
NAVIEROS Y CONSIGNATARIOS DE
VILLAGARCÍA”

3ª. ESTACIÓN: PUNTA CANTEIRA, CARRIL (VILLAGARCÍA DE AROUSA)

Áchase a uns 700 m afastada da anterior, en terra firme, sobre unhas rochas nas que ó subi-la marea ata a propia base fica mergullada na auga ata a metade da súa altura. Base cúbica coas arestas superiores rebaixadas, que soporta un varal rectangular no seu primeiro cuarto e logo octogonal descendente. Por diante figuriña de Santiago peregrino. Capitel de catro lados

e despois octogonal descendente. Coróase por un capitel de catro lados curvos que presentan no centro dous caxatos con c a b a z a s , cruzados en “X”. Cruz rectangular, grande, con moitos saíntes en forma de dentes de serra. Cristo de tres cravos, baixo INRI, brazos con pouco ángulo, mans abertas, nó a dereita e pé esquerdo por riba do dereito, detrás Piedade

curvos con adobíos circulares. Presenta por diante un Cristo de tres cravos, cos brazos en ángulo, dedos dobrados, agás o índice que permanece estendido, nó do pano á súa dereita. Mira ó fronte, cara á ría de Arousa. No reverso, imaxe de María de pé, coas mans cruzadas sobre o peito, empoleirada a un pousadoiro cúbico. Este cruceiro fora doado polo Duque de Madina de las Torres.

4ª. ESTACIÓN: PRAIA DE BAMIO (VILLAGARCÍA DE AROUSA)

Áchase no extremo sur-occidental da praia de Bamio (Vilagarcía de Arousa), por riba dunha punta rochosa, onde se colocou un cubo baixo coas arestas superiores rebaixadas, carece de epígrafes e soporta unha columna,

primeiramente, rectangular e logo octogonal que amosa da metade para abaixo a figura do apóstolo de pé, levando na man dereita un caxato mentes que a esquerda a ten levantada cara arriba, como saudando ós peregrinos que poidan achegarse polo mar. Capitel de catro lados, adobiados por catrô cunchas na metade de cada un, que se amosan arqueados. Cruz cadrada coas arestas rebaixadas, acabada en cadrados. Por diante, ten un Cristo baixo INRI, co pé dereito por riba do esquerdo, nó do pano á dereita e dedos en posición de bezoar. Polo reverso vese unha Virxe de pé sobre ménsula en forma de nube. Este cruceiro foi doado pola condessa de Cardoma.

5ª. ESTACIÓN: PUNTA GRANDOIRO (VILLAGARCÍA DE AROUSA)

Uns 600 metros augas arriba do Cárping de Bamio, nunha península rochosa que cando sube a marea case se converte




Foto 3 - Cruceiro da praia de Bamio (Vilagarcía de Arousa).




Foto 4 - Cruceiro de punta Grandouro (Vilagarcía de Arousa).




Foto 5 - Calvario da punta das Trece Cruces (Rianxó)

nunha illa, no lugar máis alto, a uns dous metros sobre o nivel das augas, nun rochedo de granito pousaron unha base cúbica coas arestas superiores rebaixadas. O varal amósase no primeiro cuarto rectangular para despois converterse nun tronco de pirámide octogonal, pois perde grosor a medida que se eleva. Ten, na parte dianteira, un Santiago peregrino. Capitel de catro lados curvos coa cruz de Santiago entre espirais. Soporta unha cruz rectangular, coas arestas rebaixadas, acabádo-los extremos en grosos cubos. Por diante, cara ó río, Cristo de tres cravos baixo INRI, coa cabeza ladeada cara á dereita. Os brazos presentan pouco ángulo, mans pechadas, nó do pano a súa dereita e pé esquerdo por riba do dereito. Por detrás, mirando a terra, Virxe de pé, en actitude recollida, coas mans cruzadas, sobre pousadoiro cúbico, coas arestas verticais rebaixadas. Foi doado polo Cardenal Quiroga Palacios.

6ª. ESTACIÓN: CALVARIO NA PUNTA DAS TRECE CRUCES, RIANXO

As tres cruces aparecen colocadas sobre un rochedo de pouca altura, no lugar máis sobranceiro da punta coñecida por Patiño e tamén polo nome das Trece Cruces, por ter esta cantidade de signos gravados nunha rocha daquelas proximidades. Está formado por un cruceiro con imaxes no anverso e reverso e dúas cruces laterais sen elas. As cruces non aparecen nunha mesma liña, xa que as dos ladróns están algo máis adiantadas cara ó mar ca de Cristo. Ademais, estas últimas se ven xiradas, formando un "V" moi aberto e curtiño coa central, de xeito que a de Cristo ocuparía o vértice e as dos ladróns os extremos. O cruceiro central ten unha altura que duplica as cruces laterais dos foraxidos.

O cruceiro central fíncase sobre unha base cúbica coas arestas superiores rebaixadas que descansa directamente sobre a rocha que lle serve de alicerce ó conxunto. O varal é,

primeiramente, rectangular pero despois adquire a figura dun octógono que perde sección a medida que se eleva. Amosa por diante a figura de Santiago peregrino e coróase por un capitel de catro lados nos que destacan catro espadas de Santiago afastadas por diversas espirais. Serve, á súa vez, de alicerce a unha cruz ochavada rematada en cadrados. Amosa polo anverso a figura dun Cristo baixo INRI, pegado ó pao, cos dedos pechados arredor dos cravos e o pé dereito sobre o esquerdo. Pola parte traseira vese a imaxe dunha Virxe de pé sobre pedestal redondo en forma de nube e cos brazos cruzados sobre o peito.

A un lado e outro, afastadas 2,5 m, aparecen as cruces dos ladróns que teñen uns paos octogonais bastante finiños, que se manteñen ergueitos gracias a unhas bases troncopiramidais nos que aqueles se fincan. As cruces, dunha peza, amosan na parte alta do pao un engrosamento cadrado a xeito de falso capitel que dan paso á verdadeira cruz que é de sección octogonal e adóbiase nos extremos por unhas bolas. Carecen de figuras e son practicamente iguais na súa feitura. Na parte dianteira da base da cruz central do calvario lese:

"AÑO
1965"

Nos brazos das cruces dos ladróns e pola parte dianteira están gravados os seus nomes. Na situada á dereita de Cristo "SAN DIMAS" e na esquerda "GIESTAS". Ademais a da dereita, a do Bo ladrón, ten marcada na intersección dos brazos co pao un "X", antiga forma de escribi-la letra "tau", a última do alfabeto hebreo, e que despois adaptouse como emblema de Cristo, mentres que a da esquerda amosa un "V". O calvario foi doado polo




Foto 6 - Cruceiro das illas Telleiras (Catoira)

concello de Rianxo.

7ª. ESTACIÓN: ILLOTES TELLEIRAS (CATOIRA)

Grupo de penedos que fican unidos entre si e con terra firme mediante praia de lama ó baixa-la marea. No maior deles, aínda que non no máis alto, colocaron unha base cúbica coas arestas rebaixadas que sostén un varal primeiramente rectangular no seu primeiro cuarto, logo octogonal descendente, pois affase a medida que toma altura. Coróase por un capitel de catro lados curvos cunha vieira no centro de cada un afastada por espirais nas




Foto 7 - Cruceiro sobre o lombo da illa Longa (Catoira).

esquinas. Cruz rectangular, con bolas nos extremos. A mosca por diante un Cristo de tres cravos, cos brazos paralelos ó chan e as mans pechadas, ó nó do pano á dereita e o pé dereito por riba do esquerdo. Mira ó fronte, cara a canle do río Ulla, por onde pasa a procesión dos romeiros. Por detrás Virxe de pé coas mans en oración, sobre pousadoiro cupuliforme, que semella unha

8ª. ESTACIÓN: ILLALONGA (CATOIRA)

A uns cincocentos metros augas arriba das illas Telleiras, atópase a chamada Longa, que ten na súa parte

central un rochedo en forma de meda, liso e moi claro sobre o que fincaron os alicerces do cruceiro. A base, parece antiga, e se debeu recuperar dalgún vello cruceiro. Ten a forma dun cubo baixiño e aparece rematado cada vértice cunha caveira. Entre unha e outra, por diante, amosa un óso longo, quizais un fémur, pola banda dereita, un dragón con aspecto de saramaganta, por detrás, tibias cruzadas e pola banda esquerda, unha árbore (a do Paraíso?) ou ben un látego (co que

azoutaron a Xesús?), pois ten uns contornos pouco precisos que non axudan na identificación. Soporta un varal, na parte máis baixa, rectangular, pero despois octogonal descendente, pois perde altura a medida que se eleva e amosa como adobío, por diante, un Santiago Peregrino. Coróase, primeiramente por un falso capitel (pois forma parte da mesma columna) e semella




Foto 8 - Cruceiro da illa do Rapto coa ponte de Catoira ó fondo.

antigo, e logo por un de catro lados rectos, moderno. Cruz rectangular, coas arestas rebaixadas acabadas en cadrado. Por diante e mirando cara á terra, baixo cartel de INRI pendura un Cristo de tres cravos, brazos con pouco ángulo, nó do pano a súa dereita e o pé dereito por riba do esquerdo. Por detrás, Virxe do Carme que por se-la patroa dos mariñeiros está mirando cara á canle principal do río para os protexer dos perigos das augas. Foi doado por Manuel Domínguez López, propietario da empresa CEDONOSA.



OGANDO, S.L.

AUDIO - VIDEO

SERVICIO TÉCNICO

VÍA DIGITAL

Telefónica
MoviStar


Dr. Touriño, 8 - Teléf. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARÍN

9ª. ESTACIÓN: PUNTA QUINTÁNS, ISORNA (RIANXO)

Trátase dun cruceiro moi anterior ós que estamos a describir e carente, polo tanto dos atributos relacionados co Camiño de Santiago. Áchase mesmamente á beira do río Ulla.

10ª. ESTACIÓN: ILLA DO RAPTO (RIANXO)

Sobre penedo enfesto, situado na parte máis meridional deste pequeno illote que se acha inmediato á ponte de



Catoira, colocouse un cruceiro co Santo Cristo mirando cara a canle principal do río. A base que mantén ergueito o varal é cúbica, coas arestas rebaixadas. Columna, primeiramente, rectangular no seu primeiro cuarto e logo octogonal. Vai afinándose a medida que se eleva. Aмосa por diante unha figuriña coa cabeza rota de

Santiago Apóstolo. Capitel de catro lados con

cruces de Santiago no centro de cada un afastadas por espirais. Soporta unha cruz rectangular que amosa por diante un Cristo de tres cravos, baixo INRI, cos brazos con pouco ángulo, mans pecha das, o nó do pano a súa dereita e o pé dereito pr riba do esquerdo. Mira ó fronte, cara a canle principal do río. Por detrás amosa a figura de María de pé, pousada sobre cuncha de vieira. Foi doado por José María Rivero de Aguilar.

11ª. ESTACIÓN: PUNTA RAÑA (CATOIRA)

Sobre penedo enfesto, situado a uns 25 metros da beira do río e a uns cincocentos metros augas arriba da illa do Rapto, en terra firme e na marxe esquerda do Ulla, en terreos pertencente ó concello de Catoira colocouse unha

base cúbica coas arestas superiores rebaixadas, varal, rectangular no seu primeiro cuarto e logo octogonal descendente. Na parte dianteira e baixa desta vara (a rectangular) atopamos esculpida e formando parte da mesma columna unha sireniña baixo coroa (o escudo dos Mariño da illa de Sálvora). Capitel cadrado, de catro lados rectos, adobiados soamente por espirais. Cruz rectangular da que pendura un Cristo pequeno, sen INRI, de tres cravos, cos brazos case paralelos ó chan, mans pechadas, nó do pano á dereita e pé dereito po riba do esquerdo. Por detrás, sobre pousadoiro cadrado, santa de pé, quizais Santa Catalina, pola ligazón entre a illa de Sálvora e esta santa muller que atopou acollida naquel lugar. Foi doado por Joaquín Goyanes, Marqués de Revilla e propietario da illa de Sálvora.

12ª. ESTACIÓN: PEDRA DABARCA (VALGA)

En terra firme, ó carón dunha pequena mariña, sobre rochedo cupuliforme, achamos a última das estacións fluviais cara á Padrón, onde se supón que desembarcaron ó Apóstolo antes do seu traslado definitivo a Santiago por terra. Presenta a base cúbica coas arestas superiores rebaixadas. Varal uniformemente octogonal, sen figuras por diante. Coróase por un capitel cadrado, adobiado dunha moldura central. Soporta unha cruz rectangular lisa que amosa por diante un Cristo de tres cravos, sen INRI, brazos




Foto 10 - Reservo do cruceiro da Pedra da Barca (valga).

con pouco ángulo, mans pechadas, nó á dereita e pé dereito por riba do esquerdo. Mira de fronte cara ó río. Por detrás Virxe de pé, sobre pousadoiro cupuliforme, coas mans superpostas sobre o peito. Foi doado polo Ministerio de Turismo.

13ª. ESTACIÓN PRAZA DO CRUCEIRO DE PONTECESURES

Este cruceiro áchase, agora, bastante afastado do río (3). Vese na parte central da chamada, precisamente, praza do Cruceiro. Presenta por base un anaco de penedo, en forma de cubo irregular.




Foto 12 - Figura de Santiago Peregrino en Pontedeume, que pon remate ó viacrucis.

O varal é rectangular no primeiro cuarto e logo octogonal descendente. Capitel de catro lados curvos coa cruz de Santiago na metade de cada un, afastadas, as cruces, por espirais nas esquinas. No varal, por diante, Santiago peregrino. Cruz rectangular, con pequenos cilindros nos extremos. Cristo baixo INRI, cos brazos case paralelos ó chan, mans abertas, nó do pano a súa

dereita e o pé esquerdo por riba do dereito. Por detrás, Virxe de pé, con poucos trazos, sobre pousadoiro irregular. Foi doado polo concello de Pontecesures.

NOTAS

1 - Hai en Galicia, no concello da Veiga (Ourense oriental) un enorme viacrucis terrestre, claro está, levantado no lugar de Valonga por Xosé Escuredo, máis coñecido por Pepe de Barrio, tamén con cruceiros en cada estación ó longo duns 20 Km de percorrido que o mesmo patrocinador fixo coas propias mans.

2 - Poderíase considerar que ten catorce se incluímos o cruceiro de Isorna, que é moi anterior ós demais e que se acha mesmamente á beira do río, nunha punta sobranceira.

3 - Antes atopábase coma todos á beira do río, pero o alcalde Piñeiro Ares trasladouno ata este lugar, poñéndoo ó pé da súa propia casa.

14ª. ESTACIÓN E FINAL DO TRAXECTO: SANTIAGO PEREGRINO, PONTECESURES

Ó pé da estrada xeral e pouco antes da ponte que atravesa o río Ulla, afastando as provincias de Pontevedra e A Coruña. O cruceiro foi substituído por unha columna que eleva a imaxe de Santiago peregrino. Base cúbica grande, pero medio enterrada polo xardinciño que rodea ó monumento. O

varal é rectangular no primeiro cuarto e logo octogonal descendente. Capitel de catro lados que amosa por diante unha grande vieira afastada por follas nos laterais. Por diante do varal e formando parte del, hai un cartel anunciador no que se le:

“RUTA
JACO
BEA”



Foto 11 - Cruceiro da praza do Cruceiro de Pontecesures, trasladado polo alcalde Piñeiro Ares ante a porta do seu domicilio.

Ó pasar cara á Santiago, algúns peregrinos deixan sobre a base pedras diferentes. Foi doado polo concello de Pontecesures.



MARÍN, NA RUTA CARA A COMPOSTELA SANTA MARÍA DO PORTO (VELLO TEMPLO)

Por: Laureano Mayán Taboada

A mediados do século V, segundo uns, século VII, segundo outros, na parte máis alta dun promontorio situado en terreo chamado Granxa de Marín, ergueuse unha igrexa chamada “Nuestra Señora de la Guía”.

Uns historiadores manifestan que a mesma foi fundada por San Martín Dumiense (realizou un gran labor evangelizador entre os suevos) en ocasión do seu paso pola Vila e outros din, foi fundada por San Fructuoso.

Dita igrexa, nun tempo, coñecíase polo nome de Nuestra Señora de Oseira, cuxo Mosteiro estableceuse na Vila en 1151.

O edificio actual comeza a construírse en 1603 polo mestre de cantería García de Arce, e custou ó Mosteiro 500 ducados (4.920 reais).

En principio constaba dunha soa nave orientada de leste a oeste e a porta principal abríase na parede oeste, sendo tapiada en 1730.

Entón o altar maior era o que hoxe contén a imaxe da Virxe dos Dolores. En 1703 ábrese a nave pola súa parte media para engadirle a actual capela maior, pero en 1713, por mor da defectuosa cimentación, houbo que refacer dita capela, finalizando as obras de ampliación do recinto coa construción da fachada principal e do campanario, en 1739 ano dende o que mostra a súa actual estrutura barroca.

O primitivo Marín estaba entón, terra dentro, en Sancto Juliano de Valle Marini (San Julian) que era a entidade parroquial máis antiga do termo municipal e cabeza parroquial á que, por suposto, pertencía Santa María do Porto.

A esta chaman parroquial, por primeira vez, en 1661 xa que antes se lle domina: ermida, capela ou igrexa. Época na que o Porto (actual Marín) estabahabitado, tan só, por 150 veciños.

En 1886 dado o desenrolo do núcleo urbano do Porto de Marín, establécese a primacía sobre o de San Julian e é en 1929, sendo párroco

D. Jesús Mansilla Fernández, cando se leva a cabo a separación definitiva de ambas freguesías que, dende entón, constitúen dúas entidades parroquiais autónomas.

Dende século XVII ata principios do XIX foi cemiterio, substituíndose en 1940 o lousado de pedra, baixo o cal soterrábase, por madeira.

Nas súas proximidades estivo asentado o primeiro lugar de venda de peixe, o primeiro cemiterio da Vila e a segunda Casa Consistorial.

Sobre 1790 a talla da Nosa Señora do Rosario, que estivo colocada no altar que hoxe ocupa o Nazareno, foi situada no altar maior substituíndo ata hoxe, á Patroa. La advocación á Virxe do Rosario foi introducida en España polos Dominicos no século XV e considerada, entón (nalgún outro lugar actualmente) Patroa dos mariñeiros.



A igrexa, na súa totalidade, tanto exterior como interiormente, pintárona de branco a causa do cólera que asolou a Vila no ano 1854.

En 1925 constrúese, ó carón da igrexa, a nova torre do reloxo. O tanido da súa campá sálvanos, moitas veces, da dúbida da hora.

O local, artisticamente, non destaca pola brillantez do seu estilo xa que nunca contou cun proxecto base, senón que estivo movido por criterios de distintas épocas. Non obstante, cabe resaltar a súa absida cadrada con arcos apuntados e bóveda nervada. A parede de dita ábsida presenta ó exterior, na súa parte que mira ó sur, o escudo do Real e Imperial Mosteiro de Santa María de Oseira, ó que,

como xa comentamos, pertenceu á igrexa.

Esta igrexa, xunto co Priorato, formaba un precioso e emblemático conxunto artístico. Desaparecido o Priorato, a punto estivo de facelo tamén o Vello Templo, cando determinada Corporación Municipal tiña sobre a mesa o proxecto de derribo para a construción dun aparcamento de coches. Salvounos, tamén, a campá...



A META MÁIS ACARIÑADA, A MÁIS LONXANA: UNHA EXPLICACIÓN Ó ÉXITO MILENARIO DO CAMIÑO XACOBEO

Por: Luís Giadás

Debuxos: Nacho Méndez Baamonde

Múltiples son os factores que axudan a explicar o persistente engado que, dende fai uns mil douscentos anos, vén tendo o Camiño Xacobeo. Permitídemme salientar un dos máis significativos: a Gallaecia romana, a Jalikia musulmana, a Jacobusland viquinga era, na Idade Media, o País do Solpor, o Extremo Occidente ... en fin, o Cabo do Mundo.

En efecto, trala caída de Roma e a implantación dos reinos bárbaros, a Igrexa establecerá un prolongado pulso coas raiceiras pagáns, tanto dos indíxenas romanizados coma dos conquistadores xermánicos, forcexo que ás veces seméllanos perdido de antemán (¡chega con comprobar o caso que aínda hoxe lle facemos a S. Martiño de Dumio cando, no S. VI, denunciaba crenzas tan popularizadas coma as fontes milagreiras ou o mal de ollo, na súa obra " De correctione rusticorum"!) ou, outras veces, cheo de riscos persoais, coma S. Gregorio de Tours e a súa arbitrase nas guerras entre as diversas faccións dentro da monarquía franca.

A estratexia triunfante (e, se cadra, non triunfadora) da Igrexa foi a superposición de cultos: sobre o conxunto litolátrico de Muxía, a Virxe da Barca; sobre a heliolatría ou Ara Solis de Fisterra, o "Cristo da barba dourada"; sobre a hidrolatría das ninfas, Santa Eufemia de Ambía, etc. Máis aínda: a aqueles centros de culto prerromano traen reliquias de santos e mártires, tanto de Roma como de Terra Santa (¡incluso a mediados do XIX compran para a parroquia malpicán de S. Pedro de Barizo a momia de S. Calixto mozo!), e, axiña, acoden doentes, peregrinos e penitentes, ávidos de remediar os males do corpo e da alma, converténdose illadas ermidas, primeiro en aldeas con exvotos e amuletos e, co paso do tempo, en prósperos burgos, onde artesáns e comerciantes medran á conta dos devotos forasteiros.

Víctimas como somos hoxe en día das présas, en perpetua mobilidade espacial (da casa ó traballo, do traballo ó lecer), implacablemente devorados polos homes grises "de "Momo", non relembremos que, na Idade Media, a sociedade era estática : as persoas, dende que nacían, quedaban fixadas ó seu lugar de orixe e ó seu propio estamento ou grupo social, do cal non podía mudar, chegando incluso a maioritaria poboación campesiña a estar vencellada indisolublemente á terra e ós bois cos que sustentaban ós propietarios nobres e eclesiásticos. Neste contexto determinista, a peregrinación resultaba ser unha mobilización dinámica, unha ruptura liberadora... en

suma, unha ampliación física e mental do estreito horizonte vital das xentes daquel tempo.

O Camiño tiña un forte compoñente purificador: nos Países Baixos, emprendían (e aínda emprenden) o sagrado camiño para expiar delictos e pecados (a Xerusalén, expíabase tres veces máis que a Santiago e Roma). Así, San Pedro Damián, cardeal bispo de Ostia, diplomático papal por toda Europa, ardente flaxelador da immoralidade e dos vicios dos cregos (especialmente, no seu tratado " Gomorrhianus"), definía, no S. XI, deste xeito a peregrinación como un " exilio espiritual para a renovación moral do individuo ".

Así, a tumba de San Martiño de Tours, o caritativo militar romano que compartillara a capa co vagabundo/Xesús, congrega moitos fieis, o mesmo que as reliquias da santa pecedora María Magdalena de Vezelay, ou as de San Marcial, o primeiro bispo de Limoges; axeónllanse ante a Virxe Negra de Le Puy ; préganlle pola sanación da vista á Santa Fe, mártir de Agen, en Conques, ricamente engalanada con ofrendas de pedras preciosas; conmóvense coa valentía do bispo San Saturnino (ou Sernin, como din os tolosanos) ou admiran (peregrinos vidos ata de Polonia) a St Guilhem-le-Désert, "Guillermo, o do nariz corvo", o vencedor dos musulmáns, personaxe dos cantares de "gesta", retirado ó convento.

Sí, estes eran santuarios concorridos no Medievo, no corazón da Cristiandade... mais a tumba do Apóstolo (primeiro mártir do Colexio Apostólico, evangelizador de Occidente e protagonista principal dos feitos de Xesús) atopábase trala dobre barreira dos Pirineos e dos Montes de León, beireando perigosamente a "Terra de Ninguén", a estéril fronteira co potente Emirato/Califato de Córdoba, a pouca distancia da Ría de Arousa, vía de entrada dos drakkars viquingos ... a súa búsqueda implicaba o triple de sacrificio en tempo e distancia ou, algo peor, o risco da escravitude ou da morte ... e a peregrinaxe, amigos, éche coma a vida, un camiño, que vai da alba ata o ocaso ... o sol engulido polas augas do Atlántico no Promontorio Nerium (Fisterra) ou no Cabo Xaviña (Muxía), o final da terra coñecida ... O roteiro xacobeo encadeou o culto litolátrico de Muxía (tanto a esnaquizada Barca de Pedra da Virxe -leme, vela ou Pedra dos Cadrís e balsa ou Pedra de Abalar -como a Sala do Perello - xigantesco penedo partido, disque, polo crego, ofendido de que alí "maldivertíanse" mozos e mozas - ou o Asento dos Namorados, as pegadas da Sagrada Familia e mailo asno... recentemente, o Cranio

das Execucións ou Pedra da Xaqueca) coa veneración solar e fertilizadora do Cabo Fisterra (Cama de San Guillelme, Ara Solis, cova da bruxa antropófaga Orcabella), recollendo a lenda da cidade asolagada de Dugium (parroquias de Duyo, entre as praias de Langosteira e Mar do Rostro) e da ponte crebada de Ons, en Negreira (vila encravada no “ Camiño Fisterrá ”) ou da montaña totémica da Terra de Santiago, o Pico Sagro, morada da malvada raíña Lupa.

Santiago, sempre Santiago. O infatigable predicador (ó que lle acirrarán os cans en Valverde de Laxe, polo que a rica vila quedou asolagada baixo a Lagoa de Traba e as almas pecadentas dos blasfemos moradores convertéronse en peixes negros) ou o vingativo masacrador dos mouros (empurrando a estes cara ó mar da malpicana Punta Nariga e detendo a “Lorenzo” - o sol - para contemplar como morrían afogados no Campo da Matanza ... aínda están alí as Pedras Vermellas, a Pedra da Ferradura e o Con do Cabalo para testemuñar a fazaña do Apóstolo).

Á Igrexa interesáballe reforza-la idea da defensa da Fe na cornixa cantábrica, despois da victoria simbólica de Covadonga e ás monarquías navarra e castelán convíñalles que os reis franceses intervisen nas súas cruzadas contra Al Andalus, co engado de vodas de interese ou con recompensas espirituais ou feudos : non en van, no S. VIII, o Beato de San Martiño de Liébana (aínda non era o mosteiro de Santo Toribio), hábil diplomático na Corte de Carlomagno, dedicou ó rei asturiano Mauregato un himno litúrxico, invocando a Santiago como cabeza de España, non en van, no S. XI, Sancho III O Maior, “rex ibericus”, o primeiro monarca unificador dos reinos cristiáns da Península Ibérica (rei de Pamplona, conde de Aragón e conde de Castela),

restablece as perdidas relacións con Roma, reimplantando a alianza entre o Papado e o Imperio. Ademais, a peregrinación consolida a economía monetaria (decaída xunto coa fin do Imperio Romano de Occidente), a repoboación e urbanización do territorio sucesivamente conquistado (vilas-estrada, como Santo Domingo da Calzada, Rabanal del Camino, Villafranca).

En síntese, a principal virtude que acadou o Camiño Xacobeo foi a de saber enfiar - coma se fosen as doas dun rosario - todos estes focos de fe, mudándoos en etapas cheas

de contido, que ían preparando espiritualmente ó camiñante de cara á esplendorosa meta: de Tours partía a Vía Turonensis; de Vezelay, a Lemovicensis, pasando por Limoges; de Puy, a Podensis; e de St Guilhem-le-Desert, a Tolosana, atravesando Toulouse. Ó final do traxecto, o penitente sentíase reconfortado: tódolos Pantocrátors, Tetramorfos, Anciáns da Apocalipse, Apóstolos, Profetas, anxos, demos, benaventurados e condenados que marcaban o roteiro condensábanse harmoniosamente na derradeira marabilla: o Pórtico da Gloria.

Na catedral compostelán existía un proxecto unitario para construíla en corenta e cinco anos (idéntica estrutura que en

San Martiño de Tours e que en San Marcial de Limoges) e, así, a función didáctica que cumprían as tres portadas románicas (non esquezamos que case toda a poboación era analfabeta e que o seu coñecemento da Biblia era, polo tanto, a través de imaxes escultóricas ou pictóricas) abranguía dende a Creación-Tentación-Pecado (Portada do Paraíso, de Adán ou Francixena, hoxe destruída e





substituída pola Portada de Azabacheiría: creación de Adán e Eva, expulsión do Paraíso, sacrificio de Isaac, o rei David invitando coa súa cítara a entrar ós pecadores arrependidos, despoixados das súas vestimentas do Camiño, purificados na inmensa fonte e revestidos con roupaxes brancas, tras un período de mortificación física e espiritual dende o Mércores de Cinza ata o Xoves Santo) ata o Xuízo Final da Apocalipse de San Xoán (Pórtico da Gloria), pasando polo Pórtico do Pentecostés ou de Praterías, é dicir, pola Redención de Cristo (no ó contrario que Adán, supera as tentacións e morre por nós - nun sacrificio aceptado por Deus, non como o de Isaac -, subliñando a condición humana de Xesús, fronte á errada crenza na única natureza divina do fillo de Deus e rebatendo así a herexía que defendía o pecado en exclusiva de Adán e non propio da condición humana). Baixo os arcos que amosan a Paixón de Cristo, o arcebispo Xelmírez presidía xuízos tódolos venres.

O Camiño aproveitaba remotas sendas megalíticas que Roma enlousaría como Vías I, XVII e XXXVII (por

exemplo, Pompaelo ou Pamplona ; Virovesca ; Calagurris ou Calahorra ; Legio Séptima Gemina ou León ; Artúrica ou Astorga), se ben con algunhas modificacións puntuais por poboacións novas, por comodidade do (Santo Domingo de la Calzada ou Puente La Reina) ou por intereses xeopolíticos (o mosteiro de Samos e a frustrada vila real de Triacastela). Os centos de milleiros de peregrinos que avanzaban penosamente, desafiando tanto as inclemencias do tempo como a rapina dos seus conxéneros, levaban encistados nos seus merlos tanto a sentencia de San Pedro Damían, o devandito ideólogo da Reforma Gregoriana ("o Home substituiu ó Anxo Caído na Redención") como o engadido de San Anselmo, bispo de Canterbury ("o Home non substitue ó Anxo Caído : salvarase con el").

Será o propio San Anselmo quen nos resuma a esencia da peregrinaxe, na súa obra : "¿Por qué Deus se fixera Home? Para redimir a condición humana. A vida é unha peregrinaxe, sometendo o corpo a unha serie de penitencias para chegar á redención final".





O CAMIÑO XACOBEO MARÍTIMO DAS ILLAS CASSITÉRIDES

"A RUTA DAS ILLAS MAIORES (IV)

MITOLOXÍA: O MITO DA SANTA COMPAÑA EN ONS (IV)

¿CÓMO SE DEFENDEN DELA OS ILLÁNS"

Por: Celestino Pardellas de Blas

INTRODUCCIÓN

Dúas foron as corredoiras que segúin nesta andaina cultural dende os seus comezos fai seis anos. Unha delas estaba relacionada directamente co Xacobeo, cando o noso particular peregrino, O Candorca, decide facer a ruta Marítima dende a súa verdadeira entrada en Galicia pola desembocadura do Miño navegando, na súa dorna a "Cassitéride" a través das diferentes rías e visitando as Illas maiores que se atopaba na súa singradura. De cada unha delas, contounos algunha curiosidade, lenda, conto,...

Na outra colaboración tentei dar a coñecer o mito da Santa Compañía na Illa de Ons (Illa que se atopa tamén dentro da ruta Xacobeo Marítima). Despois de explicar como a visualizan os illáns, de onde procedía, que anuncia e a que ía a Ons, agora, para rematar con este tema, imos a coñecer os remedios que empregaban os habitantes de Ons para defenderse dela.



PRIMEIRA PARTE: O CAMIÑO XACOBEO MARÍTIMO DAS ILLAS CASSITÉRIDES

A RUTA DAS ILLAS MAIORES. COMEZA O REMONTE DO RÍO ULLA

Despois de rematada a súa visita á illa de Cortegada, o Candorca, dirixiuse ata Carril para alí, ó carón de degustar as súas exquisitas ameixas, face-los arranxos necesarios á súa dorna, "Cassitéride", para a instalación dun pequeno motor foraborda co que poder remonta-lo río Ulla ata Pontecesures. Alí, rematada xa a súa peregrinaxe marítima, fará o resto do camiño ata Compostela a pé, seguindo o Camiño Portugués.

O motor escollido foi o de menor cabalaxe pero co


suficiente como para seguir a súa relaxada e tranquila navegación sen que a corrente do río lle xogue algunha trasnada.

Mentres, en Carril, obtivo a suficiente información sobre a singradura fluvial que ía a percorrer, en especial sobre a derrota a seguir e as súas características e así evitar calquera imprevisto provocado polo seu descoñecemento do río. Tamén recibiu cumprida descrición sobre a historia, etnografía, fauna e flora das dúas marxes do Ulla.

A súa primeira teima foi o visitar os dezasete cruceiros que forman o Viacrucis que se atopa no primeiro treito do río. Xa visitara os dous primeiros que se atopan na Illa Malveira grande e na illa de Cortegada, ó norte, na Punta Corveiro.

Saíu de Carril en lenta navegación para, un a un, visitar tódolos cruceiros deste singular Viacrucis marítimo. Ó chegar ó último, que consiste nun precioso Calvario, parouse a observar as maravillosas vistas que ofrece o río cara á súa desembocadura.

Neste primeiro treito non atopou a ninguén que lle informara sobre a orixe dos dezasete cruceiros polo que non puido escribir, no seu caderno de bitácora, ningunha historia sobre eles, agás o que lle contaran en Carril, conforme foran doados por particulares ou por distintas



C/ Sol, 40 - 42
15402 - FERROL
Tel/Fax: 981 359 171

DECOCUADRO, S.L. "Aproveche durante este mes nuestras ofertas"
COMERCIAL DE BRICOLAGE Y FERRETERIA

Especialistas en:

- Armarios empotrados
- Puertas blindadas
- Puertas de interior
- Muebles a medida
- Encuadernación de cuadros
- Objetos de regalo
- Junquillos, frisos y tarimas

entidades civís e relixiosas; como era o caso do que se atopa na Punta do Patino, que fai o terceiro, que fóra doado polos veciños de Rianxo.

Na súa lenta singradura río arriba e despois dunha sosegada navegación, divisou no monte Mesón (paroquia de San Mamede de Abalo) os antigos Muíños de Vento que, xunto coas Torres do Oeste, son o símbolo histórico

do concello de Catoira.

Achegouse á orela e amarrou a Cassitéride rente ó Muíño de Marea de "O Cura" e colleu camiño co fin de visitar e coñecer estes muíños tan singulares. Atopou a un dos propietarios e este foille explicando o seu funcionamento:

Muíños de Vento de Abalo (Catoira)

No municipio de Catoira atópanse varios muíños de vento, pero entre eles destacaremos o do monte Mesón polo seu bo estado de conservación.

Está situado nunha zona onde recibe ben ós ventos dominantes. É propiedade de D. Benigno Maneiro, aínda que non ten marcas de propiedade como lles pasa a outros muíños próximos. É un dos máis antigos, din que pode datar do 1860.

A torre cilíndrica asenta no terreo, non ten plataforma. A cuberta é a dúas augas con tella do país.



No interior ten unha única planta. O piso, según lle dixeron, é tremuñado, con pedras irregulares.

Os elementos mecánicos son sinxelos, a viga atravesa diametralmente os muros da torre e por medio dos zoquetes o eixo atravesaxa ó exterior. O orientaron NE-SO para recibir os ventos dominantes.




No exterior ten catro vareiros que cruzan o eixo, unidos polos travesos e neles están colocadas as aspas, tamén chamadas abanos. Do eixo á moa o movemento transmítese polos engranes, que están formados pola roda e o piñón. Para que xire a moa, a vara vai enganchada a unha peza de ferro que se chama segorella.

O gran deposítase na moega e cae ó quenlle, para que caiga a modo hai un tarabelo feito de madeira.

Para que o muíño pare, hai unha madeiras que abrazan o eixo horizontalmente e vai reducindo a súa velocidade.



Embarcou de novo e vogando de vagar, chegou ás Torres do Oeste. Alí trincou a súa dorna a unha rocha que lle fixo de norai e intentou recadar información sobre este conxunto arqueolóxico e histórico considerado un dos máis importantes de Galicia:



TORRES DO OESTE

Na Idade Media, a ruta Arousa - Ulla era o obxectivo dos piratas normandos, viquingos do norte de Europa e sarracenos para adentrarse en Galicia. A comezos do século IX, Alfonso III mandou construír o Castellum Honesti para facer fronte a estes intrusos.

O emprazamento elixido foi a poucos metros da desembocadura do río Ulla, na súa parte máis estreita. Durante moitos séculos esta fortaleza foi quen de conter as incursións que se internaban co fin de chegar a Santiago de Compostela.

Na actualidade só se conservan dúas das sete torres das que estaba composta esta fortaleza. Estas dúas torres pertencen o século IX, tamén desta mesma etapa é a Cruz da Victoria atopada nas ruínas.

No século XI, Alfonso V reconstruíu este castelo. A principios do XIII a monarquía as cedeu á Mitra Compostelán e a partires do XVI perden o seu valor estratéxico e comeza o seu abandono.

Este abandono chegaría ata os anos 40 (1945) no que empezan a reforzar as ruínas existentes e a restauración da capela. Aínda así no ano 1719 estas torres xogan un importante papel:

" España acababa de conquistar as Illas de Cerdeña e Sicilia, no 1717 e 1718. Ademais apoiaba a Jacobo III nas súas aspiracións para alcanzar o trono de Inglaterra. Este refuxiouse en Galicia durante un tempo, o que provocou a inmediata resposta dos ingleses cunha expedición de castigo contra as nosas costas.

O 8 de outubro de 1719, tomaban Vigo e despois Pontevedra, a seguinte meta sería Santiago. Co fin de facerlles fronte, o marqués de Riscbourg, gobernador de Galicia, percorre o Ulla na procura dun lugar para frealos e pensou que o mellor sitio era o mesmo que antigamente se empregara, as Torres de Catoira.

Ata alí desprazou as súas tropas para preparalas, pero por mor do acoso que os ingleses tiveron das guerrillas en Vigo e Tui, estes decidiron abandonar Galicia en novembro e as Torres non tiveron que ser testemuña doutra aventura bélica."

Rematada a súa estancia en Catoira e despois de pasar todo ó seu Caderno, puxo rumbo cara ó derradeiro treito da súa singradura rodeado dunha paraxe natural única composta dunha vexetación e fauna moi especial.

PARAXE NATURAL DO ULLA ENTRE CATOIRA E PONTECESURES


Dende o seu comezo en Carril foi coñecendo unha grande variedade de comunidades vexetais adaptadas ós distintos graos de salinidade. Nos lugares onde a salinidade é máis acusada xorden a *Spartina marítima*, *salicornias* e xuncos. Augas arriba desenrólanse os carrizais de *Phragmites*, considerados os máis extensos e representativos de Galicia.

Bordeando este carrizal hai un interesantísimo bosque de salgueiros (*Salix atrocinerea*), freixos (*Fraxinus angustifolia*), amieiros (*Alnus glutinosa*), carballos (*Quercus robur* e *pyrenaica*) e estripeiros (*Crataegus monogyna*).

Con respecto á fauna atopou, ó carón de peixes como o Salmón (*Salmo salar*), Troita, Escalo, ..., e Lamprea (*Petromyzon marinus*), aves como o Rascón de Auga (*Rallus aquaticus*), Galiña de Río (*Gallinula chloropus*), a invernante Becasina Cabra (*Gallinago gallinago*) e aves de rapiña como o Lagarteiro Peneireiro (*Falco tinnunculus*).

Entre os mamíferos destacar o Tourón (*Mustela putorius*) e a londra (*Lutra lutra*).

Xa por último dicir que a corrente do río acumula e deposita ó final deste, xa na ría, formando o fenómeno coñecido como "Lombos do Ulla".



Despois desta especial singradura por esta corredor natural, o Candorca chegou a Pontecesures, onde, amarradas a Cassitéride comezou a súa andaina cara a Compostela seguindo o Camiño Portugués.

BAR LONXA

PORTONOVO

ESPECIALIDAD
*ALBARIÑO *PESCADITOS *MARISCOS

EL PUERTO - CÓMODA TERRAZA
Teléf.: 986 724 333

SEGUNDA PARTE: O MITO DA SANTA COMPAÑIA EN ONS (IV) ¿CÓMO SE DEFENDEN DELA OS ILLÁNS?

Nas miñas peregrinacións marítimas a parada en Ons era inevitable. escoitar e coñece-la cultura popular desta comunidade era imprescindible se un quere entrar na Galicia profunda dos mitos e lendas.

Ó longo de anteriores entregas tentei de explicar as peculiaridades que o mito da Santa Compañía ten na Illa de Ons en diferenza con outras partes de Galicia, polo que agora como colofón ó xa tocado anteriormente de como a visualizan os illáns, de donde procedía, que anuncia e a que ía a Ons, imos a coñecer os remedios que utilizaban os veciños de Ons para defenderse dela.

HERBAS DO SAN XOÁN

Un dos remedios máis empregados era colgar na casa, principalmente na porta de entrada pola banda que mira cara dentro, o ramo, xa seco, das herbas do San Xoán. Era un dos xeitos de evitar que os compoñentes de Compañía pararan diante da casa e con elo evitar as temerosas visitas:

"Hai que escoller ben as flores, non pode faltar ningunha. Despois as poñemos no caldeiro con agua, collida principalmente na fonte do Caño, e as deixamos ó serán toda a noite. Pola mañá nos lavamos con esa auga todos os da casa. Despois mollamos as paredes, portas e ventás e deixamos unha pouca para mesturar uns allos coas plantas. Deixámolo no cubo todo o día e logo as sacamos e facemos un ramallete con elas, se son moitas facemos dous ou tres para darlle as fillos ou por se os necesitamos para outros remedios.

Logo o poñiamos a secar dentro da casa, na cociña, e cando estean ben secos e cando os poñemos na porta. A Compañía arrepiá ó velo ou ó cheiralo e non para na nosa casa."

CINZADO DO PAO DE NOITEBOA

Tamén empregaban a cinza do pao de Noiteboa, pois parece que tiña as mesmas propiedades que as herbas secas:

"O Pao de Noiteboa deixase a arder toda a noite, pola mañá se collen as cinzas e se meten en pequenos saquiños que facían as nosas nais para elo. Despois empregábanse para refragar as dornas despois de varealas cando non pescaban e tamén para espanta-la Compañía, pois así os espíritos bos te defenden, porque te acordaras deles na Noiteboa."

O ESPÍRITO DALGÚN FAMILIAR

Outro xeito de salvarse do perigo que podía supoñer atoparse coa Compañía, era que na comitiva fora algún familiar teu o persoa que te quixera ben en vida, esa persoa podía interceder por ti:

"Se a Compañía te mira, estas perdiño. Algúns salvaron porque na Compañía ía algún familiar seu. Así salvou o meu tío, que mirouna cando viña do mar pola Entenza. Ó mirala agachouse na casa do Antonio. Estaba o pobriño morto de medo

cando dende o camiño chaman por el < non te asustes Manolo que os que viñan xa marcharon >. Era o seu primo. Cando chegou a casa contoullo á súa nai, e ela toda asustada lle dixo: < é imposible Manolo, o teu curmán morreu pola mañá cedo cando ti estabas no mar >. Foi cando se deron conta que ía na Compañía e salvouno dela."

O QUE LEVA A FACHA

Na Compañía vai sempre un vivo que é o que leva a Facha, que consiste nunha cruz feita con silva machas. A Compañía que visita Ons, como xa explicamos, non vive na Illa, ven da parroquia de Noalla, e parece que ese home vivo que tódalas noites ía na comitiva, avisaba ós illáns dos perigos:

"Moita xente da Illa que a vira ou xa tiña algunha visita, ía a Noalla a falar con el. Un día que avisou a familia de Fentos, pero estes non lle fixeron caso e pagárono ben. El lles dixo que tiñan que ir a unha muller desas e que ela lles fixera un remedio, non foron e así lles foi.

O peor foi que despois dun tempo, logrou meterlle a Facha a un can e deixou de ir na Compañía".

Teñen moitas formas mais de defenderse da Compañía, pero entran xa nas empregadas en toda Galicia como o uso das cruces, levar allos nos petos, facer círculos no chan,..., aínda que é curiosa o costume de:

"Coller area da praia de Melide e mesturala con bochos (algas con forma de boliñas), allos machucados e sal. Despois esa mestura hai que ir a bendicila á igrexa ou deixala dentro un día. Feito todo isto se bota no lugar onde a miramos, sobre todo se portaban un cadaleito e o deixaron diante da casa".

Remato aquí esta reseña sobre a Santa Compañía da Illa de Ons. Moitas son as historias recompiladas pero quizais algún día miran a luz xa que esta parte da nosa cultura esmorece a pasos de xigante.

